INSTITUTO DE BACHARELATO

*ARCEBISPO XELMÍREZ-II*

SANTIAGO DE COMPOSTELA

# DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

---

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
## CURSO 2021 / 2022

---

Santiago, 1 de outubro de 2021

O contido desta programación está previsto para unha situación social e docente máis ou menos normal desde o punto de vista sanitario.

Se, como consecuencia da pandemia da Covid-19, houbese que alterar de forma notoria a presenza nas aulas de alumnado e/ou profesorado, a docencia e/ou as avaliacións, entón haberá que aterse ás ADAPTACIÓNS que se especifican, para diferentes escenarios, ao final desta programación estándar (páxinas 174 ss., con índice propio).

## ÍNDICE

**Páx.**


5 - Membros do departamento
5 - Materias que imparten os membros do departamento
5 - Introdución, marco legal e características xerais da presente Programación
9 - Contextualización da Programación didáctica:
. Contexto socio-económico e cultural do Centro. Instalacións
. Alumnado e profesorado. Cadro de grupos, materias, profesorado e horas
16 - Vinculación entre os currículos da LOMCE, o Proxecto Curricular de Centro e a presente Programación
16 - Contribución das materias ao desenvolvemento das competencias clave


## ENSINANZA SECUNDARIA OBRIGATORIA


19 - Obxectivos xerais na ESO
Desenvolvemento dos currículos:

PRIMEIRO CURSO DE ESO
19 - Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave, libros de lectura

SEGUNDO CURSO DE ESO
31 - Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave, libros de lectura

TERCEIRO CURSO DE ESO
42 - Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave, libros de lectura.

CUARTO CURSO DE ESO
52 - Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave, libros de lectura

65 - Temporalización nos catro cursos da ESO
68 - Grao mínimo de consecución para superar a materia
70 - Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado na ESO


## BACHARELATO


73 - Obxectivos
74 - Desenvolvemento dos currículos

PRIMEIRO DE BACHARELATO
75 - Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave, libros de lectura

SEGUNDO DE BACHARELATO
84 - Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave, libros de lectura
94 - Unidades didácticas producidas polo departamento
96 - Temporalización nos dous cursos de bacharelato
99 - Grao mínimo de consecución para superar a materia
100 - Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado de Bacharelato

## Aspectos comúns a todos os cursos de Lingua Galega e Literatura desta Programación

104 - Procedementos e instrumentos de avaliación
105 - Concrecións metodolóxicas que require esta materia
107 - Materiais e recursos didácticos. Libros de texto para cada curso de ESO e bacharelato
108 - Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente
110 - **Alumnado pendente**. Materias pendentes: seguimento, recuperación e avaliación destas materias en ESO e en Bacharelato
111 - Avaliación inicial e medidas subseguintes
111 - Medidas de atención á diversidade
114 - Programación de temas transversais e Educación en valores
115 - Fomento da igualdade
116 - Síntese da Programación didáctica de Lingua Galega e Literatura. Curso 2021 / 2022

## INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN (INTI). 1º de ESO

117 - Introdución e desenvolvemento do currículo (Decreto 86 / 2015)
119 - Criterios de avaliacións, de cualificación e de promoción
121 - Instrumentos de avaliación. Metodoloxía. Recursos

## LINGUA PORTUGUESA (2ª Lingua estranxeira). 1º, 2º e 3º de ESO e 1º de bacharelato

123 - Introdución e contextualización.
124 - Concreción dos obxectivos e desenvolvemento dos currículos

LINGUA PORTUGUESA. 1º, 2º E 3º DE ESO

125 - Obxectivos específicos desta materia na ESO
126 - Desenvolvemento dos currículos: obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe, competencias clave e criteriuos de avaliación.
146 - Unidades didácticas producidas polo departamento
147 - Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción
151 - Concrecións metodolóxicas.

LINGUA PORTUGUESA. 1º DE BACHARELATO

152 - Desenvolvemento dos currículos: obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe, competencias clave e criteriuos de avaliación.
160 - Unidades didácticas producidas polo departamento
161 - Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción
163 - Concrecións metodolóxicas
164 - Materiais e recursos didácticos

## O Proxecto Integrado de Linguas

165 - Criterios metodolóxicos básicos. Acordos sobre terminoloxía. Evitar a repetición de contidos. Comparativa de linguas.

## Outros aspectos relativos a todas as materias impartidas por este Departamento

168 - Copia nas probas e exames
172 - Actividades complementarias e extraescolares

## Procedementos para avaliar a presente Programación

173 - Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das presentes programacións didácticas.

**174 - ADAPTACIÓNS desta programación para o caso de alteracións na docencia presencial por causa da Covid-19**

## MEMBROS DO DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA

CURSO 2021/2022:

CARLOS ÁLVAREZ LEBREDO

MANUEL AMOR COUTO

PAULINO VÁZQUEZ VÁZQUEZ

XAIME VARELA SIEIRO

XOSÉ RAMÓN FERNÁNDEZ VÁZQUEZ

CRISTINA LÓPEZ GRAÇA

## MATERIAS QUE IMPARTEN OS MEMBROS DO DEPARTAMENTO

- ESO:

  . Lingua Galega e Literatura de 1º, 2º, 3º e 4º cursos.

  . Lingua Portuguesa (2ª lingua estranxeira) en 1º, 2º e 3º cursos.

  . Investigacióne Tratamento da Información (INTI)

- Bacharelato:

  . Lingua Galega e Literatura de 1º e 2º cursos.

  . Lingua Portuguesa (2ª lingua estranxeira) en 1º de bacharelato.

---

## INTRODUCIÓN

A Programación Didáctica do Departamento de Lingua Galega e Literatura do IES XELMÍREZ II de Santiago de Compostela está elaborada a partir da normativa legal, que establece os obxectivos e os contidos de etapa canda os outros aspectos fundamentais do Currículo: criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e desenvolvemento das competencias clave. A presente Programación faise de acordo coa preceptiva que desenvolve a LOMCE e que está plenamente vixente para os catro cursos da ESO e para os dous de bacharelato.

### Marco legal

En concreto, a normativa aplicable é:

- Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria. (Naqueles aspectos non derrogados por unha normativa de rango superior ou datada posteriormente).

- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

- Lei orgánica 8 / 2013, do 9 de decembro, para a mellora da Calidade Educativa (LOMCE).

- Decreto 86 / 2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículum da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Ordes de 15 de xullo de 2015 e de 13 de xullo de 2016, que establecen a relación de materias de libre configuración autonómica e elección para os centros.

- Resolución do 20 de xullo de 2017 (DOG do 8 de agosto) da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan as instrucións para o desenvolvemento, no curso 2017/2018, do currículo de ESO e bacharelato.

- Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/2022. (DOG 30 de xuño).

- Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensinanza nos universitarios de Galicia para o curso 2021-2022 aprobado no Comité Clínico de 6 de xullo de 2021.

- Nun plano máis interno, pero non menos importante, esta Programación contempla e respecta o prescrito en dous documentos básicos: o Plan de Convivencia do Centro e as Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (NOFC).

Por outro lado, nesta materia concreta de Lingua galega e Literatura merece especial atención a lexislación vixente sobre as linguas, porque constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade.

O artigo 3 da Constitución Española establece, no seu punto 1º, que o castelán é a lingua oficial do Estado, e, no punto 2º, que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos, e sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección. Á súa vez, o Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos. Así mesmo, establece que os poderes públicos de Galicia potenciarán o uso do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

A Lei 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización lingüística, de conformidade coas disposicións precedentes, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e posibilita a incorporación da lingua galega á Administración, ao ensino e aos medios de comunicación públicos, favorecendo un cambio de tendencia na súa consideración social e na incorporación do idioma a novas esferas da vida social. O artigo 14 desta lei indica que ao final do ensino obrigatorio garantirase a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais. Nesta mesma liña, e desde unha perspectiva máis global, tamén se pronuncian a Carta Europea de linguas rexionais e minoritarias de 1992, ratificada polo goberno do Estado español en 2001, e o Plan xeral de Normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro de 2004.

O marco legal aludido tamén sinala que para conseguir eses fins é necesario profundar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no referente ao ensino, sen dúbida un sector fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos en galego, e establecer unha nova regulación do galego que facilite o seu uso en todos os niveis e graos non universitarios. Neste sentido, é necesario reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos, facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que lle axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, erradicando especialmente a súa utilización sexista en todos os ámbitos e respectando, así mesmo, a situación sociolingüística na que se enmarca cada centro.

Considérase ademais que a realidade social europea na que vivimos, en tanto contexto de globalización e de mobilidade laboral, sitúanos nun espazo internacional de plurilingüismo, e esta nova realidade esixe un marco educativo que atenda esta necesidade social, posibilitando a capacitación efectiva do alumnado nas dúas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras, seguindo para iso o marco delimitado polas varias leis orgánicas de educación aprobadas nos últimos anos.

A mobilidade do estudantado e do profesorado que caracteriza a nosa sociedade non debe constituír un obstáculo para alcanzar os obxectivos descritos, senón que debe ser compatible co mantemento da singularidade cultural de Galicia e da lingua propia no ensino.

## Características xerais da presente programación didáctica

A presente Programación Didáctica de Lingua galega e literatura oriéntase tanto á aprendizaxe instrumental do idioma como á comprensión da realidade lingüística de Galicia,

co obxecto de desenvolver nos escolares, ademais do uso correcto, unha actitude de aprecio e sensibilidade cara á lingua galega e a súa aceptación social.

Consideramos que é conveniente asumir a bagaxe lingüística do alumnado como punto de partida desde o que suxerir e achegar modelos didácticos que amplíen as súas capacidades de comunicación. Este punto de partida non é alleo á análise e á comprensión do medio sociolingüístico do alumnado nin aos factores (socioeconómicos, culturais, etc.) que interveñen nel. Polo tanto, consideramos que debe favorecer o uso funcional da lingua como instrumento de comunicación e de representación, pero tamén a conciencia crítica sobre a situación das linguas en Galicia e a súa permanencia histórica. Agora ben, o fomento do uso (procedementos) e do aprezo (actitudes) deberá constatarse, obxectivamente, na práctica e nos coñecementos teóricos de alumnos e alumnas.

En consecuencia, a aprendizaxe de Lingua galega e literatura, a través da presente Programación Didáctica, estará orientada a un triplo obxectivo: o progreso do alumnado no dominio das destrezas instrumentais (escoitar, falar, ler e escribir) e dos coñecementos teóricos, o coñecemento histórico e a comprensión crítica da evolución e da realidade actual da lingua e, asemade, o coñecemento da literatura galega (etapas, autores e obras), como manifestación dunha cultura diferenciada e como referente para as súas propias producións.

Consideramos que todas as áreas lingüísticas que buscan o desenvolvemento e a mellora da capacidade de comprensión e expresión deben participar dun marco de referencia común e duns criterios didácticos coherentes, respectando a especificidad de cada unha delas. Por ese motivo, recoméndase a súa coordinación inter-departamental e intra-departamental, moi especialmente co Deptartamento de Lingua castelá e literatura.

A formación lingüística ten un carácter continuo ao longo das diversas etapas educativas que se imparten no Centro (ESO e Bacharelato) e non existen tanto diferenzas de contidos, canto diferenzas na intensidade coa que se traballan. A pesar desa dificultade, derivada do carácter progresivo na aprendizaxe dunha lingua (que foi descrito coa metáfora da espiral), na presente Programación Didáctica preséntanse os contidos separados para cada curso, aínda que na práctica destrezas e coñecementos comparezan conxuntamente.

Consideramos importante que a aprendizaxe da lingua oral e da lingua escrita se efectúen en estreita relación, xa que se apoian mutuamente, e as deficiencias na primeira (mala entoación, pobreza léxica, incoherencia, etc.) aparecen reflectidas na segunda. Así pois, o traballo basearase en actividades interdependentes e complementarias relacionadas coa comprensión e a expresión de enunciados orais e a comprensión e a produción de textos escritos.

O coñecemento do funcionamento da lingua, como base para o uso práctico, parece a fórmula máis adecuada para conseguir a competencia comunicativa oral e escrita do alumnado, que deberá incluír os inevitables aspectos teóricos. Consideramos importante, para mellorar o uso oral e escrito, a adquisición do léxico patrimonial, para o que se inclúen campos léxicos aglutinados ao redor de diferentes eixos temáticos.

A incorporación ao estudo da materia do importante papel que os medios de comunicación teñen na sociedade actual achega novas técnicas de traballo (procura de información en redes informáticas, uso dos correctores ortográficos, etc.) que se suman ás estratexias tradicionais (uso dos dicionarios, bibliotecas, etc.). E, nesa aprendizaxe multifuncional da lingua, ten un papel de relevancia a dimensión estética que representa a literatura. O camiño máis adecuado para achegarse a ela é a lectura, como fonte de pracer e de formación, a partir de textos que resulten de interese para alumnas e alumnos.

Todas as materias das etapas que se imparten no IES Xelmírez II necesitan da linguaxe, tanto para ser transmitidas como para seren adquiridas. En consecuencia, consideramos que desenvolver as capacidades lingüísticas, e os obxectivos desta materia, non debe ser responsabilidade exclusiva do profesorado de Lingua galega e literatura, senón preocupación compartida por todo o equipo educativo.

## CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

### Contexto socio-económico e cultural do centro

O I.E.S. "ARCEBISPO XELMÍREZ II" está situado na zona norte de Santiago de Compostela. Esta zona comprende os barrios de Vista Alegre, Vite, Guadalupe, A Almáciga, San Caetano e Salgueiriños. O centro escolar está situado dentro do triángulo delimitado por Vite, San Caetano e Salgueiriños. Esta zona foi construíndose a partir da década de 1970. Nela proxectáronse en principio vivendas sociais nas que confluíron familias de moi distinta procedencia e con pouco arraigo na cidade á que se trasladan por razóns laborais desde parroquias limítrofes procurando unha calidade de vida digna. A poboación deste barrio igual có de San Caetano e o da Almáciga está formada por familias traballadoras, cun nivel de ingresos modesto-medio, e na que tamén se asentaron algunhas familias xitanas que, en xeral, velan en menor medida polo éxito escolar dos seus fillos e fillas. Na última década na zona de Salgueiriños edificáronse novas vivendas ocupadas por familias de mediana idade e que podemos considerar de clase media. Por razóns demográficas, desta zona procede un número

estimable de alumnado do IES. Por contra, a poboación daquelas primeiras vivendas de Vista Alegre, Vite e San Caetano é unha poboación hoxe avellentada. Por iso, nos anos que van desde o incio século XXI, o IES A. Xelmírez-II recibe menos alumnado procedente destas zonas.

Unha achega importante do alumnado, especialmente a partir de 1º de bacharelato, provén do núcleo de Sigüeiro e as súas conurbanizacións.

O nivel de instrución dos adultos é mediano. Nun estudo feito polo propio centro escolar no curso 1998-1999 daba como resultado unha porcentaxe de analfabetismo funcional feminino dun 11% e unha porcentaxe de analfabetismo total dun 3%. Hoxe en día este nivel está moi mellorado pois trátase xa case da seguinte xeración. A poboación traballadora desenvolve a súa ocupación laboral en traballos de baixa e media cualificación. Os homes no sector secundario e servizos, e as mulleres repártense entre as que se dedican aos traballos no propio fogar e, fóra del, ao sector servizos de pequenos comercios. Na última década obsérvase unha maior e mellor cualificación no emprego de pais e nais do alumnado, especialmente administración e servizos. A poboación xitana traballa na venda ambulante. O ocio familiar repártese entre a televisión e outros dispositivos electrónicos, facer visitas familiares nas fins de semana aos lugares de orixe, pequenas viaxes e a visita a grandes centros comerciais da cidade.

**Instalacións**

No ano 1985 inaugurouse o Instituto de Bacharelato "Arcebispo Xelmírez II". Herdaba o nome do antigo Instituto Xelmírez ao pasar este a ser a sé da Xunta de Galicia. O "A. Xelmírez II" construíuse en oitenta e sete días o que fixo que se empezasen as clases sufrindo as deficiencias da construción e carencia de medios. Despois de varias ampliacións e reformas o centro ten as características seguintes:

- Superficie xeral: 6.800 m²
- Conserxería, oficina administrativa e catro despachos de dirección
- Sala de profesorado
- Sala de visitas
- Cafetería
- Dotacións específicas: Aula de vídeo, Aula-taller de Tecnoloxía, Aulla de Música, dúas aulas de Informática e Aula-Espazo Maker
- Dúas aulas para Pedagoxía Terapéutica
- Aula de PDC

- 23 aulas estándar dotadas de vídeo e canón proxector
- 18 aulas dotadas de taboleiros dixital
- 2 aulas de Debuxo e Plástica e una aula de Debuxo artístico
- Aula de Inglés
- Aula de usos múltiples
- 4 laboratorios científicos
- Biblioteca, reubicada e ampliada desde o curso 2019-2020
- Aula-Departamento de Francés
- Aula de Convivencia
- 11 Departamentos para o profesorado
- 2 pistas polideportivas descubertas e un polideportivo cuberto
- Vestiarios e almacén de material deportivo
- Aseos na planta baixa e nas dúas plantas superiores
- Un aseo adaptado a alumnado con discapacidade física e mobilidade limitada
- Almacéns e salas de subministros técnicos
- Xardín arborado e parquin exterior.

(As normas sanitarias de distanciamento físico entre o alumnado dentro das aulas obriga no curso 2021-2022 a anular algún destes espazos para reconvertelos en aulas necesarias para os desdobres: Aula de Vídeo, Biblioteca e Espazo Maker).

Este centro, que nos primeiros anos da súa existencia podía considerarse un dos núcleos dinamizadores do barrio de Vite, ten hoxe unha incidencia menor na vida dun barrio máis dinámico e máis integrado na vida da cidade. Aínda así, as instalacións deportivas do instituto dan servizo polas tardes a un número importante de practicantes de varias actividades deportivas.

**Alumnado**

O noso alumnado ten como característica común pertencer a núcleos familiares de clase media e media-baixa; non obstante é heteroxéneo en canto a súa procedencia:

- a) Nunha gran parte procede da área norte de Santiago (A Sionlla, Enfesta, Marantes, Oroso, Trazo), pertencendo a núcleos familiares que teñen a agricultura e a gandería xa como base de subsistencia xa como complemento a outras actividades laborais. Dentro deles hai un número importante de alumnos que residen na vila de Sigüeiro. Por razóns de recente adscrición tamén se incorpora a 1º de bacharelato alumnado procedente do Val do Dubra.

- b) Tamén temos alumnado procedente dos barrios urbanos periféricos da cidade (Vista Alegre, Vite, Basquiños, San Caetano, Salgueiriños) que pertencen a familias de clase media-baixa nas que traballan os dous proxenitores.

- c) Hai unha pequena parte de alumnado procedente doutros países que viven con familiares chegados nos últimos anos á cidade; obsérvase unha fácil integración deste alumnado

- d) Tamén está incorporado ao centro un grupo de rapaces e rapazas de etnia xitana. Nuns casos proveñen de familias xa instaladas e empadroadas en Santiago nos arredores do instituto desde hai tempo, e noutros casos achéganse desde domicilios bastante distantes do centro.

Estes diferentes alumnos e alumnas, xa sexa de forma consciente ou inconsciente, tenden a cohesionarse como grupo. A idea de pertencer a un grupo aporta forza a cada membro e sérvelle de apoio fronte aos demais. Mais o noso sistema educativo non considera esas particularidades. Nós partimos dun programa único e dirixímonos á clase como se fose unha unidade que ten que estar en silencio, ser disciplinado, prestar atención e aproveitar o tempo. Mais nesa clase hai suxeitos individuais que pertencen aos grupos sinalados e non ven a clase como o seu lugar de pertenza. Esta é unha das razóns das condutas disruptivas que se observan nas aulas dos primeiros cursos.

O alumnado que se integra en 1º da ESO procede dos centros adscritos a este centro: CEIPs de *Vite, A. Casas Novoa*, *Apóstol Santiago, López Ferreiro* e *Monte dos Postes*. Tamén están adscritos os CPIs de Trazo e Viaño Pequeno (Bembibre) e o IES de Oroso, que envían alumnado a bacharelato.

Aínda que non se pode facer unha valoración xeral das súas competencias, nos dous primeiros cursos da ESO é onde máis se acusa unha problemática que dificulta a aprendizaxe e a consecución dos obxectivos escolares. Para aproximadamente un 20 % deste alumnado pódese resumir en:

- Un nivel de competencia curricular baixo nalgúns casos cun desfase de dous e mesmo tres cursos.

- Escasa motivación de cara ao estudo e as vantaxes da adquisición de coñecementos.

- Falta de hábitos de traballo propio na casa.

- Problemas de actitude na clase con dificultade en varios casos para "saber estar".

- Existencia dun número elevado de abandono escolar sobre todo nestes dous primeiros cursos da ESO.

- Existencia, nalgúns casos, dunha problemática familiar concreta que interfire negativamente no proceso de ensino-aprendizaxe.

O alumnado de bacharelato está formado polos propios estudantes do centro que remataron a ESO, por alumnado que procede do I.E.S. de Oroso, Sigüeiro (onde cursaron os catro cursos de ESO), e por alumnado doutros centros de ensino privados ou concertados. Neste grupo a actitude de cara á aprendizaxe é completamente distinta xa que se trata de alumnos e alumnas que escolleron voluntariamente, na maioría dos casos, seguir estudando.

As familias de procedencia do alumnado escolarizado neste centro participan na vida escolar sobre todo a través da ANPA. Nos últimos anos está sendo moi activa e participactiva sobre todo na creación e mantemento dun banco de libros de texto e o seu reparto entre o alumnado.

A través dun cuestionario de diagnóstico feito recentemente ao alumnado de 3º de ESO puidemos comprobar como a metade dos proxenitores só posúen estudos primarios; case a outra metade acadaron os secundarios e uns poucos fixeron estudos superiores. Nunha minoría de casos, nestas familias aínda teñen unha consideración sobre a educación e a cultura que non favorece a motivación dos seus fillos e fillas de cara aos seus estudos.

A relación das familias co centro escolar é en xeral fluída, desde a inicial visita ao centro ao intercambio de información co profesorado que exerce as titorías de curso ao longo do ano. En termos xerais o profesorado-titor intenta transmitirlles aos pais e nais a necesidade de observar estas pautas no seo familiar:

- Observancia de normas de comportamento e control na casa.
- Non caer na excesiva permisividade.
- Marcar pautas de traballo en relación aos estudos.
- Non delegar a responsabilidade educativa exclusivamente no centro.
- Confiar e colaborar coa dirección e co profesorado do instituto ante a formulación dos problemas presentados polos seus fillos ou fillas.

No presente curso 2021/ 20221 o centro experimentou un novo incremento de alumnado que obrigou a ampliar os grupos nalgúns cursos. Isto é positivo na medida en que reflicte un aumento do prestixio do centro aínda que ten como lado negativo a ocupación absoluta de todas as aulas e estancias para atender esta docencia. Ademais, a situación sanitaria da Covid-19 obrigou este curso a reconverter en aulas docentes normais varias das aulas de docencia específica. No momento de redactar esta Programación o número de alumnos matriculados é e 597: algo máis de 350 na ESO e  máis de 240 en bacharelato.

**Profesorado**

O profesorado está composto por 50 persoas; o número resulta insuficiente para atender debidamente a docencia, as gardas, a dobre quenda de recreos e a observancia das normas anti-covid19.  O profesorado está organizado nos distintos departamentos didácticos e, dependendo do departamento de orientación, hai dúas profesoras de pedagoxía terapéutica. Nalgúns cursos tense disposto dunha profesora de apoio ao alumnado xitano a tempo parcial. O profesorado é bastante homoxéneo, unha vez que se foron xubilando a maioría dos que cumprían sesenta anos (ou máis). Xa non queda en activo ningún docente procedente dos antigos centros de primaria. Un profesor permanece no instituto desde o primeiro día (outubro de 1985), outro desde o curso seguinte e o resto do profesorado foise incorporando nos últimos anos.

No presente curso 2021 / 2022 o profesor Manuel Amor Couto dedica 3 horas á docencia no departamento de inglés.

**CADRO DE GRUPOS, MATERIAS, PROFESORADO E HORAS SEMANAIS. 2021-2022**

| CURSO E GRUPO | MATERIA | PROFESOR/A | H.S. |
|---|---|---|---|
| 1º ESO - A | Lingua Galega e Literatura | Carlos Á. Lebredo | 4 |
| 1º ESO - B | Lingua Galega e Literatura | Paulino Vázquez | 4 |
| 1º ESO - Desdobre A-B | Lingua Galega e Literatura | Cristina López | 4 |
| 1º ESO - C | Lingua Galega e Literatura | Cristina López | 4 |
| 1º ESO - D | Lingua Galega e Literatura | Paulino Vázquez | 4 |
| 1º ESO - Desdobre C-D | Lingua Galega e Literatura | Paulino Vázquez | 4 |
| 1º ESO - A-B | **Ling. Portuguesa (2ª L. Estr.)** | Cristina López | 2 |
| 1º ESO A-B-C-D | **IN.T.I.** | Mauel Amor | 4 |
| 1º ESO - A | **Reforzo de Linguas** | Paulino Vázquez | 2 |
| 1º ESO - B-C | **Reforzo de Linguas** | Xaime Varela | 4 |
| 1º ESO - D | **Reforzo de Linguas** | Manuel Amor | 2 |
| 1º ESO - A | **Inglés** | Manuel Amor | 3 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 2º ESO - A | Lingua Galega e Literatura | Xaime Varela | 3 |
| 2º ESO - B | Lingua Galega e Literatura | Manuel Amor | 3 |
| 2º ESO - Desdobre A-B | Lingua Galega e Literatura | Xaime Varela | 3 |
| 2º ESO - C | Lingua Galega e Literatura | Manuel Amor | 3 |
| 2º ESO - Desdobre B-C | Lingua Galega e Literatura | Manuel Amor | 3 |
| 2º ESO - A | **Ling. Portuguesa (2ª L. Estr.)** | Cristina López | 2 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 3º ESO - A | Lingua Galega e Literatura | X. Ramón Fernández | 3 |
| 3º ESO - B | Lingua Galega e Literatura | X. Ramón Fernández | 3 |
| 3º ESO - C | Lingua Galega e Literatura | X. Ramón Fernández | 3 |
| 3º ESO - A-B | **Ling. Portuguesa (2ª L. Estr.)** | Cristina López | 2 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 4º ESO - A | Lingua Galega e Literatura | Xosé Ramón Fernández | 3 |
| 4º ESO - B | Lingua Galega e Literatura | Paulino Vázquez | 3 |
| 4º ESO - C | Lingua Galega e Literatura | Paulino Vázquez | 3 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 1º BACH. - A | Lingua Galega e Literatura | Xaime Varela | 3 |
| 1º BACH. - B | Lingua Galega e Literatura | Xosé Ramón Fernández | 3 |
| 1º BACH. - C | Lingua Galega e Literatura | Xosé Ramón Fernández | 3 |
| 1º BACH. - D | Lingua Galega e Literatura | Xaime Varela | 3 |
| 1º BACH. - A- D | **Ling. Portuguesa (2ª L. Estr.)** | Cristina López | 2 |
| 1º BACH. - B-C | **Ling. Portuguesa (2ª L. Estr.)** | Cristina López | 2 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 2º BACH. - A | Lingua Galega e Literatura | Carlos Á. Lebredo | 3 |
| 2º BACH. - B | Lingua Galega e Literatura | Carlos Á. Lebredo | 3 |
| 2º BACH. - C | Lingua Galega e Literatura | Carlos Á. Lebredo | 3 |
| 2º BACH. - D | Lingua Galega e Literatura | Carlos Á. Lebredo | 3 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| CARLOS ÁLVAREZ LEBREDO | 5 grupos | 16 horas | /// | Lingua Galega e Lit. | 81 h. |
| MANUEL AMOR COUTO | 9 grupos | 18 horas | /// | Língua Portuguesa | 10 h. |
| PAULINO VÁZQUEZ VÁZQUEZ | 6 grupos | 20 horas | /// | Reforzo de linguas | 8 h. |
| XAIME VARELA SIEIRO | 6 grupos | 16 horas | /// | IN.T.I. | 4 h. |
| X. RAMÓN FERNÁNDEZ VÁZQ. | 6 grupos | 18 horas | /// | Inglés | 3 h. |
| CRISTINA LÓPEZ GRAÇA | 7 grupos | 18 horas | /// | Xef.. Dto. + E.D.L. | 5 h. |
| Docencia = | **39 grupos** | **106 horas** | /// | **TOTAL** | **111 h.** |

## VINCULACIÓN ENTRE OS CURRÍCULOS DA LOMCE, O PROXECTO CURRICULAR DE CENTRO E A PRESENTE PROGRAMACIÓN

A Programación didáctica de Lingua Galega e Literatura está elaborada a partir dos novos Currículos LOMCE fornecidos pola Administración e o PCC (Proxecto Curricular de Centro), tomando en consideración, en todo momento, as súas disposicións.

De acordo cos documentos citados, a Programación está orientada a que os discentes obteñan progresos en todos os ámbitos da realidade educativa: os que teñen que ver coa aprendizaxe curricular e os vinculados ás interrelacións persoais e socialización. Asemade, nun Centro coma o Xelmírez II, que ten unha certa personalidade social e mesmo interétnica, como arriba foi descrito, coa complexidade que esa situación comporta, a Programación fai especial fincapé naqueles aspectos nos que se posibilita unha natureza rica e diversa, para integrar a particularidade e a globalidade, seguindo as intencións de aprender, facer e convivir. Aprender nun contexto coma o descrito significa poñer o educando en contacto cos coñecementos culturais pero tamén favorecer que alumnos e alumnas aprendan a coñecerse a si mesmos e a coñecer as outras persoas desde o respecto e a responsabilidade. Aprender a facer significa construír, saber utilizar os medios e os recursos adecuados, en tanto destrezas para mellorar e progresar. Aprender a convivir, en fin, significa aprender a vivir co outro/a, a colaborar, compartir e respectar.

Desde eses criterios e intencións, a Programación segue as prescricións dos novos Currículos da LOMCE, por unha parte, pero tamén especialmente as ideas recollidas no Proxecto Curricular de Centro, e busca a sintonía con todos eles.

## CONTRIBUCIÓN DAS MATERIAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Xa no ano 1996 a UNESCO fixo unha serie de recomendacións en orde a lograr que dentro das políticas educativas dos distintos países se marcase como obxectivo prioritario acadar unha serie de competencias que se consideraban básicas na formación do alumnado. Na Recomendación 2006 / 962 / EC do Parlamento Europeo e do Consello de Europa, de 18 de decembro de 2006, formuláronse unha serie de competencias que se consideraron básicas (así se denominaron en principio as que hoxe denominamos Competencias clave) na aprendizaxe, e suxeriu aos Estados membros que orientasen as súas políticas educativas nesa

dirección. As competencias clave son aquelas que promoven a realización persoal, a inclusión social a cidadanía activa e a cualificación mínima para o emprego.

Moito máis recentemente, e dentro da lexislación vixente no ensino para toda España, a Orde ECD / 65 / 2015, do 21 de xaneiro (BOE do 29 de xaneiro) establece con claridade as relacións que debe haber entre as competencias clave, os contidos e os criterios de avaliación na ESO e no bacharelato. Eses parámetros obsérvanse na presente Programación.

As achegas que se poden facer desde a materia de Lingua Galega e Literatura respecto das competencias básicas céntrase sobre todo na comunicación lingüística que, no caso de Galicia, debe complementarse co castelán, a outra lingua oficial. Como competencia clave, a comunicación lingüística (CCL) debe entenderse como a posibilidade de utilizar a linguaxe con normalidade na comunicación oral e na escrita, e como instrumento para comprender a realidade, para adquirir coñecementos, para a construción e transmisión do pensamento e para a expresión de vivencias, emocións e opinións con sentido crítico. Ler, escoitar, entender, conversar, comunicarse son accións imprescindibles na sociedade actual. O mundo que nos rodea será tanto máis comprensible canto mellor poidamos desentrañar as informacións e os códigos lingüísticos a través dos cales nos chegan todo tipo de mensaxes. Por outro lado, a produción de textos de todo tipo e para variados contextos é nos tempos actuais unha capacidade absolutamente imprescindible para que todas as persoas acaden o estatus de cidadás e cidadáns activos.

Por todo isto entendemos que unha competencia lingüística básica ao final da ensinanza obrigatoria supón o dominio da lingua oral e escrita, cuns niveis de corrección altos, polo que isto supón de enriquecemento das relacións sociais e de favorecemento do acceso a todo tipo de fontes de información, comunicación e aprendizaxe futura.

Respecto ao resto de competencias clave, nos cadros que se desenvolven curso por curso, e que vinculan obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, inclúense na columna da dereita as diferentes competencias clave a cuxo desenvolvemento contribúe a presente programación didáctica.

Non deixa de chamar a atención que nos currículos de Lingua Galega e Literatura que prescribe a propia Consellería de Educación **non haxa ningún estándar de aprendizaxe** (e son máis de 100 para cada curso, mesmo chegando a 130 nalgún caso) **vinculado á Competencia Matemática e en Ciencia e Tecnoloxía** (CCMCT). A pesar diso o **profesorado deste departamento ten deseñado actividades de aula e formulado estándares de aprendizaxe** tendentes a traballar e avaliar esa competencia, como son:

- Comprende o peso ponderado de cada pregunta nun exame escrito e de cada instrumento de avaliación na cualificación final. Fai as medias matemáticas de diferentes cualificacións.
- Comprende os contidos e as referencias que aparecen nas lecturas do libro de texto que se relacionan coas matemáticas, a ciencia e a tecnoloxía, e as actividades relacionadas que propoña o propio libro de texto.

# ENSINANZA SECUNDARIA OBRIGATORIA

## OBXECTIVOS XERAIS

Incorpóranse a esta programación os obxectivos previstos para a etapa da ESO no Decreto 86 / 2015, de 25 de xuño, polo que se establece o Currículo de Educación secundaria obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Cada obxectivo vai tildado cunha letra correspondente ao seu ítem, desde o a) ata o o). Nos cadros que desenvolven a programación da ESO curso por curso móstranse na columna da esquerda os obxectivos e a súa vinculación cos contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave cos que están relacionados.

## OBXECTIVOS DA ESO (Decreto 86 / 2015)

Tanto para os obxectivos (como para os contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e adquisición de competencial clave) aterémonos ás disposicións incluídas no Decreto 86 / 2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO da Educación secundaria obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e que xa están en vigor no presente curso para todos os cursos da ESO e de Bacharelato.

Os contidos recólleos ben o libro de texto que se utiliza na aula. **No cadro xeral da programación de cada curso indícase a unidade do libro de texto onde se desenvolve cada un deses contidos previstos no currículum do curso.**

En xeral, trátase de camiñar cara á corrección formal na escritura (ortografía, puntuación, morfo-sintaxe) e de conseguir organizar con coherencia o contido dunha mensaxe oral ou dun texto escrito.

O contacto con distintos tipos de textos, con vocabularios e dicionarios servirá para ir fixando os diferentes sentidos das palabras e para ir ampliando tanto o léxico adquirido pasivamente como o seu manexo con riqueza e soltura na expresión oral e na escrita.

Daquela, a aplicación da presente programación debe contribuír a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de

oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seresvivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas,utilizando diversos medios de expresión e representación.

- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

# DESENVOLVEMENTO DOS CURRÍCULOS

## PRIMEIRO DE ESO (Decreto 86 / 2015)

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxecti-vos | Contidos e unidades do libro de texto que os desenvolven | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave |
| | Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e falar | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de calquera texto oral ou daqueles propios dos medios de comunicación, especialmente noticias de actualidade, próximas aos intereses do alumnado.<br>**- Unidade 2** | ▪ B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (noticias de actualidade) e elaborar un resumo. | ▪ LGB1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade). | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB1.1.2. Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B1.2. Comprensión e interpretación de textos orais utilizados no ámbito social e educativo (instrucións, presentacións de tarefas e breves exposicións orais de temáticas variadas).<br>**- Unidade 2** | ▪ B1.2. Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e educativo, e seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresiva autonomía. | ▪ LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e educativo. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB1.2.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto.<br>**Debates xurdidos na aula** | ▪ B1.3. Coñecer e apreciar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas. | ▪ LGB1.3.1. Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, | ▪ CCL<br>▪ CAA |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos e unidades do libro de texto que os desenvolven | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B1.4. Escoita crítica e reflexiva das mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención aos programas informativos.<br><br>**- Unidade 6** | ▪ B1.4. Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e identificar prexuízos ou mensaxes discriminatorias. | ▪ LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, as ideas principais e as secundarias de programas informativos. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas. | ▪ CAA |
| | | | ▪ LGB1.4.3. Identifica e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións. | ▪ CSC |
| ▪ h<br>▪ o | ▪ B1.5. Coñecemento e aplicación, con axuda das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), de estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade.<br>**- Unidades 3, 5, 7, 12: apartado "Lingua e Sociedade"** | ▪ B1.5. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para realizar exposicións orais planificadas e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas. | ▪ LGB1.5.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ LGB1.5.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas. | ▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| ▪ h<br>▪ o | ▪ B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.<br><br>**- Unidades 2, 9** | ▪ B1.6. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. | ▪ LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega. | ▪ CAA |
| | | | ▪ LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.7. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.<br><br>**- Unidades 2, 4** | ▪ B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | ▪ LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada). | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. | ▪ CCL |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxecti-vos | Contidos e unidades do libro de texto que os desenvolven | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo (pedimento de aclaracións, intercambio de opinións e exposición de conclusións).<br><br>**- Unidade 2** | ▪ B1.8. Participar activamente en situacións propias do ámbito educativo (pedir aclaracións, intercambiar opinións e expor conclusións). | ▪ LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo, respectando as regras de interacción. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B1.9. Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais.<br><br>**- Unidade 2** | ▪ B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo. | ▪ LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves. | ▪ CAA |
| | | | ▪ LG1B1.9.2. Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ LGB1.9.3. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB1.9.4. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal ás súas producións orais. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.<br>**- Práctica na aula. Guiados polo profesor** | ▪ B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos. | ▪ LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |

## LIBROS DE LECTURA

O alumnado terá como lecturas obrigatorias neste curso tres libros, un por trimestre. Unha vez lida a obra darán conta da súa experiencia lectora, ben por escrito ou ben coa participación en debates orais que se susciten na aula. Danse estas obras, aínda que o profesor pode aceptar outra obra distinta para os casos particulares de: alumnado repetidor ou xa coñecedor da obra proposta, ou que teña difícil acceso a ela. O traballo de lectura e de exposición escrita ou oral da mesma é obrigatorio e avaliable.

Estas tres obras:

- CASTELAO, *Un ollo de vidro* e *Retrincos.*

- ÁLVARO CUNQUEIRO, *Merlín e familia* ou *Os outros feirantes.*

- E. BLANCO AMOR, *Os biosbardos.*

## TEMPORALIZACIÓN NOS CATRO CURSOS DA E. S. O.

Por tratarse esta materia de galego dunha lingua, cómpre matizar que moitos dos contidos son cíclicos ou en espiral, de xeito que se produce unha gran converxencia de obxectivos, contidos e criterios de avaliación en todas e cada unha das unidades didácticas en que se divide o libro de texto (calquera dos múltiples libros de texto ao noso dispor). De maneira que, como xa se apuntou, ao haber máis de cen estándares de aprendizaxe en cada un dos cursos da ESO, **resulta de todo punto imposible ir vencellando unha temporalización concreta a cada estándar de aprendizaxe** porque na práctica diaria de aula un estándar de aprendizaxe (calquera que se queira considerar) aparece hoxe, e reaparece mañá, e pasado mañá, e tres días máis tarde, etc. Daquela, esta temporalización aplícase a cada unha das unidades didácticas en que se divide o libro de texto —12 en cada curso da ESO—, da maneira que se indica a continuación.

### 1º da ESO

Hai unhas 36 semanas lectivas ao longo do curso e 4 horas lectivas á semana: unhas 144 sesións de clase para desenvolver os contidos das unidades. Para cada unha das 12 unidades didácticas do libro de texto dispoñemos de 12 sesións de clase:

- Lecturas: práctica oral e en público; comprensión dos textos, distinción de ideas principais e secundarias, elaboración de resumos e exposición e debate de ideas sobre os textos: 2 sesións.
- Adquisición de novo vocabulario e práctica léxica: 1 sesión.
- Sociolingüística: observación da realidade, coñecemento de datos e reflexión: 1 sesión.
- Práctica de escritura de todo tipo de textos breves, pragmáticos, fichas, etc.: 2 sesións.
- Manexo da gramática con corrección na expresión oral e escrita: 1 sesión.
- Coñecemento dos xéneros literarios, práctica con textos; o cómic: 2 sesións.
- Actividades de repaso dos contidos da unidade, con reexplicacións e novos exercicios: 1 sesión.
- Avaliación da unidade (exames e outras probas escritas e/ou orais): 1 sesión.
- Autoavaliación, coñecemento dos posibles erros anotados polo profesor/a e anotación dos mesmos (contidos B2.14 e B3.11): 1 sesión.

### 2º da ESO

Hai unhas 36 semanas lectivas ao longo do curso e 3 horas lectivas á semana: unhas 108

sesións de clase para desenvolver os contidos das unidades. Para cada unha das 12 unidades didácticas do libro de texto dispoñemos de 9 sesións de clase:

- Lecturas: práctica oral e en público; comprensión dos textos, distinción de ideas principais e secundarias, elaboración de resumos e exposición e debate de ideas sobre os textos: 1,5 sesións.
- Tipos de textos. Práctica oral e escrita: 1 sesión.
- Ampliación de léxico: 1 sesión.
- Corrección gramatical e ortográfica: 1 sesión.
- Aspectos sociais da lingua: 0,5 sesións (1 sesión cada 2 unidades).
- Xéneros e subxéneros literarios: 1 sesión.
- Actividades de repaso dos contidos da unidade, con reexplicacións e novos exercicios: 1 sesión.
- Avaliación da unidade (exames e outras probas escritas e/ou orais): 1 sesión.
- Autoavaliación, coñecemento dos posibles erros anotados polo profesor/a e anotación dos mesmos (contidos B2.13 e B3.10): 1 sesión.

## **<u>3º da ESO</u>**

Hai unhas 36 semanas lectivas ao longo do curso e 3 horas lectivas á semana: unhas 108 sesións de clase para desenvolver os contidos das unidades. Para cada unha das 12 unidades didácticas dispoñemos de 9 sesións de clase:

- Lecturas: práctica oral e en público; comprensión dos textos, distinción de ideas principais e secundarias, elaboración de resumos e exposición e debate de ideas sobre os textos: 1 sesión.
- Contidos de tipoloxía de textos: 1 sesión.
- Práctica no Banco de textos sobre os diferentes tipos de textos: comprensión, exposición e composición: 1 sesión.
- Ampliación de léxico, resolución de dúbidas, consulta en diferentes soportes e resolución de exercicios: 1 sesión.
- Mecanismos gramaticais e repaso de ortografía práctica, con exercicios: 1 sesión.
- Períodos literarios, xéneros e textos literarios: 1 sesión.
- Actividades de repaso dos contidos da unidade, con reexplicacións e novos exercicios: 1 sesión.
- Avaliación da unidade (exames e outras probas escritas e/ou orais): 1 sesión.

- Autoavaliación, coñecemento dos posibles erros anotados polo profesor/a e anotación dos mesmos (contidos B2.13): 1 sesión.

## 4º da ESO

Hai unhas 36 semanas lectivas ao longo do curso e 3 horas lectivas á semana: unhas 108 sesións de clase para desenvolver os contidos das unidades. Para cada unha das 12 unidades didácticas dispoñemos de 9 sesións de clase:

- Lecturas: práctica oral e en público; comprensión dos textos, distinción de ideas principais e secundarias, elaboración de resumos e exposición e debate de ideas sobre os textos: 1 sesión.
- Tipoloxía de textos: características e práctica: 1 sesión.
- Ampliación do léxico: 1 sesión.
- Corrección gramatical e ortográfica: 1 sesión.
- Historia social da lingua / Variación lingüística: 1 sesión.
- Literatura do século XX: épocas e xéneros: 1 sesión.
- Actividades de repaso dos contidos da unidade, con reexplicacións e novos exercicios: 1 sesión.
- Avaliación da unidade (exames e outras probas escritas e/ou orais): 1 sesión.
- Autoavaliación, coñecemento dos posibles erros anotados polo profesor/a e anotación dos mesmos (contidos B2.9): 1 sesión.

## GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

Os **programas detallados**, con explicación do todos os **obxectivos**, **contidos, criterios de avaliación**, **e estándares de aprendizaxe** en cada un dos cursos, poden verse na presente Programación, no apartado correspondente a cada curso da ESO. A seguir exprésanse os graos mínimos de consecución para superar a materia asociados ao ítem correspondente do bloque de contidos.

### PRIMEIRO DE ESO

- Comprensión e produción de textos orais e escritos con coherencia, cohesión e corrección. B1.1, B2.9

- Lectura e análise de textos: narración, descrición ou diálogo e de textos procedentes dos medios de comunicación. Intención comunicativa; ideas principais e secundarias. B2.1, B2.2, B2.3, B2.4

- Regras básicas de acentuación e puntuación. B3.4, B3.5

- Clases de palabras. Conceptos de xénero e número nos nomes e de regularidade e irregularidade nos verbos. Formas e usos correctos das outras clases de palabras. B3.6, B3.8

- Léxico relativo aos dereitos humanos, os recursos naturais, a ecoloxía, as culturas, as profesións , a artesanía, o mar, o universo, a radio, o cine, o baile, etc. B3.1

- O feito pluricultural e plurilingüe do mundo e a realidade lingüística de Galicia. B4.2

- As variantes dialectais. B4.8

- Características básicas dos xéneros literarios máis comúns: narrativa (novelas e contos), poesía (elementos formais) e teatro. B5.2

- Lectura, comentario e resumo de textos literarios sinxelos e breves que aparecen como ‘Lecturas’. B5.3, B5.4, B5.5

### SEGUNDO DE ESO

- Comprensión e produción de novos tipos de textos orais e escritos como os narrativos, expositivos (solicitudes), argumentativos (reclamacións) e publicitarios. B1.6, B2.1, B2.2
- O plurilingüismo. A lusofonía. A normalización lingüística. B4.2, B4.3, B4.5

- Variantes internas da lingua; os rexistros. B4.8

- Avances en ortografía: acentuación, diéreses, tiles diacríticos; maiúsculas e minúsculas; comiñas e raias; os grupos cultos e consonánticos; abreviaturas e siglas. B3.4, B3.5, B3.6

- A oración: suxeito e predicado. As funcións básicas na oración simple.B3.9

- Os complementos do verbo e do substantivo. B3.9

- Avances en léxico: campos semánticos da mitoloxía, as ciencias, as crenzas, a democracia, a vida cotiá (hostalería, telefonía, igualdade, o tempo, o fútbol, a administración, o comercio, a publicidade). B3.1

- Explicación e lectura de textos dos diferentes xéneros e subxéneros literarios: narrativa, poesía e teatro. B5.2, B5.3, B5.4, B5.5

## TERCEIRO DE ESO

- Comprensión e produción de textos orais e escritos con coherencia, cohesión e corrección. B1.1, B1.3

- Lectura comprensiva, analítica e crítica de todo tipo de textos non literarios. Intención comunicativa, ideas principais e secundarias. B2.1, B2.2, B2,3, B2.4

- Repaso de normas ortográficas e de puntuación. B3.4, B3.5

- A oración simple e os seus constituíntes. Os sintagmas. Funcións sintácticas básicas. B3.6, B3.7

- Lectura e explicación das características dos diferentes tipos de textos: narrativo, descritivo, expositivo e dialogado. B1.3

- Os medios de comunicación. Tipos de información xornalística. B2.3

- Léxico-semántica: ampliación do léxico a todo tipo de campos, a través da lectura e explicación dos fragmentos recollidos no libro de texto, dos debates na aula e das lecturas trimestrais. B3.1.

- Relacións sintácticas de sinonimia e antonimia. Derivación e composición de palabras. Conceptos e exercicios de semántica: familias de palabras. B3.2, B3.3

- Plurilingüismo; linguas de España. Bilingüismo e diglosia. Normalización lingüística. B4.2, B4.4, B4.5

- Períodos, autores, características e obras máis importantes da literatura galega ata 1900. B5.1, B5.2, B5.3, B5.4.

## CUARTO DE ESO

- Comprensión e produción de textos xornalísticos, científicos, publicitarios e pragmáticos (solicitude, currículo, contrato). B1.1, B1.2, B1.3, B2.11, B2.12

- Léxico-semántica. Ampliación do léxico a todo tipo de campos a través da lectura de textos e de debates na aula. B3.1

- A oración simple: suxeito, predicado, complementos. B3.8

- A oración composta. Xustaposición, coordinación, suborbinación. B3.9

- Corrección ortográfica: maiúsculas, acentuación, puntuación. B/v, grafía X, h/ø, ll/i. B3.7

- Historia social do galego desde 1916 ata a actualidade. O plurilingüismo. B4.2, B4.6

- Niveis e rexistros lingüísticos. B4.9

- Características das correntes, autores e obras máis representativas da literatura galega do século XX: Ramón Cabanillas, as vangardas, Cunqueiro, Otero, Castelao, Celso Emilio Ferreiro, A Xeración das Festas Minervais, Eduardo Blanco Amor, a Nova Narrativa Galega; a poesía, a narrativa e o tetaro posteriores a 1976. Lectura e comentario de textos. B5.1, B5.2, B5.3

## CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO NA E. S. O.

Para poder dar unha cualificación en cada unha das tres sesións de avaliacións previstas durante o curso, antes da avaliación final ordinaria, todos os profesores deste departamento avaliarán o alumnado a través de diferentes probas, exercicios e actividades nas que este demostre o seu grao de coñecemento da materia, acade os estándares do curso e o logro dos obxectivos previstos.

- Antes de cada sesión de avaliación cada alumno fará polo menos dúas **probas específicas** (exames) que medirán os seus coñecementos teóricos e as aplicacións prácticas destes (excepcionalmente poderá haber só unha proba para a 1ª avaliación). Á hora de cualificar estas probas non só se terán en conta os acertos nas exposicións e nas resolucións prácticas senón tamén a **ausencia de erros de expresión lingüística**. O alumnado que nunha (ou máis) probas específicas sexa cualificado cunha nota tal que, sumando os outros criterios, non acade o aprobado na avaliación poderá optar a unha segunda oportunidade (chamada habitualmente recuperación) que non ten por que ser dentro do período da mesma avaliación suspendida.

Cando se fagan dous ou máis exames dentro dunha avaliación, a nota deles é a súa media aritmética. **Pero** se algún deses exames **non chega a 3,5 puntos**, ese exame está claramente suspenso e **non se fai a media**: para poder ser aprobada esa avaliación deberá recuperar ese/s exame/s e superar como mínimo eses 3 puntos. Despois xa se farán a suma, a media de puntos nos exames e se aplicará o peso do 70% que teñen os exames na cualificación da avaliación.

Realizarase sempre un exame final; programarase dentro do mes de xuño e será a derradeira oportunidade de superar o curso na convocatoria ordinaria que se lles ofreza aos alumnos que non foron aprobando os exames parciais e as recuperacións. Se o profesor o considera oportuno, pode dividir o exame final en dúas sesións ás que poden acudir todos os alumnos suspensos e mais os aprobados que desexen subir a cualificación.

- Outro factor de cualificación é a **avaliación do proceso de aprendizaxe**, que inclúe a valoración das actitudes do alumnado, o seu traballo diario, a resolución de exercicios e comentarios prácticos, o respecto debido aos compañeiros de aula e ao profesorado, as facilidades para a realización de debates ou traballos en equipo, a presentación das probas escritas, a práctica oral e a lectura de obras máis alá das que se marcan como obrigatorias. Na avaliación deste proceso de aprendizaxe cada profesor deberá facer valer todas aquelas

anotacións feitas no seu Caderno Diario de Clase, moitas das cales se refiren a valoracións de actitudes e de interaccións orais das que, obviamente, non queda documento ou proba escrita.

- Así mesmo se cualificará a **lectura das obras obrigatorias** que se indican para cada trimestre e que se inclúen na presente programación; delas o alumnado deberá dar conta a través de exposicións orais, debates na aula, resumos, comentarios ou outro tipo de traballo oral ou escrito que o profesor propoña para cada obra na clase.

A porcentaxe de cada un dos criterios de cualificación, anteriormente expresados, nas cualificacións trimestrais e na final é a seguinte:

**- 70 % as probas específicas** (que deben atinxir de maneira proporcionada estes cinco apartados: comprensión e expresión oral, comprensión e expresión escrita, funcionamento da lingua -morfoloxía e sintaxe-, a lingua na sociedade e a educación literaria).

**- 20 % o proceso de aprendizaxe.** Neste apartado conxúgase a media aritmética das notas outorgadas ao longo de cada trimestre por:

- Actitude positiva de traballo dentro da aula: atención, respecto aos colegas e ao profesor/a, actitude colaborativa e resolución das tarefas propostas.
- Actitude positiva de cara á resolución das tarefas propostas para rematar na casa (10-15 minutos, unha vez por semana como máximo).
- Resultados positivos das anteriores tarefas.

**- 10 % a lectura de obras obrigatorias,** que comprende tanto o acto de lectura en si e a súa comprensión como unha exposición (oral ou escrita) sobre ela.

Aplicadas estas porcentaxes, en cada unha das tres avaliacións parciais o alumnado levará consignada no boletín a nota resultante, **con truncamento dos decimais**.

Ao acabar o curso avaliarase en cada alumno/a o grao de consecución dos obxectivos do curso e tamén o seu índice de logros nos estándares de aprendizaxe. Un alumno aprobado debeu de acadar, como mínimo, un cincuenta por cento dos estándares de aprendizaxe.

## Criterios de promoción nos catro cursos da ESO

Para superar a materia de Lingua e Literatura Galega na E.S.O. e promocionar ao seguinte curso ou rematar a etapa o alumno debe **superar satisfactoriamente as tres avaliacións a que foi sometido ao longo do curso de maneira que, aplicando as porcentaxes expresadas no apartado anterior, en cada avaliación obteña na suma unha cualificación de 5 puntos ou máis.**

Como o proceso de aprendizaxe non é recuperable unha vez que vai transcorrendo o curso, o alumnado que teña unha, dúas ou tres avaliacións suspensas deberá recuperalas repetindo as respectivas probas específicas e/ou os traballos sobre as lecturas, intentando

acadar unha cualificación coa que, aplicando as porcentaxes, acade na avaliación ou avaliacións suspensas a cualificación de 5 puntos. Será o profesor/a quen lle indique como recuperar esa/s partes suspensas do curso.

A cualificación definitiva na avaliación final ordinaria de xuño será a media aritmética das tres avaliacións parciais do curso. **Insísitese en que esta media só se aplicará se as tres avaliacións parciais do curso están cualificadas (ou recuperadas) con nota de 5 ou superior.** Nas avaliacións finais, tanto a ordinaria (xuño) como a extraordinaria (setembro) a cualificación que apareza no boletín de notas **será redondeada á alza se acada un decimal de 0,7 ou superior.**

O peso maioritario das probas específicas de contidos non debe facer esquecer a importancia dos outros elementos que tamén inflúen na cualificación final. Especial atención debe poñer o profesorado á hora de valorar a concesión dese 20 % da cualificación que se outorga ao longo de todo o curso polo amplo concepto aquí denominado "proceso de aprendizaxe", que obriga a unha atención e valoración individualizada de todo o que ocorre dentro da aula entre o alumnado: actitudes de aprendizaxe, autoesixencia, respecto, tolerancia e colaboración entre colegas.

## BACHARELATO

Con este curso comeza unha nova etapa curricular post-obrigatoria. Os obxectivos xa non son só os de dotar o alumnado duns recursos básicos de dominio oral e escrito da lingua ou dun coñecemento global dos períodos, autores e obras máis importantes da Literatura. Entre este curso e o seguinte o alumnado deberá demostrar un coñecemento amplo e completo da lingua, cunha expresión correcta tanto por oral como por escrito. Así mesmo debe mostrar boa fluidez no uso da lingua e dominio claro dos rexistros.

A programación dos dous cursos de Bacharelato está suxeita á lexislación LOMCE e especialmente aos contidos do Decreto 86 / 2015 da Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia.

## OBXECTIVOS DE 1º E 2º DE BACHARELATO (Decreto 86 / 2015)

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar ashabilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal esocial, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuírá súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## DESENVOLVEMENTO DOS CURRÍCULOS

Neste nivel de bacharelato impartiremos as ensinanzas de acordo cos currículos vixentes, coas programacións discutidas e aprobadas no seo do departamento e seguindo tamén as das indicacións que envíe a CIUG sobre os modelos e contidos da reválida de bacharelato, que substitúe as antigas Probas de Acceso universitarias. Sen saírmos destes marcos, a práctica docente dentro da aula ao longo do presente curso indicará a conveniencia ou non de facer algunha rectificación oportuna.

Os contidos recólleos ben o libro de texto que se utiliza na aula en 1º de bacharelato. En 2º de bacharelato non se utiliza ningún libro de texto en concreto pero si unhas unidades didácticas producidas polo departamento. **No cadro xeral da programación de cada curso indícase a unidade do libro de texto (ou da unidade didáctica do departamento) onde se desenvolve cada un deses contidos previstos no currículum do curso.**

# PRIMEIRO DE BACHARELATO (Decreto 86 / 2015)

| | Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos e unidades didácticas do libro de texto que os desenv olven | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave |
| | Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e falar | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa.<br><br>**- Unidades 1 a 10: Lecturas** | ▪ B1.1. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais e audiovisuais. | ▪ LGB1.1.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais. | ▪ CLL |
| | | | ▪ LGB1.1.2. Recolle as ideas fundamentais e secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ |
| | | | ▪ LGB1.1.3. Analiza e explica os recursos verbais e non verbais. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB1.1.4. Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ m | ▪ B1.2. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto.<br><br>**- Unidades 1 a 10: Lecturas** | ▪ B1.2. Desenvolver habilidades de escoita activa, para identificar os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao texto.. | ▪ LGB1.2.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB1.2.2. Coñece, valora e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral; respecta as quendas e as opinións alleas. | ▪ CSC |
| | | | ▪ LGB1.2.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público. | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ m | ▪ B1.3. Produción de textos orais (planificación e execución de textos orais relacionados con algún contido do currículo ou tema de actualidade) adecuada á situación comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC, así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público.<br><br>**- Unidade 1 a 10: Lecturas** | ▪ B1.3. Realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público. | ▪ LGB1.3.1. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ LGB1.3.2. Consulta fontes de información diversas e revisa os borradores e esquemas. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ LGB1.3.3. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB1.3.4. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB1.3.5. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |

| | Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos e unidades didácticas do libro de texto que os desenv olven | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave |
| | | | autocontrol das emocións ao falar en público. | |
| | | | ▪ LGB1.3.6. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora | ▪ |
| | | | ▪ LGB1.3.7. Emprega recursos verbais e non verbais en textos expositivos. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ e<br>▪ h | ▪ B1.4 Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.<br><br>**- Unidades 1 a 21: Lecturas e textos literarios** | ▪ B1.4 Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | ▪ LGB1.4.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB1.4.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB1.4.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB1.4.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ m | ▪ B1.5. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.<br><br>**- Unidades 1 a 10: Lecturas** | ▪ B1.5. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade. | ▪ LGB1.5.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ LGB1.5.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ m | ▪ B1.6. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros.<br>**- Unidades 1 a 10: Lecturas** | ▪ B1.6. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal. | ▪ LGB1.6.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B1.7. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas.<br><br>**- Exposicións sobre lecturas trimestrais** | • B1.7. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas. | ▪ LGB1.7.1. Recoñece en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada) e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB1.7.2. Deseña estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo. | ▪ CAA<br>▪ CSEIEE |

| | Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos e unidades didácticas do libro de texto que os desenv olven | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B1.8. Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.<br><br>**- Dinámina diaria na aula** | ▪ B1.8. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. | ▪ LGB1.81. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB.1.8.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB1.8.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir | | | |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ h | ▪ B2.1. Aplicación de estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade.<br><br>**- Unidades 1 a 10: Lecturas**<br>**- Unidades 13 a 21: Textos literarios** | ▪ B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade. | ▪ LGB2.1.1. Recolle as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB2.1.2. Interpreta o sentido global do texto, identifica o propósito comunicativo do/da autora e emite opinións e xuízos sobre a mensaxe. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB2.1.3. Distingue o tema principal e os subtemas e compón o esquema xerarquizado das ideas do texto. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB2.1.4. Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión e complementar a información do texto. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ h | ▪ B2.2. Planificación e produción de textos adecuados, coherentes e ben cohesionados; axustados ás normas gramaticais e ben presentados.<br><br>**- Unidades 1 a 10: Exercicios** | ▪ B2.2. Compoñer producións escritas planificadas adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación. | ▪ LGB2.2.1. Selecciona e presenta os contidos dos seus textos de forma clara e ordenada. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB2.2.2. Identifica e describe as características lingüísticas dos distintos tipos de rexistro. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB2.2.3. Utiliza o rexistro lingüístico axeitado á situación comunicativa das súas producións. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB2.2.4. Utiliza mecanismos variados de cohesión lingüística. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB2.2.5. Axústase ás normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B2.3. Comprensión, produción e valoración de textos procedentes dos medios de comunicación social tanto os publicitarios como os periodísticos de carácter informativo e de opinión. | ▪ B2.3. Comprender, producir e valorar de forma crítica textos publicitarios e periodísticos de carácter informativo ou de opinión. | ▪ LGB2.3.1. Comprende, produce e valora de forma crítica textos publicitarios e periodísticos de carácter informativo ou de opinión. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB2.3.2. Interpreta as mensaxes publicitarias e recoñece os elementos de persuasión dos anuncios. | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| | Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos e unidades didácticas do libro de texto que os desenv olven | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave |
| | **- Unidades 1 a 10: Lecturas** | | ▪ LGB2.3.3. Identifica e rexeita as ideas e os usos lingüísticos discriminatorios dos textos publicitarios. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | LGB2. 3.4. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ h | ▪ B2.4. Análise dos textos descritivos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas.<br>**- Unidades 4, 8** | ▪ B2.4. Caracterizar, identificar e producir textos descritivos pertencentes a distintos ámbitos de uso. | LGB2.4.1. Identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos descritivos e produce outros textos similares. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ h | ▪ B2.5. Análise dos textos expositivos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas.<br>**- Unidades 1, 5, 7, 9** | ▪ B2.5. Caracterizar, identificar e producir textos expositivos pertencentes a distintos ámbitos de uso. | ▪ LGB2.5.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos expositivos. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ h | ▪ B2.6. Análise dos textos narrativos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas.<br>**- Unidade 2** | ▪ B2.6. Caracterizar, identificar e producir textos narrativos pertencentes a distintos ámbitos de uso. | ▪ LGB2.6.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos narrativos. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ h | ▪ B2.7. Análise dos textos argumentativos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas.<br>**- Unidade 6** | ▪ B2.7. Caracterizar, identificar e producir textos argumentativos pertencentes a distintos ámbitos de uso. | ▪ LGB2.7.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos argumentativos. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ h | ▪ B2.8. Análise dos textos dialogados: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas.<br>**- Unidades 3, 10** | ▪ B2.8. Caracterizar, identificar, analizar e producir textos dialogados pertencentes a distintos ámbitos de uso. | ▪ LGB2.8.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos dialogados. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ h | ▪ B2.9. Busca e selección de información procedente de fontes bibliográficas ou dixitais e posterior organización e revisión dos textos cos recursos que ofrecen as TIC.<br>**- Unidades 1, 6, 7, 8, 10** | ▪ B2.9. Planificar, producir e revisar textos de investigación a partir da información obtida en fontes impresas e dixitais e con axuda dos recursos que ofrecen as TIC. | ▪ LGB2.9.1. Consulta fontes dixitais, contrasta e selecciona a información relevante mediante fichas-resumo. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB2.9.2. Planifica os escritos en función dunha orde predefinida e revisa o proceso de escritura con axuda de ferramentas dixitais. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ LGB2.9.3. Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| | Bloque 3. Funcionamento da lingua | | | |
| ▪ e | ▪ B3.1. Coñecemento e reflexión | ▪ B3.1. Verificar o coñecemento | ▪ LGB3.1.1. Emprega os principais | ▪ CCL |

| | Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos e unidades didácticas do libro de texto que os desenv olven | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave |
| | sobre os principais conceptos de Lingüística Xeral: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico e disciplinas lingüísticas.<br>**- Unidade 1** | formal e a capacidade de reflexión sobre a lingua que posúe o alumnado. | coñecementos de Lingüística Xeral para comprender e analizar textos alleos de distintos ámbitos e para producir, compor e revisar textos propios e de temáticas diversas vinculados á comunicación e á linguaxe. | |
| | | | ▪ LGB3.1.2. Describe os principais conceptos de Lingüística Xeral: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico e diversas disciplinas lingüísticas. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B3.2. Coñecemento dos diferentes rexistros lingüísticos e dos factores que inciden no uso da lingua en distintos ámbitos e valoración da importancia de utilizar o rexistro adecuado en relación coa situación comunicativa.<br>**- Unidade 7** | ▪ B3.2. Recoñecer e utilizar os diferentes rexistros lingüísticos en función dos ámbitos sociais valorando a importancia de usar o rexistro axeitado a cada momento. | ▪ LGB3.2.1. Recoñece os rexistros lingüísticos en textos orais e escritos en función da intención comunicativa. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB3.2.2. Valora a importancia de utilizar o rexistro axeitado a cada situación comunicativa e aplícao nas súas producións orais e escritas. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ e | ▪ B3.3. Produción de textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección.<br>**- Unidades 1 a 10**<br>**- Lecturas trimestrais** | ▪ B3.3. Producir textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección. | ▪ LGB3.3.1. Produce textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CAA |
| ▪ e | ▪ B3.4. Caracterización morfolóxica, semántica e sintáctica do substantivo e do adxectivo.<br>**- Unidades 3, 4** | ▪ B3.4. Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais substantivo e adxectivo, explicar os seus usos e valores nos textos. | ▪ LGB3.4.1. Identifica e explica os usos e valores do substantivo e do adxectivo nun texto, relacionándoos coa intención comunicativa, coa tipoloxía textual, así como con outros compoñentes da situación comunicativa. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ e | ▪ B3.5. Coñecemento, tipoloxía e caracterización dos determinantes (artigo, demostrativo, posesivo, interrogativos, exclamativos, cuantificadores e identificadores).<br>**- Unidade 6** | ▪ B3.5. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos determinantes, explicando os seus usos e valores nos textos. | ▪ LGB3.5.1. Identifica e explica os usos e valores dos determinantes, relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ e | ▪ B3.6. Recoñecemento, descrición e uso da categoría verbal e das perífrases verbais.<br>**- Unidades 7, 8, 9** | ▪ B3.6. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical do verbo e as perífrases verbais e explicar os seus usos e valores nos textos. | ▪ LGB3.6.1. Identifica e explica os usos e valores dos verbos e das perífrases e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ e | ▪ B3.7. Recoñecemento, observación, uso e explicación dos conectores textuais.<br>**- Unidade 10** | ▪ B3.7. Recoñecer en textos de diversa índole e usar nas producións propias orais e escritas os diferentes conectores textuais. | ▪ LGB3.7.1. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores que lle proporcionan cohesión a un texto. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ e | ▪ B3.8. Coñecemento, caracterización e tipoloxía do | ▪ B3.8. Recoñecer e identificar os trazos característicos da | ▪ LGB3.8.1. Identifica e explica os usos e valores dos adverbios e das locucións | ▪ CCL<br>▪ CAA |

| | Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos e unidades didácticas do libro de texto que os desenv olven | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave |
| | adverbio e das locucións adverbiais.<br>**- Unidade 10** | categoría gramatical do adverbio e explicar os seus usos e valores nos textos. | adverbiais e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes. | |
| ▪ e | ▪ B3.9. Coñecemento, caracterización e tipoloxía dos pronomes.<br>**- Unidade 5** | ▪ B3.9. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos pronomes e explicar os seus usos e valores nos textos. | ▪ LGB3.9.1. Identifica e explica os usos e valores dos pronomes e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B3.10. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.<br>**- Unidades 8, 9, 10** | ▪ B3.10. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. | ▪ LGB3.10.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B3.11. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.<br>**- Unidades 8, 9, 10** | ▪ B3.11. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos. | ▪ LGB3.11.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | Bloque 4. Lingua e sociedade | | | |
| ▪ p | ▪ B4.1. Funcións sociais da lingua.<br>**- Unidade 2** | ▪ B4.1. Distinguir as funcións sociais da lingua e determinar a situación do galego respecto a elas. | ▪ LGB4.1.1. Distingue as funcións sociais da lingua e determina a situación do galego respecto a elas. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ p | ▪ B4.2. Diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica.<br>▪ B4.3. A lusofonía.<br>▪ B4.4. Multilingüismo e plurilingüismo. Lingua minoritaria e lingua minorizada. Conflito lingüístico e diglosia. Ecolingüismo.<br>**- Unidades 8, 9, 10** | ▪ B4.2. Describir a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica, determinar o papel da lusofonía, distinguir conceptos básicos de contacto de linguas e describir os fundamentos do ecolingüismo. | ▪ LGB4.2.1. Describe a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LGB4.2.2. Determina o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI e a súa importancia cultural e económica desde a perspectiva galega. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LGB4.2.3. Diferencia e explica os conceptos de multilingüismo, plurilingüismo, lingua minoritaria e lingua minorizada, conflito lingüístico e diglosia. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ p | ▪ B4.5. Historia da lingua: do latín ao galego; situación lingüística da Península antes da romanización; substrato e o estrato latino (principais evolucións fonéticas do latín ao galego). A Romanización e o nacemento das linguas | ▪ B4.3. Describir a historia da lingua do latín ao galego e distinguir os elementos constitutivos deste. | ▪ LGB4.3.1. Describe a romanización e o nacemento das linguas romances. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB4.3.2. Identifica e describe os diferentes elementos constitutivos do galego ao longo da historia (substrato, estrato e superestrato). | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| | Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos e unidades didácticas do libro de texto que os desenv olven | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | romances; o superestrato.<br>**- Unidade 3** | | | |
| ▪ p | ▪ B4.6. Cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e as familias léxicas irregulares.<br>**- Unidades 3, 4** | ▪ B4.4. Recoñecer os cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e citar exemplos, así como distinguir as familias léxicas irregulares e utilizalas correctamente. | ▪ LGB4.4.1. Recoñece os cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e cita algún exemplo. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB4.4.2. Distingue as familias léxicas irregulares e utilízaas correctamente. | ▪ CCL |
| ▪ p | ▪ B4.7. Historia da lingua: o galego antigo (Idade Media), emerxencia e declive, características lingüísticas, contexto histórico e cultural, e situación sociolingüística.<br>**- Unidade 4** | ▪ B4.5. Identificar e describir as características lingüísticas fundamentais do galego antigo, o seu contexto e identificalo en textos. | ▪ LGB4.5.1. Identifica e describe as características lingüísticas fundamentais do galego antigo. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB4.5.2. Describir o contexto histórico e cultural do galego antigo así como a súa situación sociolingüística. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB4.5.3. Identifica o galego antigo en documentos non literarios e literarios. | ▪ CCL |
| ▪ p | ▪ B4.8. Historia da lingua: galego medio; dialectalización da lingua (séculos XVI, XVII e XVIII); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas.<br>**- Unidade 5** | ▪ B4.6. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII) e describir o seu contexto. | ▪ LGB4.6.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII), describe o seu contexto e identifícao en textos. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB4.6.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego medio así como a súa situación sociolingüística. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB4.6.3. Analiza a repercusión desta etapa de dialectalización da lingua no desenvolvemento posterior do galego. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
    Narradores provenientes dos anos 60-70 (Ferrín, Casares). Tendencias dos 80 (n. xeracional, n. histórica, n. feminina, n. popular, n. experimental). Tendencias dos 90 (n. xeracional, n. histórica, n. negra, f. futurista, n. infantil e xuvenil). Tendencias actuais

12. **O teatro de fins do XX e comezos do XXI. temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes**
    O contexto e o teatro dos 80 (crítica social, neorruralismo, comedia de entretemento). O contexto e o teatro dos 90 (comedia, monólogos, a tradición, a intertextualidade, a crítica social, da narrativa ao teatro, o mundo feminino). Compañías teatrais.

## TEMPORALIZACIÓN NOS DOUS CURSOS DE BACHARELATO

### 1º DE BACHARELATO

Por tratarse esta materia de galego dunha lingua, cómpre matizar que moitos dos contidos son cíclicos ou en espiral, de xeito que se produce unha gran converxencia de obxectivos, contidos e criterios de avaliación en todas e cada unha das unidades didácticas en que se divide o libro de texto (calquera dos múltiples libros de texto ao noso dispor) ou calquera outro material didáctico co que se queira traballar na aula. De maneira que, ao haber máis de cen estándares de aprendizaxe en cada un dos dous cursos de Bacharelato **resulta de todo punto imposible ir vencellando unha temporalización concreta a cada estándar de aprendizaxe** porque na práctica diaria de aula un estándar de aprendizaxe (calquera que se queira considerar) aparece hoxe, e reaparece mañá, e pasado mañá, e tres días máis tarde, etc. Daquela, esta temporalización aplícase a cada unha das unidades didácticas en que se divide o libro de texto de 1º da maneira que se indica a continuación.

Hai unhas 32 semanas lectivas ao longo do curso e 3 horas lectivas á semana: unhas 96 sesións de clase para desenvolver os contidos das unidades. O apartado de Lingua leva máis tempo que o de Literatura; daquela podemos dispor dunhas 60 sesións para as 10 unidades de Lingua (ata mediados de febreiro) e unhas 35 sesións para Literatura.

**- Lingua. Cada unha das 10 unidades:**

- Lectura do texto inicial, comprensión, expresión oral e escrita e exercicios: 1 sesións.
- Lingua e sociedade (historia da lingua, situación actual, plurilingüismo, etc.: 1 sesión.
- Estudo da lingua; exercicios (a Gramática na súa faceta máis práctica): 1 sesión.
- Léxico e semántica: adquisición de vocabulario e práctica oral e escrita: 1 sesión.
- Actividades de repaso dos contidos da unidade, con reexplicacións e novos exercicios: 1 sesión.
- Avaliación das unidades (incluíndo recuperacións), autoavaliación, coñecemento dos posibles erros anotados polo profesor/a e anotación dos mesmos: 1 sesión.

**- Literatura:**

- A linguaxe literaria. Os recursos. Os xéneros literarios: 4 sesións.
- A literatura de tradición oral e os seus xéneros: 3 sesións.
- A literatura medieval: contextos, xéneros e comentarios de textos: 8 sesións.
- O Galego Medio: contextos e mostras literarias. O Pre-Rexurdimento: 5 sesións.

- O Rexurdimento. contexto histórico-cultural: 2 sesións.

- Rosalía de Castro, M. Curros e E. Pondal; comentarios de textos: 8 sesións.

- Outros autores do Rexurdimento: 2 sesións.

- Avaliación das unidades (incluíndo recuperacións), autoavaliación, coñecemento dos posibles erros anotados polo profesor/a e anotación dos mesmos: 3 sesións.

## 2º DE BACHARELATO

Neste curso de 2º de bacharelato a programación de contidos —e as previsibles esixencias da Proba de Reválida— dividen o curso en dous grandes bloques: Lingua e Literatura; daquela, estes bloques non poden coincidir coa división trimestral senón cunha cuadrimestral, pois o curso remata a mediados do mes de maio. As explicacións e avaliacións dos contidos de Lingua ocupan todo o primeiro trimestre e prolónganse no mes de xaneiro; a partir de aí o resto do segundo trimestre e o terceiro correspóndenlle á Literatura. Avalíanse os coñecementos do alumnado por medio de dous ou tres exames por trimestre (o que vén sendo equivalente a tres ou catro por bloque ou cuadrimestre), incluíndo os que se consideran necesarios para a recuperación de avaliacións parciais non superadas anteriormente.

Esta temporalización aplícase a cada unha das **unidades didácticas en que se divide o curso, e que foron producidas polo departamento** (explicitadas no apartado anterior desta memoria), da maneira que se indica a continuación.

O habitual fin de curso a mediados do mes de maio fai que o curso teña unhas 30 semanas lectivas; é dicir, unhas 90 sesións de clase. Pódense dispor unhas 45 sesións para Lingua (incluíndo a Sociolingüística) e outras 45 para Literatura.

**- Lingua:**

- Repaso de contidos de 1º de bacharelato: 4 sesións.

- Fonética: 3 sesións.

- Dialectoloxía: 3 sesións.

- Morfoloxía: 3 sesións.

- Léxico: 5 sesións.

- Semántica: 3 sesións.

- Sintaxe: 4 sesións.

- Propiedades dos textos. Tipoloxía de textos: 6 sesións

- Sociolingüística. Os seis temas: 9 sesións.

- Actividades de repaso dos contidos das unidades, con reexplicacións e novos exercicios: 2 sesións.

- Avaliación das unidades (incluíndo recuperacións), autoavaliación, coñecemento dos posibles erros anotados polo profesor/a e anotación dos mesmos: 3 sesións.

**- Literatura:**

- A literatura galega de 1900 a 1936. Contextos, poesía, narrativa e teatro. Autores e obras: 10 sesións.

- A literatura galega entre 1936 e 1976. Contextos, poesía, narrativa e teatro. Tendencias, autores e obras: 14 sesións.

- A literatura galega do exilio. A literatura de fins do século XX e comezos do XXI. Contextos, poesía, narrativa e teatro. Tendencias, autores e obras: 16 sesións.

- Actividades de resumo e de repaso dos contidos das unidades, con reexplicacións e novos comentarios de textos: 2 sesións.

- Avaliación das unidades (incluíndo recuperacións), autoavaliación, coñecemento dos posibles erros anotados polo profesor/a e anotación dos mesmos: 3 sesións.

## GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

Os **programas detallados**, con explicación do todos os **obxectivos**, **contidos, criterios de avaliación**, **e estándares de aprendizaxe** en cada un dos cursos, poden verse na presente Programación, no apartado correspondente a cada curso do bacharelato. A seguir exprésanse os graos mínimos de consecución para superar a materia **asociados** ao ítem correspondente do bloque de contidos.

### 1º DE BACHARELATO

- Historia externa da lingua galega, desde a Idade Media ata o século XX. Os contextos sociolingüísticos de cada período. B4.7, B4.8, B4.9
- Historia interna da lingua: pautas de evolución do galego desde o latín ata hoxe. B4.5
- Variación social da lingua. Os rexistros lingüísticos. B3.2
- A diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica. O caso galego. B4.2
- O portugués e a lusofonía. B4.3
- Morfosintaxe: o nome substantivo (xénero, número, graos do adxectivo). B3.3, B3.4
- O pronome persoal: formas, usos, colocación. B3.3, B3.9
- Os determinantes: formas e usos normais ou especiais. B3.3, B3.5
- Verbos regulares, irregulares e perífrases verbais. B3.3, B3.6
- Adverbios, preposicións, conxuncións e interxeccións: formas e usos. B3.3, B3.7, B3.8
- Morfoloxía e formación de palabras. Préstamos. Léxico patrimonial e cultismos. B4.6
- A literatura galega desde os inicios ata 1900. Contextos histórico-literarios e principais autores e obras: cantigas e prosa medieval; Séculos Escuros; Ilustración; Rexurdimento; Rosalía, Pondal e Curros; os inicios da prosa e do teatro no século XIX. Bloque 5.

### 2º DE BACHARELATO

- Fonética característica do galego. Bloques dialectais. LG Un. 2 e 3.
- Morfoloxía da palabra e creación léxica: derivación e composición. Análise morfolóxica. LG Un. 4.
- Sintaxe: os elementos constituíntes e as funcións sintácticas no interior das frases, cláusulas e oracións. LG Un. 5.
- Significados das palabras. Relacións semánticas de todo tipo. LG Un. 6.
- Sintaxe básica da frase e da oración. LG Un. 7.
- Creación de diferentes tipos de textos coherentes con corrección. LG Un. 8.
- Conflito lingüístico, bilingüísmo e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingtcos. S-LCA. Un. 1
- Historia da normativización lingüística do galego. A construción do galego estándar. Interferencias e desviacións da norma. S-LCA. Un. 2
- Linguas minorizadas e l. minoritarias. O galego en vías de normalización. S-LCA. Un. 3
- A lingua galega no século XX e principios do XXI. Características lingüísticas, situación e niveis de comunicación e uso nos distintos contextos que se dan nestes tres períodos: a preguerra, a posguerra e na actualidade. O marco legal vixente. S-LCA. Un. 4, 5 e 6.
- Os períodos literarios, as correntes estéticas, autores e obras máis representativas da literatura galega do século XX e principios de XXI: A época das irmandades da Fala e o grupo Nós. As vangardas. A literatura do exilio. A recuperación da poesía e da narrativa e as tendencias na segunda metade do século XX. O teatro galego ao longo do século XX. As correntes poéticas e narrativas de finais do século XX. As tendencias actuais da lírica, da narrativa, da dramática e da ensaística. LIT. Unidades 1 a 12.

## CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO DE BACHARELATO

Para poder dar unha cualificación en cada unha das tres sesións de avaliacións previstas durante o curso todos os profesores deste departamento avaliarán o alumnado a través de diferentes probas, exercicios e actividades nas que este demostre o seu grao de coñecemento da materia, acade os estándades do curso e o logro dos obxectivos previstos. Non se pode perder de vista que un obxectivo primordial para o final do bacharelato é o dominio completo no manexo da lingua, con demostración de competencia lingüística activa e pasiva, tanto por oral como por escrito, incluíndo a produción de textos con fluidez e dominio dos diferentes rexistros da lingua.

- Antes de cada sesión de avaliación cada alumno fará polo menos dúas **probas específicas** (exames) que medirán os seus coñecementos teóricos e as aplicacións prácticas destes (excepcionalmente poderá haber só un exame para a 1ª avaliación). Isto inclúe exposicións orais e escritas de coñecementos, resolución de exercicios prácticos de lingua e comentarios de datos sociolingüísticos e de textos literarios que completen a erudición literaria adquirida previamente. Á hora de cualificar estes exames non só se terán en conta os acertos nas exposicións e nas resolucións prácticas senón tamén a ausencia de erros de expresión lingüística.

O alumnado que nunha (ou máis) probas específicas sexa cualificado cunha nota tal que, sumando os outros criterios, non acade o aprobado na avaliación poderá optar a unha segunda oportunidade (chamada habitualmente recuperación) que non ten por que ser dentro do período da mesma avaliación suspendida.

Cando se fagan dous ou máis exames dentro dunha avaliación, a nota deles é a súa media aritmética. **Pero** se algún deses exames **non chega a 4 puntos**, ese exame está claramente suspenso e **non se fai a media**: para poder ser aprobada esa avaliación deberá recuperar ese/s exame/s e superar como mínimo eses 4,5 puntos. Despois xa se farán a suma, a media de puntos nos exames e se aplicará o peso do 90% que teñen os exames na cualificación da avaliación.

Realizarase sempre un exame final. Programarase dentro do mes de xuño (maio para 2º de bacharelato) e será a derradeira oportunidade de superar o curso na convocatoria ordinaria que se lle ofreza ao alumnado que non foi quen de aprobar as avaliacións parciais e as recuperacións. Se o profesor o considera oportuno, pode dividir o exame final en dúas sesións

ás que poden acudir todos o alumnado suspenso e mais os aprobados que desexen subir a cualificación.

- Outro factor de cualificación é a **avaliación do proceso de aprendizaxe**, que inclúe a valoración das actitudes do alumnado que, dada a súa idade e formación previa, debe demostrar no seu traballo diario o respecto debido aos compañeiros de aula e ao profesorado e ofrecer facilidades para a realización de debates ou traballos en equipo; a resolución de exercicios e comentarios prácticos; a presentación con decoro das probas escritas, e manter unha práctica oral correcta. Dentro deste apartado tamén se inclúen a **lectura das obras obrigatorias** que se indican para cada trimestre e que se indican na presente programación; delas o alumnado deberá dar conta a través de exposicións orais, debates na aula, resumos, comentarios ou outro tipo de traballo oral ou escrito que o profesor propoña para cada obra na clase.

Na avaliación deste proceso de aprendizaxe cada profesor deberá facer valer todas aquelas anotacións feitas no seu Caderno Diario de Clase, moitas das cales se refiren a valoracións de actitudes e de interaccións orais das que, obviamente, non queda documento ou proba escrita.

A porcentaxe de cada un dos criterios de cualificación, anteriormente expresados, nas cualificacións trimestrais e na final é a seguinte:

**- 90 % as probas específicas,** que deben atinxir de maneira proporcionada os apartados de **lingua** (comprensión e produción de textos orais e escritos, mecanismos de funcionamento da lingua e historia social da lingua) e de coñecemento da **literatura**. Naquelas probas escritas ou traballos sobre lecturas obrigatorias, avaliables, con preguntas nas que o alumnado teña que redactar (definir, elaborar textos, responder a cuestionarios...) **poderanse descontar ata 2 puntos da nota obtida por coñecementos:** ata 1 punto por deficiente expresión escrita (na adecuación ao tema, coherencia, cohesión, puntuación e manexo do léxico) e ata 1 punto por erros de lingua e de ortografía. (Na liña dos criterios de cualificación vixentes nas Probas de ABAU de Lingua Galega e Literatura e para dar conta das prescricións —Contidos, Criterios de avaliacion e Estándares de aprendizaxe— do Bloque 2 do Currículo da materia: “Comunicación escrita. Ler e escribir”).

**- 10 % o proceso de aprendizaxe.** Neste apartado conxúgase a media aritmética das notas outorgadas ao longo de cada trimestre por:

- Actitude positiva de cara á resolución das tarefas propostas para rematar na casa (10-15 minutos, unha vez por semana como máximo).

- Resultados positivos das anteriores tarefas.
- Lectura de obras obrigatorias, que comprende tanto o acto de lectura en si e a súa comprensión como unha exposición (oral ou escrita) sobre ela. Matización: en 2º de bacharelato non se pon lectura obrigatoria para o 3º trimestre.

Aplicadas estas porcentaxes, en cada unha das tres avaliacións parciais o alumnado levará consignada no boletín a nota resultante, **con truncamento dos decimais**.

En definitiva, ao acabar o curso avaliarase en cada alumno/a o grao de consecución dos obxectivos do curso e tamén o seu índice de logros nos estándares de aprendizaxe. Un alumno aprobado debeu de acadar, como mínimo, un cincuenta por cento dos estándares de aprendizaxe.

## Criterios de promoción en Bacharelato

Para superar a materia de Lingua e Literatura Galega en bacharelato e promocionar de primeiro curso ao segundo, ou rematar a etapa, o alumno/a debe superar satisfactoriamente as tres avaliacións a que foi sometido ao longo do curso de maneira que, aplicando as porcentaxes expresadas no apartado anterior, en cada avaliación obteña na suma unha cualificación de 5 puntos ou máis.

Como o proceso de aprendizaxe non é recuperable unha vez que vai transcorrendo o curso, o alumnado que teña unha, dúas ou tres avaliacións suspensas deberá recuperalas repetindo as respectivas probas específicas e/ou os traballos sobre as lecturas, intentando acadar unha cualificación coa que, aplicando as porcentaxes, acade na avaliación ou avaliacións suspensas a cualificación de 5 puntos. Será o profesor/a quen lle indique como recuperar esa/s partes suspensas do curso.

A cualificación definitiva na avaliación final ordinaria de xuño será a media aritmética das tres avaliacións parciais do curso. **Insísitese en que esta media só se aplicará se as tres avaliacións parciais do curso están cualificadas (ou recuperadas) con nota de 5 ou superior.** Nas avaliacións finais, tanto a ordinaria (xuño-maio) como a extraordinaria (setembro-xuño) a cualificación que apareza no boletín de notas será redondeada á alza se acada un decimal de 0,7 ou superior.

O peso maioritario das probas específicas de contidos non debe facer esquecer a importancia dos outros elementos que tamén inflúen na cualificación final. Especial atención debe poñer o profesorado á hora de valorar a concesión dese 10 % da cualificación que se outorga ao longo de todo o curso polo amplo concepto aquí denominado “proceso de aprendizaxe”, que obriga a unha atención e valoración individualizada de todo o que ocorre

dentro da aula entre o alumnado: actitudes de aprendizaxe, autoesixencia, respecto, maduración persoal, tolerancia e colaboración entre colegas.

En bacharelato o profesor debe atender a que cada alumno/a demostre acadar de maneira bastante equilibrada os estándares de aprendizaxe relacionados coa lingua e os relacionados coa literatura pois esta, nos dous cursos de bacharelato, ten unha relevancia equivalente á lingua, e en todo caso maior que a que ten nos catro cursos da ESO. A medida que o alumnado vai avanzando nos dous cursos de bacharelato o profesor valorará os avances observables en cuestións como a destreza e comprensión de textos de certa complexida acaída á idade e formación deste alumnado, a formulación de xuízos críticos persoais e unha expresión oral e escrita en galego que xa debe achegarse nestes niveis á corrección máxima.

## ASPECTOS COMÚNS A TODOS OS CURSOS DE LINGUA GALEGA E LITERATURA DESTA PROGRAMACIÓN

### PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Tradicionalmente considerouse a avaliación como unha actividade externa ao ensino: valorábase ao final de curso se o sistema producira o efecto desexado en cada alumno e este obtiña ou non unha acreditación fronte aos demais. Actualmente enfócase a avaliación como unha actividade integrada desde o primeiro día dentro do proceso de aprendizaxe e, desde logo, claramente diferenciada do que se coñece como exame. Avaliar non é só comprobar a final de curso o grao de consecución dos obxectivos previstos para cada alumno ou alumna. Moito antes, avaliar supón ir coñecendo as estratexias que cada alumno pon en xogo para realizar as tarefas demandadas, ver que dificultades ten cada un deles e como intenta resolvelas. A avaliación é, daquela, un proceso informativo e formativo ao tempo, que precisa dunha fluída interacción alumnado/profesorado para axudar a aqueles no proceso de aprendizaxe e que mesmo pode obrigar ao profesorado da materia a reformular accións docentes xa planificadas.

Conforme estes parámetros, os **procedementos de avaliación** aplícanse en tres fases:

- A avaliación inicial, ou de coñecemento de necesidades e de aptitudes aducativas ao comezo do curso.

- A avaliación medial ou procesual, que ha de ser permanente (facendo un control tras cada actividade co alumnado), sumativa (traballando a partir dos logros sucesivos), decisoria (que permita tomar decisións para mellorar) e completa (que avalíe a actividade na súa totalidade).

- A avaliación final, de acordo cos criterios expresados nos textos legais e na presente programación.

En definitiva, nesta materia optamos por unha avaliación combinada de procesos e de resultados.

**Instrumentos de avaliación**

De acordo co expresado no apartado anterior utilizaremos, entre outros, os seguintes instrumentos de avaliación:

- Tests e planteamento de cuestións abertas para aproximarnos aos coñecementos e ideas previas de cada un dos alumnos e alumnas.

- Cuestións pechadas que nos dan información importante sobre procedementos e actitudes do alumnado como velocidade ou comprensión lectora.

- Intercambio oral de impresións de cara a unha avaliación inicial de actitudes respecto da materia e dos contidos obxecto de estudo.

- Cuestións relacionadas directamente coa competrencia curricular, do tipo “Escribe tres textos de dez liñas cada un: un descritivo, outro narrativo e outro argumentativo”. Ou: “Analiza estas tres oracións simples: 1, 2 e 3”.

- Actividades xerais, dirixidas a toda a clase, e actividades específicas repartidas por grupos de alumnos.

- Proposta periódica de tarefas como exposicións orais en público (marcando as fases do discurso), realización de traballos en grupo que precisen certa investigación, explicación do proceso, exposición de resultados, etc. Con pautas e axuda do profesorado.

## CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE ESTA MATERIA

Nos catro cursos da ESO e nos dous de Bacharelato que imparte este departamento a metodoloxía didáctica ten unha parte común a todos eses cursos pois, ao ser de coñecemento e aprendizaxe progresiva os contidos desas materias en case todos os seus apartados, e desde logo nos contidos referentes ao apartado de Lingua Galega, a metodoloxía aplicable é similar en calquera deses cursos citados. Sempre se ten en conta a base de coñecementos que presentan os alumnos ao comezo de cada curso e, en xeral, a metodoloxía debe lograr unha actitude favorable do alumnado cara á aprendizaxe, para o cal se deseñan actividades motivadoras. Con todo, ademais destes planteamentos comúns, hai metodoloxías específicas que se deben aplicar en función do bloque de contidos que se trate. Detállanse a seguir:

- Nos temas do bloque de *Comunicación oral* debe utilizarse o ámbito comunicativo da aula para fomentar unha **actitude activa e participativa**, favorecendo tanto o **traballo individual como o cooperativo**. Alén diso, debemos insistir na necesaria fluidez e na corrección de posibles erros de fala. Non debe desaproveitarse a ocasión de facer debates sobre temas puntuais que tanto a propia actividade escolar como a actualidade poidan ofrecer. Cabe aquí a utilización de soportes videográficos onde se reflicta a utilización correcta e estandarizada na norma do galego.

- Nos temas do bloque de *Comunicación escrita* as actividades se encamiñan tanto á comprensión (lectura e análise de textos de todo tipo) como a expresión (corrección de textos escritos e mesmo producción de textos propios, tanto de feitura individual como colectiva). A máis que previsible **diversidade** entre o alumnado en canto ao coñecemento e competencias

en lingua galega (alumnado recén chegado español e non galego, estranxeiro, de ámbito hispánico ou non, lusófono ou non, etc.) debe ser tida en conta á hora de aplicar os estándares de aprendizaxe.

- Nos temas do bloque de *Funcionamento da lingua* ha de terse bo coidado en aplicar métodos que garantan máis a competencia comunicativa que a adquisición de contidos gramaticais, erro demasiado frecuente na práctica docente. Redución das análises gramaticais a niveis xerais e comprensibles. Tanto na ESO como no bacharelato a avaliación dos contidos deste bloque como dos dous anteriores (Lingua oral e escrita) farase máis ben a través de exercicios prácticos que de exposicións teóricas por parte do alumnado. Terase en conta a **diversidade** de procedencia xeográfica e lingüística do alumnado por se fosen precisas unha atención personalizada e/ou medidas de reforzo

- Nos temas pertencentes ao bloque de *Lingua e sociedade* a metodoloxía debe contribuír a catalogación dos **prezuízos** que puideran existir sobre a lingua galega (atraso, rural, pobreza, incultura, etc.), para lograr ir desmontándoos mediante unha serie de técnicas participativas (dramatizacións, debates) dentro da aula e entre o maior número de alumnos posible.

- Nos temas pertencentes ao bloque de *Lingua literaria* hai que introducir métodos que permitan ó alumnado a participar neste proceso comunicativo: é dicir, facelos lectores, lograr que a literatura prenda entre os seus gustos e afeccións. Débense introducir lecturas, na aula e para casa, de autores e obras de interese xuvenil e de xéneros que contacten co interese do alumnado: relatos curtos, policíacos, ciencia-ficción, etc. Tódalas estratexias deste apartado deben encamiñarse a **convidar persuasivamente á lectura**. Pode ser efectiva a utilización de documentais e filmes relacionados ou baseados en obras literarias para achegalas ao alumnado tamén desde estoutra perspectiva, así como a audición de cancións feitas sobre poemas da literatura galega.

Nun país de tan poucos lectores, no traballo con calquera dos cinco bloques de contidos fomentarase entre o alumnado a importancia da **utilización da prensa diaria** para practicar lecturas comprensivas e reflexivas, coa súa variedade de textos e estilos, a pesar da escasa oferta de prensa en galego que se atopa no mercado. E tamén o **uso das novas tecnoloxías da información e comunicación** como recurso para lograr información e para producir os propios textos.

De acordo co expresado na Introdución ao currículo de Lingua Galega e Literatura (Decreto 86 / 2015), o Departamento desta materia xunto cos outros cinco Departamento de Linguas (Castelá, Latín, Grego, Inglés e Francés) ten elaboradas unha pautas para acadar un **Currículum integrado de linguas**. Dito documento consta de tres apartados:

- Criterios metodolóxicos básicos.

- Acordos sobre terminoloxía.

- Evitar a repeticion de contidos.

Finalmente, como metodoloxía común a calquera asignatura dependente deste departamento, sempre que o transcurso do calendario e o avance dos programas o permitan, facemos periodicamente unha reformulación resumida dos contidos vistos anteriormente co obxectivo fundamental de facilitar a aprendizaxe daquela parte do alumnado que mostre algunha dificultade de comprensión. Tamén se fai unha revisión periódica do grao de consecución dos obxectivos propostos.

## MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS. LIBROS DE TEXTO PARA CADA CURSO DE ESO E BACHARELATO

- Utilización dos materiais e recursos propios da biblioteca do centro:

. Dicionarios de Lingua galega

. Dicionarios bilingües (con español, inglés, francés)

. Dicionarios de sinónimos / antónimos

. Dicionarios de dúbidas

. Dicionarios doutras linguas románicas, especialmente de portugués, e de inglés

. Enciclopedias redactadas en galego e noutras linguas

. Libros de texto, de consulta e de lectura

. Acceso a internet

- Recursos dentro da aula:

. Dicionario de Lingua galega, de acceso inmediato e común

. Libro de texto

. Caderno de clase

. Mapas de parede

. Canón e pantalla dixital (nas aulas que estean dotadas)

- Recursos fóra do centro:

. Todos os que ofrecen as Bibliotecas públicas próximas ao alumnado: J. Saramago (Vite), Ánxel Casal ou Universitaria en Santiago de Compostela. Biblioteca pública de Sigüeiro.

. Prensa diaria e/ou semanal, especialmente escrita en galego.

. Acceso a internet desde o propio domicilio.

## LIBROS DE TEXTO DA ESO E MAIS DE BACHARELATO

- Primeiro de ESO: *Lingua galega e Literatura*. Obradoiro Santillana.
- Segundo de ESO: *Lingua galega e Literatura*. Obradoiro Santillana.
- Terceiro de ESO: *Lingua galega e Literatura.* Obradoiro Santillana.
- Cuarto de ESO: *Lingua galega e Literatura*. Obradoiro Santillana.
- Primeiro de bacharelato: *Lingua e Literatura*. Edicións Xerais.
- Segundo de bacharelato. Non hai libro de texto.

**Lingua portuguesa.** 1º e 2º de ESO e 1º e 2º de bacharelato: Non hai libros de texto

## INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Os membros do Departamento levarán a cabo a avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe empregando os seguintes indicadores:

**En relación coa programación do Departamento:**

1. Contempla os obxectivos xerais da etapa, os contidos e os criterios de avaliación.
2. Define os criterios metodolóxicos.
3. Define os procedementos de avaliación e os criterios de cualificación.
4. Contempla medidas ordinarias de atención á diversidade.
5. La programación és independiente de calquera opción editorial.
6. La programación toma en consideración a utilización das TIC.
7. A programación contempla o tratamento dos temas transversais.

**En relación cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación:**

1. Os contidos están organizados e categorizados en función de bloques temáticos.
2. A secuenciación dos contidos facilita o recuerdo do visto e o repaso.
3. Establece unos mínimos de suficiencia nos criterios de avaliación.
4. As actividades de aula desenvolven suficientemente os diferentes tipos de contidos.
5. As actividades de aula favorecen o desenvolvemento de distintos estilos de aprendizaxe.
6. Las actividades favorecen o desenvolvemento da creatividade entre o alumnado.

**<u>En relación coa metodoloxía</u>:**

1. O profesorado é o que habitualmente introduce o tema.
2. O profesorado orienta individualmente o traballo do alumnado.
3. O alumnado segue a secuencia de actividades dun texto escolar.
4. Utilízanse outros textos e materiais didácticos de apoio, algúns de elaboración propia.
5. Parte das actividades realízanse en grupo.
6. Aténdese a diversidade dentro do grupo.
7. O tempo da sesión distribúese de maneira flexible en función da dinámica.
8. Poden usarse ás veces outros espazos para a didáctica: biblioteca, exteriores...
9. O traballo da aula harmonízase co traballo de casa.
10. A actuación docente na aula guíase por un enfoque globalizador e interdisciplinar.
11. A actuación docente intenta aproveitar ao máximo os recursos do Centro as oportunidades que ofrece el entorno.

**<u>A avaliación</u>:**

1. Avalíanse os coñecementos previos do alumnado.
2. Avalíase o proceso de aprendizaxe de maneira directa e a través dos materiais de traballo do alumnado.
3. Avalíanse os resultados.
4. Valórase o traballo que desenvolve o alumno na aula.
5. Valórase o traballo que leva a cabo na casa.
6. As probas contemplan diferentes niveis de dificultade.
7. O procedemento de corrección facilita a identificación inmediata dos erros.
8. Prográmanse actividades para ampliar e reforzar.
9. O alumnado e as súas familias coñecen os criterios de avaliación e de cualificación.
10. Analízanse os resultados co grupo de alumnos.
11. As sesiones de avaliación son suficientes y eficaces.
12. Avalíase periodicamente a programación en reunións de todos os membros do Departamento e queda constancia en acta do debatido e acordado.
13. Avalíase a propia práctica docente.
14. A avaliación é continua.
15. Os resultados das probas de avaliación confirman as conclusiones da avaliación continua.

## ALUMNADO PENDENTE. SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES NA E.S O. E EN BACHARELATO

O xefe do departamento estará en contacto permanente cos alumnos e alumnas de ESO e de 2º de Bacharelato que teñan pendente de aprobar a materia de Lingua Galega e Literatura do curso anterior. Este curso non haberá clases específicas para o alumnado pendente ao non dispoñer de horas libres o profesorado do departamento.

O xefe de departamento encargarase a principios de curso de entregarlle a este alumnado o temario específico de pendentes, solucionar dúbidas, marcar datas de realización dos exames parciais específicos de recuperación e da súa corrección. Desde o comezo do curso todo o alumnado pendente coñecerá os **contidos mínimos** que se lle esixen na súa condición de pendente. Os contidos ofrécense divididos en tres bloques que se corresponden coa materia da que van ser avaliados en cada un dos **tres exames parciais** que terán lugar ao longo do curso antes do **exame final**. Estes exames colocaranse fóra das datas habituais de realización dos exames do curso e, daquela, serán en decembro, marzo e mediados de abril. Haberá un exame final e definitivo para quen non supere algún dos dous exames parciais: será os últimos días de abril para que dea tempo a cualificalos, comentalos no seo do departamento e acudir coa cualificación definitiva á sesión de avaliación de pendentes, que habitualmente ten lugar contra mediados do mes de maio. Ao exame final terán que presentarse todos aqueles alumnos que non superasen a materia cos traballos e exames parciais propostos ao longo do curso.

Tamén haberá un **contacto permanente** entre o profesor encargado do alumnado pendente e os profesores que teñan na aula cada un deses alumnos, e especialmente antes de darlles a cualificación definitiva. Respecto a esta hai que diferenciar:

**En caso de que non sexa posible efectuar os exames previstos para pendentes (dous mais o final) cada alumno/a pendente será orientado e avaliado polo profesor/a que lle imparta no presente curso.** O xefe de departamento será informado da marcha académica deste alumnado.

Todo o anterior é válido para alumnado pendente da ESO e de bacharelato. Agora ben, o alumnado da **ESO** pendente pode optar por **outra vía** para aprobar esa materia pendente: seguir as indicacións e facer os traballos que lle vaia indicando o seu profesor ao longo do curso. Se non os resolve satisfactoriamente como para aprobar a materia pendente, sempre terá dereito ao exame final en abril xunto cos que opten pola vía dos tres exames máis o final.

Respecto ao alumnado pendente convén lembrar esta diferenza:

- A) Alumnado da ESO. A lei non pon obstáculos a que poida suspender a materia pendente do curso anterior e aprobar a do curso presente (é dicir, a pendente non fai de asignatura-chave).

- B) Alumnado pendente de 1º de bacharelato. Aquí si que a materia é chave para 2º.

Os **criterios de avaliación, de cualificación e de promoción** serán os mesmos que se lles aplicaron o curso anterior, pero **adaptados aos contidos reducidos** esixibles para o alumnado pendente e á súa traxectoria e rendemento académico no presente curso

## AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS SUBSEGUINTES

Na primeira semana de clase o profesorado do departamento fai unha avaliación inicial a todo o alumnado de 1º e 2º da ESO. No caso do alumnado de 1º da ESO, case todo el é novo no centro e por tanto descoñecido para o profesorado. A batería de cuestións a que se somete ao alumnado, e que está previamente deseñada polos membros do departamento, vai permitir tomar decisións en orde a:

- División do grupo en bous bloques, buscando a homoxeneidade en cada un deles, nos casos en que haxa desdobres.

- División do grupo en dous sugbgrupos, para o caso que un número non moi grande de alumnos ou alumnas dese grupo precise reforzo.

- Necesidade ou non de facer algunha adaptación curricular.

Á vista dos resultados destas probas de avaliación inicial os membros do departamento toman as decisións oportunas en conxunto e llelas comunican á xefatura de estudos e ao Departamento de Orientación.

Para o caso do alumnado de 2º da ESO, as probas de avaliación inicial só se lle fai ao alumnado novo recén incorporado a 2º curso ou a casos que, despois de teren cursado 1º de ESO no centro, aínda planteen dúbidas ao respecto. Para o resto do alumnado de 2º da ESO, en xeral xa coñecido polo profesorado do/s curso/s anterior/es, os membros do departamento toman as decisións en conxunto sen necesidade de outras probas.

## MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Hai factores de diversidade entre o alumnado de Lingua e Literatura Galega que están presentes en calquera dos cursos e niveis impartidos. Estes factores manifestanse de modo

diferente segundo as idades e os niveis e, daquela, son tratados de modo diferente. Nos dous primeiros cursos de ESO poden aparecer alumnos cun certo retraso escolar para os que o profesor propón as medidas de reforzo necesarias para a súa incorporación ao grupo. Pode haber tamén alumnos con dificultades de aprendizaxe para os que o profesor solicita un estudo e un informe do Departamento de Orientación do centro; tras este informe cabe a solicitude de colaboración co citado departamento e, se fose necesario, a realización dunha adaptación curricular individualizada.

Nos últimos anos a diversidade dentro dunha aula na materia de Lingua Galega e Literatura vén dada principalmente a partir destes factores:

- Maior ou menor competencia lingüística do alumnado.
- Maior ou menos grao de coñecementos previos adquiridos nos cursos anteriores.
- Levar pendente a materia de cursos anteriores (véxase apartado específico).
- Estar exento da materia de Lingua Galega e Literatura.
- Non estar exento pero proceder doutras Comunidades Autónomas de España ou de países hispano-falantes.
- Proceder de países non hispano-falantes e ter mesmo dificultades de comprensión / expresión en castelán.
- Proceder de países lusófonos.
- Ter algún tipo de discapacidade auditiva ou expresiva (por oral ou por escrito).

Alén destes factores, reflexo real da variabilidade social, hai que ter en conta a actitude do alumnado cara a aprendizaxe da materia; os alumnos coas actitudes menos positivas, que obxectivamente lle van dificultar ao alumno a obtención do título de graduado en ESO, deben ser motivados por medio de sinxelas aplicacións prácticas como exercicios sobre textos e lecturas e composicións de textos, máis que a través da acumulación de conceptos teóricos, gramaticais ou meramente eruditos.

Para todos estes casos (agás os exentos e os pendentes, que teñen un trato específico) o profesorado do departamento actúa coa flexibilidade necesaria en cada caso, adaptando os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe a cada alumno ou alumna. O obxectivo xeral é que ao final do curso teñan un maior coñecemento da realidade lingüística galega e mostren avances na súa comprensión e na súa expresión, por oral e por escrito.

A atención á diversidade nos cursos iniciais de ESO incide tanto na metodoloxía (fomento da expresión oral e escrita, adquisición de léxico, traballo en equipo) como na programación e secuenciación dos contidos (gradual, proporcional, adaptada, etc.).

En xeral, as medidas de atención á diversidade constitúen un traballo cooperativo que require a colaboración do Departamento de Lingua Galega e Literatura e do Departamento de Orientación, que deben traballar cos mesmos obxectivos de atención a alumnos e alumnas con dificultades de aprendizaxe na materia de Lingua e Literatura Galegas, adoptando decisións colexiadas, e mantendo frecuentes contactos.

Este curso o departamento pode impartir en cursos con desdobre de alumnado nos tres grupos de 1º e en agrupamentos en 2º da ESO. Os desdobres son por metade do alumnado do curso. En caso de que o criterio do desdobre fose facer un grupo pequeno de alumnado que precisa reforzo, este Departamento ten acordado o seguinte:

- Habendo un grupo de referencia e un grupo de reforzo, este non sobrepasará un número máximo de arredor de seis alumnos e alumnas, dependendo das necesidades.

- Prefírese agrupalos baixo a característica común de necesidades específicas e non de alumnado disruptivo na aula.

- Os alumnos e alumnas do grupo de reforzo (2º da ESO) seguirán un Programa na medida do posible semellante ao do grupo de referencia, pero moi intensivo, co obxectivo expreso de se volveren reintegrar neste último.

- Os alumnos e alumnas do grupo de reforzo serán avaliados en cada avaliación polo profesor ou profesora dese grupo pero, cando obteñan a cualificación de SUFICIENTE, valorarase o seu posible retorno ao grupo de referencia. Á súa vez, desde o grupo de referencia, en combinación co Dpto. de Orientación, poderanse propoñer novos alumnos e alumnas que se considere que deban recibir esta atención.

Aínda que cada caso ten unhas especificidades propias, en xeral a práctica diaria de clase e os contidos que se lle demanda a este tipo de almnado é o que se coñece como **mínimos imprescindibles** que indiquen os logros esperados:

- Ditados expresión oral a partir de frases curtas.

- Prácticas sinxelas de expresión escrita: notas, fichas, descricións de obxectos concretos e de persoas, etc.

- Lectura expresiva en canto a fluidez, articulación e entoación.

- Lectura comprensiva.

- Ortografía do discurso (signos de puntuación, expresión e acentuación) e ortografía da palabra.

- Desenvolvemento de capacidades de comunicación para contar experiencias, descricións, narracións, argumentacións...

- Apreciar os aspectos formais dos textos e diferenciar as ideas principias das secundarias.

- Vocabulario (limitado) máis relevante.

- Análise e reflexión sobre a propia lingua a partir da adquisición dos conceptos básicos de morfoloxía e sintaxe en cada curso / nivel: a sílaba, as clases de palabras (nomes, verbos, adxectivos…), a palabra e a frase como unidade de significado, a oración e as partes da oración, etc.

- Características dos xéneros literarios e principais autores e obras da historia literaria galega.

- Lectura, comentario e resumo de textos literarios sinxelos e breves que se presentan como 'Lecturas'.

**Alumnado exento de Lingua Galega e Literatura**

O alumndo que, conforme o que dispón a lexislación vixente, estea exento de cualificación na materia de Lingua Galega e Literatura aterase ás condición previstas na lei para acollerse á exención. Igualmente o profesorado do departamento observará as previsión legais para este tipo de alumnado e actuará pedagoxicamente de maneira que o alumno/a mostre un progreso notorio en lingua galega ao rematar o curso, aínda que non sexa avaliado como o resto do alumnado. Trátase de ofrecerlle a este tipo de alumnado con exención unha aprendizaxe alternativa que favoreza a súa cómoda e gradual incorporación ao coñecemento da lingua polo menos como elemento vehicular, tal e como contempla a lexislación vixente.

## PROGRAMACIÓN DE TEMAS TRANSVERSAIS E EDUCACIÓN EN VALORES

Son moito máis fáciles de tratar nos cursos da ESO que nos de bacharelato dada a maior complexidade dos temarios e a menor duración do calendario lectivo nun curso como o 2º de bacharelato, en gran medida orientado a preparar os programas que se lle van esixir ao alumnado que se presente ás probas de acceso á universidade.

A **comprensión lectora**, a **expresión oral e escrita** e o recurso a todo tipo de **tecnoloxías de información e de comunicación** xa son unha parte substancial do currículum e da práctica docente diaria na materia de Lingua galega e literatura.

Os textos publicitarios e xornalísticos en xeral aportados polo profesora ou o propio alumnado e traballados na aula son adecuados para tratar os temas da **educación non sexista**

**(**ou, se se quere, a **igualdade entre homes e mulleres**), a **prevención da violencia de xénero,** a **igualdade de trato** e a **non discriminación** por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Os obxectivos son promover actitudes críticas coa violencia e a discriminación e de fomento do respecto por todo tipo de persoas.

A propia información sobre a actualidade e posibles feitos sucedidos no entorno escolar, protagonizados ou observados polo alumnado, poden ser aptos para debater sobre a prevención e conveniencia da **resolución pacifica de todo tipo de conflitos** (en calquera ámbito) e para fomentar o **respecto polos dereitos humanos**, especialmente cara a aquelas persoas que mostren algún tipo de **discapacidade**.

A convivencia cotiá, a observación da publicidade e o tratamento que lle dan a estes asuntos os medios de comunicación (en especial o cine e as teleseries) deben servir para fomentar o respecto absoluto e a non discriminación por razón de **orientación sexual** ou **identidade de xénero**.

Consonte cos tempos presentes, a lectura de fragmentos ou de textos literarios debe servir para espertar entre o alumnado un certo **espírito emprendedor** e de iniciativa empresarial.

Finalmente, a realidade cotiá do desprazamento e transporte de gran parte do alumnado en autobuses de transporte escolar, o tránsito pola cidade de camiño ao instituto ou de regreso a casa, o ocio urbano en Santiago, etc. servirá para a o fomento da vida sá, o respecto polas normas de urbanidade e a **prevención de accidentes de tráfico** como peóns ou viaxeiros.

## FOMENTO DA IGUALDADE

De acordo co Plan de Igualdade elaborado pola dirección do centro, a acción pedagóxica do profesorado deste departamento, en todas as materias e niveis que imparte, debe encamiñarse a fomentar a igualdade entre persoas por enriba de calquera matiz que as caracterice. Daquela o profesorado do departamento estará especialmente atento a:

- Vixiar posibles situacións de desigualdade na aula e intentar corrixilas coa discreción oportuna.

- Detectar posibles casos de sexismo lingüístico nos materiais pedagóxicos (libros de texto, apuntamentos, materiais de apoio...) e corrixilos adecuadamente. especialmente atento se estará a este aspecto na produción de textos didácticos propios.

- Deseñar actividades que promovan a percepción igualitaria entre nenos e nenas, mozos e mozas, homes e mulleres.

- Colaborar activamente na prevención da violencia de xénero.

INSTITUTO DE BACHARELATO *ARCEBISPO XELMÍREZ-II*

SANTIAGO DE COMPOSTELA

## DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

## SÍNTESE DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2021-2022

Para os cursos de Lingua Galega e Literatura da ESO os obxectivos son sempre ir acadando un maior dominio da lingua, tanto na expresión oral como na escrita, e un achegamento aos fenómenos e textos literarios máis sobranceiros da nosa cultura. Isto implica unha corrección cada vez maior a medida que se avanzan cursos e un incremento proporcional na utilización do léxico e na creación e composición de textos: utilitarios (cartas, documentos, instancias, recursos) ou creativos (xornalísticos, publicitarios e literarios). Tamén é necesaria unha gradación no achegamento aos textos literarios.

Os contidos non esquecen revisar aspectos vistos nos cursos anteriores ao tempo que se incorporan outros novos, máis específicos do propio curso, e previos ao Bacharelato onde de novo se tratan cuestións de Gramática, de Sociolingüística e de Historia da Lingua xa vistas anteriormente, pero agora co rigor e o nivel acordes á idade e capacidades deste alumnado preuniversitario.

No curso de 1º de Bacharelato non hai que perder de vista que a maioría do alumnado toma contacto cunha visión xeral e xa completa da nosa historia literaria, que ten continuación no 2º curso de Bacharelato; por iso é preciso tanto ofrecer unha panorámica dos períodos, autores e obras máis importantes, como aproximalos ao feito da creación literaria a través do comentario de textos escollidos.

En calquera dos cursos considérase a lectura e o traballo sobre obras literarias, galegas ou traducidas, como unha práctica indispensable para avanzar no dominio da lingua e no desenvolvemento de aptitudes creativas elementais e comúns: descrición, exposición, diálogos, prosa utilitaria, noticia de xornal, linguaxe poética ou relato breve: a realización destas lecturas e traballos forma parte dos criterios de avaliación en tódalas materias e cursos que imparte o departamento.

Para cada curso especifícanse os contidos mínimos esixibles así como os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe, os criterios de cualificación e os de promoción que se aplicarán ao longo do curso e nas avaliacións finais.

Tamén se inclúen os programas para a recuperación dos alumnos pendentes de cursos anteriores, a programación dos temas transversais, as medidas de atención á diversidade, o tratamento do alumnado procedente de fóra de Galicia —con exención ou sen ela— e as actividades complementarias do Departamento e do Equipo de Dinamización Lingüística.

# Investigación e Tratamento da información

## (materia de libre configuración 1º de ESO)

**INTRODUCIÓN**

- Para a elaboración desta programación seguimos a Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta, neste caso, a materia de Investigación e Tratamento da Información ofertada polo Departamento de Lingua e Literatura Galega do IES Xelmírez II para 1ºESO a razón de 1h semanal o que supón unhas 35h anuais.

- Esta proposta nace co fin de facilitar o tratamento, de forma intensiva ao longo dun curso escolar, dos contidos que constitúen a cerna da denominada competencia informacional. Esta competencia aparece supeditada á competencia dixital e involucra un grupo de destrezas, coñecementos e actitudes imprescindibles para desenvolverse na sociedade da información e, a unha escala máis próxima, nas prácticas académicas máis comúns
- Elaboramos a nosa programación tendo en conta o carácter da materia, a súa distribución horaria e o que se indica na Orde do 15 de xullo e que copiamos deseguido: "O desenvolvemento dos contidos que se propoñen está ligado á biblioteca escolar do centro desde o momento en que esta, concibida como un centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe, se constitúe como ferramenta esencial para o desenvolvemento de competencias clave ás que contribúe esta materia... xa que ofrece oportunidades de aprendizaxe con recursos impresos e dixitais, presentes ou accesibles a través da rede (...) Esta materia **non se pode abordar de xeito lineal nin teórico**. Non se trata de desenvolver os bloques como compartimentos estancos ou propostas diferenciadas. Pola contra, o desenvolvemento da competencia informacional require o deseño de situacións contextualizadas que obriguen á **resolución dun problema ou á realización dun produto, textual ou audiovisual** como resposta a unha necesidade de información. A **metodoloxía de proxectos resulta a máis acaída** (...) É por iso que se recomenda o tratamento dos contidos a partir dun tópico, un problema ou a necesidade de coñecer, comprender e comunicar as súas descubertas, sobre unha situación do seu contexto máis próximo ou doutras realidades ás que pode acceder o alumnado".
- Daquela decidimos estruturar a materia ao redor de **tres unidades didácticas/proxectos en cadanseu trimestre** que conlevarán a **realización dun produto real** e amais levarán asociadas distintas microactividades que permitan desenvolver as destrezas fundamentais vencelladas coa materia e en lingua galega.

| | |
|---|---|
| Unidade formativa 1: **O meu lugar** (Elaboración e presentación pública ante alumnado do centro da aldea ou vila na que viven e logo subida ao blog do EDL) | Temporalización: 1º trimestre. Número de sesións: 10 |
| Unidade formativa 3: **Na busca da biblioteca** (Coñecemento do uso e funcionamento da biblioteca e das bibliotecas da contorna que lles procure a posibilidade de seren guías das mesmas para o resto do alumnado) | Temoralización: 2º trimestre. Número de sesións: 9 |
| Unidade formativa 2: **Persoeiros de noso** (Elaboración e presentación pública ante alumnado do centro un proxecto sobre un persoeiro senlleiro da comarca na que viven e logo subida ao blog do EDL | Temoralización: 3º trimestre. Número de sesións: 10 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ***OBXECTIVOS* / CONTIDOS** | *a, b*<br>*e, f*<br>*g, h*<br>*n,o* | *B1.1*<br>*B1.2*<br>*B1.3*<br>*B1.4* | A biblioteca como espazo de acceso á información e como espazos culturais<br>Recursos informativos físicos e virtuais. Dereitos de autoría<br>Estratexias de procura eficaz |
| | *b*<br>*e*<br>*f*<br>*g*<br>*h* | B2.1<br>B2.2<br>B2.4<br>B2.5<br>B2.6<br>B2.9<br>B2.10 | Sistemas estandarizados de organización biblioteca.<br>Procuras no catálogo informatizado da biblioteca escolar<br>Internet como fonte de información<br>Estratexias de busca<br>Espazos dixitais creados na aula e no centro<br>Internet e as creacións colectivas<br>Valoración da información recollida na rede |
| | *a*<br>*b*<br>*e*<br>*g* | B3.1<br>B3.2<br>B3.3<br>B3.4 | Procesos de investigación<br>Planificación dun proxecto de investigación<br>Traballo en grupo<br>Preparación da procura informativa |
| | *a,b*<br>*e,g*<br>*h,o* | B4.1<br>B4.2<br>B4.3<br>B4.4<br>B4.5 | Necesidades informativas, fontes de información e valoración e selección da mesma<br>Análise, comprensión e valoración da información atopada<br>Proceso de información: extracción e síntese<br>Citas e referencias |
| | *a,b*<br>*e,g*<br>*h,n* | B5.1<br>B5.2<br>B5.4<br>B5.6<br>B5.7<br>B5.8<br>B5.9 | Organización e reelaboración da información<br>Estruturación da información<br>Presentación dos produtos informativos propios. Pautas para a presentación de traballos escritos e audiovisuais<br>Citas e referencias nos traballos informativos<br>Tratamento e edicións de produtos dixitais<br>Características dos textos dixitais eficaces<br>Exposicións orais dos traballos realizados |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **C R** | | **Est.** | **COMPE** | **Instru** | **Conti** |

| | | Apren. *INEINB.* | T. | mAval ia. | -dos |
|---|---|---|---|---|---|
| | Utilizar a biblioteca do centro e da contorna como espazos culturais e de acceso á información | 1.1.1, 1.1.2, 1.2.1 | CCL, CD, CAA,CSI EE, CCEC | A, C, D, E | B1.1 B1.2 |
| | Identificar e manexar fontes documentais e os recursos informativos segundo tipoloxía | 1.3.1, 1.3.2, 1.3.3 | CD, CAA, CSIEE | A, B, C, D | B1.3 |
| | Adaptar as estratexias de procura ás características dos recursos dixitais | 1.4.1, 1.4.2 | CCL, CAA, CD | A, B, C, D, E | B1.4 |
| | Recoñecer os dereitos de autoría | 1.5.1 | CSC, CAA | A, B, | B1.5 |
| | Coñecer a organización da biblioteca e a CDU | 2.1.1, 2.1.2, | CCL, CAA | A, B, C, D | B2.1 |
| | Comprender e saber utilizar o catálogo informatizado da biblioteca | 2.2.1, 2.2.2 | CAA, CD, CSIEE | A, B, C, D | B2.2 |
| | Acceder á rede e coñecer os recursos dispoñibles a través de Internet | 2.4.1, 2.4.2 | CD, CAA, CSIEE | A, B, C, D, E | B2.4 |
| | Planificar as procuras informativas | 2.5.2,2.5. 3, 2.5.4 | CD, CAA, CSIEE | A, B, C, D | B2.5 |
| | Coñecer os espazos virtuais do centro educativo | 2.6.1 | CSC,CD, CSIEE | A, B, C, E | B2.6 |
| | Valorar as creacións colectivas na rede | 2.9.1 | CD, CSC | A, C,D | B2.9 |
| | Avaliar de forma crítica a información recollida e contrastala | 2.10.1, 2.10.2 | CCL, CD, CSC | A, B, C, D, E | B2.10 |
| | Recoñecer os pasos para seguir nun proceso de investigación | 3.1.1 | CAA, CSIEE | A, B, C, D, E | B3.1 |
| | Planificar o proceso de procura e recuperación da info | 3.2.1 | CCL, CAA | A, C | B3.2 |
| | Organizar o traballo a nivel individual ou grupal | 3.3.1, 3.3.2 | CCL, CAA, CSC | A, C, D, E | B3.3 |
| | Preparación da procura informativa | 3.4.1 | CCL, CAA | A,BC , D, E | B3.4 |
| | Identificar o tipo de información que se precisa, localizar as fontes dispoñibles, realizar consultas seguindo un plan deseñado | 4.1.1, 4.1.2, | CCL, CD, CAA | A, B, C, D, E | B4.1 |
| | Ler de forma comprensiva distintos tipos de textos e valorar criticamente a sua información | 4.2.1, 4.2.2, 4.3.1 | CCL, CD, CAA | A, B, C, D, E | B4.2, B4.3 |
| | Recoller as fontes consultadas para os efectos e citalas correctamente no produto final | 4.5.1 | CCL, CD, CAA, CSC, CCEC | A, B, C, D, E | B4.5 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Organizar a información recuperada xerarquizándoa e plasmándoa en esquemas, mapas conceptuais, guións, ... | 5.1.1,<br>5.2.1 | CCL, CD, CAA | A, B, C, D, E | B5.1,<br>B5.2 |
| | Estruturar mediante un guión textos de tipoloxía distinta | 5.3.1 | CCL, CA, CD | A, B, D | B5.3,<br>B5.4 |
| | Coñecer e aplicar as pautas formais para a elaboración de traballos orais, escritos e audiovisuais utilizando procesadores de texto de xeito autónomo | 5.4.1,<br>5.4.2,<br>5.7.1,<br>5.9.1 | CCL, CA, CD | A, B, C, D, E | B5.5 |
| | Expor de forma ordenada e a partir dun guión previo o traballo realizado, argumentando as opinións e respectando as diverxencias e citando correctamente as fontes | 5.5.1,<br>5.5.2,<br>5.6.1,<br>5.9.2,<br>5.9.3 | CAA, CD, CSC, CCEC, CSIEE | A, B, C, D, E | B5.6,<br>B5.7,<br>B5.8<br>B5.9 |

| | | |
|---|---|---|
| **ESTÁNDARES DE ARENDIZAXE** | INEINB1.1.1<br>INEINB1.2.1<br>INEINB1.3.1<br>INEINB1.3. 3<br>INEINB1.4.1<br>INEINB1.4.2<br>INEINB1.5.1 | Utiliza a biblioteca do seu centro e as do seu contorno para cubrir necesidades de lectura e de información<br>Diferencia os documentos informativos en función do seu contido<br>Accede de forma autónoma a contidos audiovisuais e a fontes orais<br>Distingue as ideas principais das secundarias nos documentos e recupera info de xeito eficaz<br>Identifica e respecta a autoría dos textos e imaxes |
| | INEINB2.1.1<br>INEINB.2.2.1<br>INEINB2.2.2<br>INEINB2.4.1<br>INEINB2.5.2<br>INEINB2.5.4<br>INEINB2.6.1<br>INEINB2.9.1<br>INEINB2.10.1 | Identifica os códigos da CDU polos que están organizados os fondos<br>Realiza procuras no catálogo por autor, título e materia<br>Localiza documentos en función das súas necesidades informativas<br>Usa internet de xeito autónomo e valora as súas propias características<br>Utiliza palabras clave e aplica estratexias eficaces de busca<br>Emprega prensa e revistas dixitais como fonte informativa<br>Intervén nos espazos dixitais do centro<br>Emprega as creacións colectivas de Internet<br>Compara e contrasta a info recollida en varias fontes |
| | INEINB3.1.1<br>INEINB3.2.1<br>INEINB3.3.1<br>INEINB3.4.1 | Identifica os obxectivos do traballo de investigación e as súas fases<br>Elabora un esquema do traballo que vai realizar<br>Participa de xeito adecuado dentro do grupo<br>Formula preguntas sobre o tema que vai investigar |
| | INEINB4.1.1<br>INEINB4.1.2<br>INEINB4.2.1<br>INEINB4.2.2<br>INEINB4.3.1<br>INEINB4.5.1 | Identifica o tipo de información que precisa en función duns obxectivos<br>Localiza os recursos dispoñibles e acordes á súa necesidade informativa<br>Comprende e analiza textos continuos e discontinuos e sabe extraer as ideas principais<br>Deduce información explícita e implícita dos contidos audiovisuais<br>Selecciona e sintetiza a información tras valorala |

| | | |
|---|---|---|
| | | Compila as fontes consultadas e cítaas correctamente |
| | INEINB5.1.1<br>INEINB5.2.1<br>INEINB5.4.1<br>INEINB5.4.2<br>INEINB5.5.1<br>INEINB5.7.1<br>INEINB5.9.1<br>INEINB5.9.2<br>INEINB5.9.3 | Realiza esquemas, gráficos, mapas conceptuais, guións, etc. para organizar a información<br>Presenta os seus traballos segundo unhas pautas: paxinación, índice, bibliografía<br>Elabora textos propios mediante procesador de textos e presentacións audiovisuais para amosar o resultado das súas investigación<br>Participa na presentación oral dos traballos elaborados e faino argumentando con corrección e fluidez<br>Escoita as presentacións dos compañeiros e valóraas de xeito crítico |
| | | |
| **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN** | A | Observación directa da formulación, desenvolvemento, resultado e actitude ante a unidade didáctica |
| | B | Presentación pública do produto creado |
| | C | Entrevistas co alumnado |
| | D | Produción oral na aula (debates, diálogo....) |
| | E | Reportes do proxecto, evolución diaria. |
| | | |
| **METODOLOXÍA** | | Actividades para traballar todas as destrezas |
| | | Interdisciplinariedade coas Áreas de Sociais, Ciencias, Matemáticas e Informática e Tecnoloxía |
| | | Traballo por proxectos e cooperativo con gran presenza do audiovisual. |
| | | Creación de un produto final |
| | | |
| **RECURSOS** | | Aula de Informática e Biblioteca do centro |
| | | |
| **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN** | | Atendendo aos instrumentos de avaliación empregados, o resultado final obedecerá aos seguintes criterios<br>- A) Observación directa da formulación, desenvolvemento, resultado e actitude ante a unidade didáctica (30%)<br>- B) Presentación pública do produto creado (40%)<br>- C) Entrevistas co alumnado (10%)<br>- D)Produción oral na aula (10%)<br>- E) Reportes do proxecto (10%) |
| | | |
| **CRITERIOS DE** | | Para superar a materia o alumnado deberá obter como mínimo 5 |

| | |
|---|---|
| **PROMOCIÓN** | puntos en cada unha das tres avaliacións ordinarias do curso. De non ser así, terá un exame final en xuño onde debe recuperar as avaliacións que tivese suspensas. Esa cualificación será a resultante de avaliar as diferentes probas e traballos prácticos que se propoñen ao longo do curso. |

# LINGUA PORTUGUESA (2ª Lingua estranxeira)

**- 1º , 2º e 3º de ESO**

**- 1º de BACHARELATO**

## INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Desde hai anos o Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os Estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que consideramos debe comezar a traballarse e a fomentarse desde as idades máis novas do ensino obrigatorio.

O MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta liña hai que inserir a existencia dunha segunda lingua estranxeira (neste caso concreto, o portugués) como materia de aprendizaxe optativa na ESO e no Bacharelato. Está fóa de toda dúbida a importancia da competencia plurilingüe e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de xeito específico, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo.

Por outro lado, o diálogo intercultural permite poñer en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da

identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto polos dereitos fundamentais de todas as persoas.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. No caso da lingua portuguesa entre o alumnado xeralmente galego e galego-falante do IES Arcebispo Xelmírez-II, o nivel de dominio que se marca como obxectivo é ambicioso: comprensión e expresión básica en portugués para a ESO e comprensión e expresión correctas para o Bacharelato.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural en que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter pragmático e plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice, e que o faga consciente da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, para o éxito escolar e para a preparación para o mundo laboral

Para o tratamento integrado de linguas, igual que acontece no caso das dúas linguas cooficiais, haberá no caso desta Segunda Lingua Estranxeira unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

## CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS E DESENVOLVEMENTO DOS CURRÍCULOS

Ao tratarse dos cursos de 1º, 2º e 3º da ESO e de 1º de Bacharelato nos que este Departamento vai impartir a materia de Lingua Portuguesa como 2ª Lingua estranxeiras (optativa), a lexislación aplicable á hora de facer a Programación didáctica xa é a que desenvolve a Lomce, e en concreto as novas disposicións sobre programacións que prevé o Decreto 86 / 2015 da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

## LINGUA PORTUGUESA (2ª Lingua estranxeira). 1º, 2º e 3º de ESO

É obxectivo da ESO (apartado i) "comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada". Neste contexto é no que se enmarca a oferta desta materia no IES Arcebispo Xelmírez-II.

No presente curso 2021/2022 parte deste alumnado achégase por vez primeria a esta materia e ao coñecemento da lingua portuguesa, polo menos no ámbito escolar. A competencia comunicativa que se agarda que alcancen alumnos e alumnas ao final do curso é a correspondente ao desenvolvemento da capacidade de comunicarse oralmente e por escrito, o que implica a interiorización dos recursos lingüísticos, o achegamento á realidade sociocultural e o desenvolvemento da capacidade de aprender, de acordo co definido nos obxectivos e nos criterios de avaliación incluídos nesta Programación. Todos estes aspectos plásmanse nas actividades comunicativas de interacción, comprensión e expresión orais e escritas e a través delas poden ser avaliados.

## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DESTA MATERIA NA ESO

Ao finalizar o primeiro ciclo da ESO, o alumno estará capacitado para:

- Utilizar o idioma que aprende como medio de comunicación, tanto na clase como nas situacións cotiás, presenciais ou virtuais, de forma sinxela pero adecuada e eficaz.
- Achegarse aos aspectos sociais relevantes das situacións da vida cotiá e utilizar as formas de relación social e de tratamento máis usuais.
- Interiorizar os recursos lingüísticos necesarios nesas situacións, a través da práctica funcional e formal.
- Fomentar a motivación de entrada e buscar ocasións de ensaiar coa nova lingua, incluídas as que proporcionan as novas tecnoloxías da comunicación.
- Adestrarse no uso de estratexias que axilicen a comunicación e que faciliten a aprendizaxe.
- Informar sobre aspectos básicos da lingua e da cultura galego-portuguesa, tocante á súa importancia histórica, presenza no mundo e relevancia artística e literaria.

# DESENVOLVEMENTO DOS CURRÍCULOS (Decreto 86 / 2015)

## 1º de ESO

| | Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos, con referencia ás UU.DD. preparadas polo Departamento | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave |
| | Bloque 1. Comprensión de textos orais | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i | ▪ B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:<br>– Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.<br>– Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.<br>– Identificación de palabras clave.<br>– Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).<br>– Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.<br>– Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira.<br>▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.<br>▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.<br>▪ B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.).<br><br>**- Unidades 1, 2, 3, 4, 5** | ▪ B1.1. Comprender preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.<br>▪ B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.<br>▪ B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.<br>▪ B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible. | ▪ SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | Bloque 2. Produción de textos orais | | | |
| ▪ a | ▪ B2.1. Estratexias de produción: | ▪ B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se | ▪ SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha | ▪ CCL |

| | Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos, con referencia ás UU.DD. preparadas polo Departamento | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave |
| ▪ c<br>▪ d<br>▪ i | – Planificación:<br>– Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.<br>– Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa<br>– Execución:<br>– Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou as ideas principais, e a súa estrutura básica.<br>– Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.<br>– Expresión da mensaxe con claridade, coherencia básica e estrutura adecuada, e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.<br>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>– Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos<br>– Lingüísticos:<br>– Modificación de palabras de significado parecido.<br>– Definición ou paráfrase dun termo ou expresión.<br>– Uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta.<br>– Petición de axuda.<br>– Paralingüísticos:<br>– Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.<br>– Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).<br>– Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc) de valor comunicativo. | cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.<br>▪ B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.<br>▪ B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas, cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.<br>▪ B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos. | actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ SLEB2.2. Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |

| | Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos, con referencia ás UU.DD. preparadas polo Departamento | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave |
| | ▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.<br>▪ B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación (chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda, etc.), igualmente cotiás e moi básicas.<br>- **Unidades 1, 2, 3, 4, 5** | | | |
| | Bloque 3. Comprensión de textos escritos | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i | ▪ B3.1. Estratexias de comprensión:<br>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.<br>– Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva)<br>– Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).<br>– Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.<br>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas.<br>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.<br>▪ B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.<br>**- Unidades 6, 8** | ▪ B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.<br>▪ B3.2. Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles, e traballadas previamente.<br>▪ B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia.<br>▪ B3.4. Comprender textos propios de situacións cotiás próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos. | ▪ SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ SLEB3.3. Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | Bloque 4. Produción de textos escritos | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i | ▪ B4.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación:<br>– Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).<br>– Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). | ▪ B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.<br>▪ B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.<br>▪ B4.3. Escribir mensaxes moi | ▪ SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

| | Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos, con referencia ás UU.DD. preparadas polo Departamento | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave |
| | – Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.<br>– Execución:<br>– Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.<br>– Estruturación do contido do texto.<br>– Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.<br>– Expresión da mensaxe con claridade, axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.<br>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>– Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "paréceme ben", etc.).<br>– Revisión:<br>– Identificación de problemas, erros e repeticións.<br>– Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.<br>– Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).<br>– Reescritura definitiva.<br>**- Unidades 7, 9** | sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.<br>▪ B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. | etc.).<br>▪ SLEB4.3. Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas.<br>▪ SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD<br><br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i<br>▪ o | ▪ B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.<br>– Sons e fonemas vocálicos.<br>– Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.<br>– Procesos fonolóxicos máis básicos.<br>– Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.<br>▪ B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas<br>– Uso das normas básicas de ortografía da palabra.<br>– Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.<br>▪ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: | ▪ B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.<br>▪ B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.<br>▪ B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os | ▪ SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e iníciase no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.<br>▪ SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD<br><br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

| | Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos, con referencia ás UU.DD. preparadas polo Departamento | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave |
| | – Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.<br>– Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.<br>– Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.<br>– Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>▪ B5.4. Plurilingüismo:<br>– Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.<br>– Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.<br>▪ B5.5. Funcións comunicativas:<br>– Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.<br>– Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.<br>– Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.<br>– Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.<br>– Expresión do coñecemento, o | coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.<br>▪ B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.<br>▪ B5.5. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente.<br>▪ B5.6. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. | como hábitos, horarios, etc. | |
| | | | ▪ SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ SLEB5.4. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB5.5. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

| Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos, con referencia ás UU.DD. preparadas polo Departamento | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave |
| | descoñecemento e a certeza.<br>– Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.<br>– Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.<br>– Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.<br>▪ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:<br>– Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación.<br>– Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo.<br>▪ B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.<br>**- Unidade 10** | | | |

# 2º de ESO

| Segunda Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave |
| Bloque 1. Comprensión de textos orais | | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i | ▪ B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:<br>– Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto;<br>– Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.<br>– Identificación de palabras clave.<br>– Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica) | ▪ B1.1. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal e pública moi básica (identificación persoal, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento e actividades na aula.<br>▪ B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles | ▪ SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

| | Segunda Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave |
| | – Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.<br>– Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira.<br>▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.<br>▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.<br>▪ B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.). | relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.<br>▪ B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis salientables de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, onde e cando ocorre algo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas que posúen algo, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico, etc.) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.<br>▪ B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal e público moi elemental, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible. | instrucións e consignas de aula. | |
| | | | ▪ SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | Bloque 2. Produción de textos orais | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i | ▪ B2.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación:<br>– Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción.<br>– Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa<br>– Execución:<br>– Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.<br>– Activación dos coñecementos previos sobre modelos e | ▪ B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.<br>▪ B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.<br>▪ B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si | ▪ SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. | ▪ CSIEE<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

| | Segunda Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
- 9. Produción de textos escritos: copia de modelos escritos ou orais; impresos, persoais e esquemas sinxelos; notas persoais; listas de actividades; descricións breves sobre persoas e aspectos da súa contorna; relación breve de actividades; instrucións sinxelas; compromisos e normas en clase; biografías sinxelas (enumeración de datas e acontecementos); linguaxe creativa próxima a un modelo; descrición de plans e acordos da clase; portfolio.

- 10. Información teórica e práctica sobre aspectos culturais básicos relacionados coa cultura galego-portuguesa: dominio lingüístico con comentarios adaptados sobre o nivel da fala, principais autores literarios de cada país e información e temáticas (deportivas, artísticas, de lecer) que poidan ser de interese para alumnos e alumnas desas idades.

## CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

### Criterios de avaliación

- Identificar a intención comunicativa e confirmar detalles predicibles, formular hipóteses de contido a partir de mensaxes orais breves (contactos sociais cotiáns, avisos e anuncios contextualizados, previsións do tempo, explicacións e pasaxes sobre temas coñecidos, conversacións para satisfacer as necesidades máis básicas, etc.) sobre temas familiares, emitidos amodo, con claridade, en rexistro estándar e con posibles repeticións ou aclaracións.
- Captar a intención comunicativa, os puntos principais ou a información específica predicible de textos cotiáns, como mensaxes curtas de correo ou relacionados coas actividades diarias, letreiros, listados, documentos auténticos breves, de uso moi frecuente, instrucións sinxelas e relatos fáciles.
- Realizar breves intervencións e presentacións comprensibles, adecuadas e coherentes relacionadas cos seus intereses e coas necesidades de comunicación inmediatas, tales como: os contactos sociais cotiáns, intercambios sinxelos de información persoal e para obter bens e servizos, descrición breve de persoas, do lugar de residencia, traballo, actividades diarias, gustos, estados e intereses.
- Ofrecer información escrita sobre datos persoais e escribir mensaxes e pequenos textos sinxelos, relativos a aspectos concretos coñecidos tales como notas, SMS, breves cartas tipificadas, listas, instrucións, breves descricións de persoas e relacións de actividades.
- Comentar oralmente e por escrito aspectos elementais relacionados co ámbito de expresión da cultura galego-portuguesa no mundo.

En resumo, os **criterios de cualificación** acordados polo departamento, consonte cos anteriores criterios de avaliación, seguirán estas pautas:

- 1. Ao rematar o curso cada alumno/a debeu de ser sometido/a a un conxunto de probas que permitan valorar o grao de consecución dos obxectivos do curso e tamén comprobar o seu índice de logros nos estándares de aprendizaxe. Estas probas han de ser de tipo variado ao longo do curso (orais, escritas, teóricas, prácticas, lecturas, de actitude, etc.), han de atinxir o conxunto de estándares de aprendizaxe da materia e han de permitir ofrecer datos obxectivos para poder medir a capacidade do alumnado nos cinco apartados que se explicitan a seguir no punto 3.

- 2. O alumno/a debe acadar o cincuenta por cento dos estándares de aprendizaxe que corresponden a cada un dos seguintes cinco apartados.

- 3. Os cinco apartados e o peso no conxunto de cada un deles é o seguinte:

  - Comprensión e expresión oral: 20 %
  - Redacción e expresión escrita: 20 %

- Gramática elemental (morfoloxía e sintaxe): 20 %
- Léxico e semántica (básicos): 20 %
- Lectura: 20 %

**Criterios de promoción**

A promoción na materia de 2LES Portugués nos diferentes cursos estará determinada pola valoración global positiva das aprendizaxes realizadas en cada avaliación. As probas que avaliarán estas aprendizaxes deberán axustarse no seu conxunto aos cinco apartados recollidos nos criterios para a avaliación desta materia.

Para cada unha das avaliación en cada un dos cursos de ESO e de Bacharelato faranse polo menos dúas probas, cada unha con carácter específico:

- a/ Unha proba para avaliar a aprendizaxe gramaticais (morfosintaxe).

- b/ Unha proba para avaliar a comprensión textual, a expresión escrita, a práctica escrita (ortografía) e o dominio e adquisición de vocabulario.

Para ser cualificado positivamente o alumno/a deberá superar estas dúas probas en cada avaliación.

A promoción na avaliación ordinaria de xuño (maio en 2º de bacharelato) será resultado da media aritmética dos resultados de cada avaliación. Á hora de determinar a cualificación final, o profesor terá tamén en conta a progresión do alumnado. Valorarase tamén de forma positiva a actitude, a participación nas clases e as actividades complementarias que o alumnado poida facer.

Describimos as probas específicas por avaliación correspondentes a cada curso.

**1º ESO**.

- 1ª avaliación:

- Proba de aprendizaxes gramaticais: nocións básicas de ortografía e fonética portuguesa. Verbos regulares e irregulares no tempo de Presente de Indicativo e Imperfecto de Indicativo.
- Proba textual: texto literario ou xornalistico de nivel básico. Cuestionario de escolla múltiple e cuestionario de resposta aberta.

- 2ª avaliación:

- Proba de aprendizaxes gramaticais: nocións básicas de ortografía e fonética portuguesas. Verbos regulares e irregulares no tempo de Pretérito Perfecto Simple e Pretérito Perfecto Composto.

- Proba textual: texto literario ou xornalístico de nivel básico. Cuestionario de escolla múltiple e cuestionario de resposta aberta.

- 3ª avaliación:

- Proba de aprendizaxes gramaticais: nocións básicas de ortografía e fonética portuguesa. Verbos regulares e irregulares no tempo de Futuro de Indicativo e Condicional.
- Proba textual: texto literario ou xornalístico de nivel básico. Cuestionario de escolla múltiple e cuestionario de resposta aberta.

**2 ºESO**

- 1ª avaliación:

- Proba de aprendizaxes gramaticais: repaso e avaliación de todos os contidos gramaticais, ortográficos e fonéticos vistos no curso anterior.
- Proba textual: texto literario ou xornalistico de nivel medio. Cuestionario de escolla múltiple e cuestionario de resposta aberta.

- 2ª avaliación:

- Proba de aprendizaxes gramaticais: contidos ortográficos e fonéticos. Voz pasiva, estrutura apasivante con «se» e infinitivo persoal.
- Proba textual: texto literario ou xornalístico de nivel medio. Cuestionario de escolla múltiple e cuestionario de resposta aberta.

- 3ª avaliación:

- Proba de aprendizaxes gramaticais: contidos ortográficos e fonéticos. Verbos regulares e irregulares no tempo de Presente de Subxuntivo Simple e Composto e no Imperfecto de Subxuntivo Simple e Composto.
- Proba textual: texto literario ou xornalístico de nivel medio. Cuestionario de escolla múltiple e cuestionario de resposta aberta.

**3 ºESO**

- 1ª avaliación:

- Proba de aprendizaxes gramaticais: repaso e avaliación de todos os contidos gramaticais, ortográficos e fonéticos vistos no curso anterior.
- Proba textual: texto literario ou xornalistico de nivel medio. Cuestionario de escolla múltiple e cuestionario de resposta aberta.

- 2ª avaliación:

- Proba de aprendizaxes gramaticais: contidos ortográficos e fonéticos. Voz pasiva, estrutura apasivante con «se» e infinitivo persoal.
- Proba textual: texto literario ou xornalístico de nivel medio. Cuestionario de escolla múltiple e cuestionario de resposta aberta.

- 3ª avaliación:

- Proba de aprendizaxes gramaticais: contidos ortográficos e fonéticos. Verbos regulares e irregulares no tempo de Presente de Subxuntivo Simple e Composto e no Imperfecto de Subxuntivo Simple e Composto.
- Proba textual: texto literario ou xornalístico de nivel medio. Cuestionario de escolla múltiple e cuestionario de resposta aberta.

-

## CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Os contidos lingüísticos teñen un carácter que ten sido denominado ´ciclico´ pola literatura pedagóxica especializada e, polo tanto, o enfoque metodolóxico para este segundo curso da ESO, da Lingua Portuguesa como materia optativa, debería iniciar unha metodoloxía que se empregará en cursos posteriores, se é que o alumnado opta por seguir cursando esta materia. A didáctica debe desenvolver en alumnos e alumnas as destrezas básicas de comprensión e expresión tanto oral como escrita, dentro duns contidos clasificados e distribuídos de acordo con este novo nivel (aínda elemental).

É imprescindible que o/a alumno/a interactúe non só co profesor senón tamén con compañeiros e compañeiras, e para iso preténdese que o aprediz/a se involucre nas tarefas e coñeza a súa finalidade. Con este propósito, levaranse a cabo actividades e tarefas flexibles e dinámicas, que se parezan ao tipo de actividades que o/a alumno/a tería que levar a cabo na vida real, tendo en conta os obxectivos lingüísticos perseguidos, do mesmo xeito que a súa integración global no proceso de aprendizaxe.

Así, cunha dificultade gradual, o/a alumno/a entrará en contacto con situacións que simulen o mundo real. As explicacións gramaticais e os exercicios formais serán e este nivel, unicamente, un complemento e unha axuda para dotar de eficacia a comunicación, e virán solicitados pola necesidade de expresar o que se quere comprender ou transmitir.

# 1º DE BACHARELATO

## DESENVOLVEMENTO DO CURRÍCULO (Decreto 86 / 2015)

| | Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos, con referencia ás UU.DD. preparadas polo Departamento | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave |
| | Bloque 1. Comprensión de textos orais | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ f | ▪ B1.1. Estratexias de comprensión:<br>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.<br>– Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.<br>– Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais).<br>– Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.<br>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.).<br>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.).<br>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.<br><br>▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa, e conciencia da importancia de chegar a comprender textos orais sen precisar entender todos e cada un dos seus elementos.<br><br>▪ B1.3. Constancia no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito.<br><br>**Práctica cotiá na aula** | ▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes do texto.<br><br>▪ B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.<br><br>▪ B1.3. Comprender o esencial e a información relevante en situacións que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais, lugares, horarios, datas, prezos, formas de pagamento, actividades, etc.), sempre que lle poidan repetir o dito.<br><br>▪ B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, básicas e breves sobre argumentacións básicas, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes do ámbito persoal ou público, estados de saúde, sensacións e sentimentos básicos, claramente estruturados e | SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesida-des da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes, gravadas ou de viva voz, que conteñan instrucións, indica-cións ou outra información clara-mente estruturada, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante de carácter habitual e predicible sobre asuntos prácticos no ámbito educativo (datos persoais, intereses, preferencias, e gustos e proxectos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, acordo e desacordo, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | SLEB1.4. Entende o que se di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes ou centros docentes), e os puntos principais e a información relevante cando se lle fala direc-tamente en situacións menos habi-tuais, pero predicibles (por exemplo, a perda dun obxecto), sempre que poida volver escoitar o dito. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, opinións xustificadas e claramente articuladas a unha velocidade lenta ou media, sobre diversos asuntos cotiáns ou de interese persoal, así como a expresión de sentimentos sobre aspectos concretos de temas | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

| | Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos, con referencia ás UU.DD. preparadas polo Departamento | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave |
| | | articulados a unha velocidade lenta ou media, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.<br><br>B1.5. Comprender o sentido xeral e a información moi relevante e sinxela de presentacións ben estruturadas sobre temas familiares e predicibles, e de programas de televisión tales como informativos, entrevistas ou anuncios, sempre que as imaxes sexan suficientemente redundantes para facilitar a comprensión. | habituais ou de actualidade, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito. | |
| | | | ▪ SLEB1.6. Identifica os aspectos máis importantes en presentacións sobre temas coñecidos ou do seu interese nos ámbitos persoal e educativo; e de programas informativos, documentais, entrevistas en televisión, anuncios publicitarios e programas de entretemento, cando o discurso está ben estruturado e articulado con claridade nunha variedade estándar da lingua, e con apoio da imaxe. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | Bloque 2. Produción de textos orais | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ f | ▪ B2.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación:<br>– Identificar o contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.<br>– Adecuar o texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.<br>– Execución:<br>– Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica.<br>– Activar os coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.<br>– Expresar a mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.<br>– Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>– Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.<br>– Lingüísticos:<br>– Modificar palabras de significado | ▪ B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.<br><br>▪ B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves ou de lonxitude media, e de estrutura simple e clara, recorrendo, entre outros, a procedementos como a reformulación, en termos máis sinxelos ou de significado aproximado, do que se quere expresar cando non se dispón de estruturas ou léxico máis complexos en situacións comunicativas máis específicas.<br><br>▪ B2.3. Intercambiar con pronuncia clara e intelixible, información en situacións de comunicacióalumnado e menos habituais, pero predicibles, nas que teña que expresar o acordo, o desacordo, o interese, a posibilidade e a imposibilidade, usando un repertorio de expresións frecuentes no ámbito público (doenzas, pequenas reclamacións, etc.), así como na expresión básica dos sentimentos e os intereses | ▪ SLEB2.1. Fai presentacións ensaiadas previamente, breves e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos sinxelos do seu interese, organizando a información básica nun esquema coherente e ampliándoa con algúns exemplos, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes sobre o tema tratado. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB2.2. Toma parte en conversas formais ou entrevistas de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas moi habituais nestes contextos, intercambiando información relevante sobre feitos concretos, pedindo instrucións ou solucións a problemas prácticos, suscitando de xeito sinxelo e con claridade os seus puntos de vista, e xustificando brevemente as súas accións, opinións e plans. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ SLEB2.3. Desenvólvese coa suficiente eficacia en situacións cotiás e menos habituais pero predicibles que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais ou educativos (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, relacións coas autoridades, saúde ou lecer), e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas (uso de exemplos e palabras de significado próximo) e xestos apropiados. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

| | Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxec-<br>tivos | Contidos, con referencia ás UU.DD. preparadas polo Departamento | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-<br>cias clave |
| | parecido.<br>– Definir ou parafrasear un termo ou unha expresión.<br>– Usar a lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta.<br>– Pedir axuda.<br>– Paralingüísticos:<br>– Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado.<br>– Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas e contacto visual ou corporal).<br>– Usar elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.<br>▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas, para comprender e facerse comprender.<br>▪ B2.3. Rutinas ou modelos comúns de interacción segundo o tipo de situación de comunicación.<br><br>**- Unidades 4, 5, 6** | persoais, tales como satisfacción, desgusto, admiración e sorpresa.<br><br>▪ B2.4. Producir textos de extensión breve ou media, tanto cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, cun discurso comprensible e adecuado á situación, e utilizando as estratexias necesarias para iniciar, manter e facer progresar a comunicación.<br><br>▪ B2.5. Intercambiar información e opinións, dar instrucións, describir e narrar acontecementos sinxelos, xustificar brevemente os motivos de accións e planos, formular hipóteses, facer suxestións e argumentar de xeito sinxelo, aínda que se produzan pausas para planificar o que se vai dicir e, en ocasións, haxa que formular a mensaxe en termos máis sinxelos e repetir ou reelaborar o dito para axudar á comprensión da persoa interlocutora. | ▪ SLEB2.4. Participa en conversas informais, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns, nas que intercambia información e se expresan e xustifican opinións brevemente; narra e describe feitos sinxelos ocorridos no pasado ou expresa brevemente plans de futuro; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións; expresa e xustifica sentimentos de xeito sinxelo, e describe con certo detalle aspectos concretos de temas de actualidade moi coñecidos ou de interese persoal ou educativo. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | Bloque 3. Comprensión de textos escritos | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ f | ▪ B3.1. Estratexias de comprensión:<br>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.<br>– Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).<br>– Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).<br>– Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.<br>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e | ▪ B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.<br><br>▪ B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas, sinxelas e predicibles, de carácter público, institucional ou corporativo.<br><br>▪ B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos | ▪ SLEB3.1. Identifica a información máis importante en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, breves e ben estruturados e que traten temas xerais e coñecidos ou traballados previamente, e capta as ideas principais de artigos divulgativos sinxelos, cunha linguaxe moi clara e un uso moi limitado de tecnicismos, sobre temas do seu interese. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB3.2. Entende o sentido xeral e os puntos principais de anuncios e comunicacións sinxelos de carácter público, institucional ou corporativo, que conteñan instrucións e indicacións de carácter previsible, claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal ou educativo (por exemplo, sobre cursos, prácticas ou becas). | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

| | Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos, con referencia ás UU.DD. preparadas polo Departamento | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave |
| | experiencias noutras linguas.<br>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.<br><br>▪ B3.2. Recoñecemento da estrutura das cartas formais (remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura).<br><br>**- Unidade 6** | descritivos ou narrativos breves e ben estruturados nos que se informa de acontecementos, se describen accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións con expresións sinxelas, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do seu nivel escolar.<br><br>▪ B3.4. Recoñecer a estrutura das cartas formais (remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura), e comprender un repertorio elemental e básico de<br>▪ expresións fixas de confirmación ou denegación, obriga, coñecemento, necesidade e permiso utilizadas para a concesión dunha bolsa, a confirmación dun pedimento, a reserva dun hotel, etc.<br><br>▪ B3.5. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, en formato impreso ou en soporte dixital, ben estruturados e de curta ou media extensión, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten asuntos cotiáns, temas de interese ou relevantes para os propios estudos ou as ocupacións e que conteñan estruturas frecuentes e un léxico xeral de uso común. | ▪ SLEB3.3. Identifica a información máis importante en instrucións sobre o uso de aparellos ou de programas informáticos de uso habitual, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia no ámbito público e educativo. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB3.4. Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ SLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, breve e sinxela, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen e narran feitos e experiencias, impresións e sentimentos, e se intercambian información e opinións sobre aspectos concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB3.6. Entende o esencial de correspondencia formal institucional ou comercial sobre asuntos que poden xurdir, por exemplo, mentres organiza ou realiza unha viaxe ao estranxeiro (concesión dunha bolsa, confirmación dun pedimento, reserva dun hotel, etc.). | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB3.7. Entende información específica relevante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | Bloque 4. Produción de textos escritos | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ f | ▪ B4. Estratexias de produción:<br>– Planificación:<br>– Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).<br>– Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos | ▪ B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos sinxelos de lonxitude breve ou media (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), incorporando esquemas | ▪ SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal, en calquera formato, na que describe experiencias e sentimentos; narra, de forma lineal, actividades e experiencias presentes e pasadas; e intercambia información e opinións sobre temas concretos nas súas áreas de interese persoal ou educativo. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | | ▪ CCL |

<table>
<tr><th></th><th colspan="4">Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato</th></tr>
<tr><th>Obxec-tivos</th><th>Contidos, con referencia ás UU.DD. preparadas polo Departamento</th><th>Criterios de avaliación</th><th>Estándares de aprendizaxe</th><th>Competen-cias clave</th></tr>
<tr><td rowspan="4"></td><td rowspan="4">(uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).<br>– Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.<br>– Execución:<br>– Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.<br>– Estruturación do contido do texto.<br>– Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.<br>– Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.<br>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>– Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "botar unha man", etc.).<br>– Revisión:<br>– Identificación de problemas, erros e repeticións.<br>– Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.<br>– Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).<br>– Reescritura definitiva.<br>▪ B4.2. Elaboración de cartas formais respectando a súa estrutura: remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura.<br>▪ B4.3. Elaboración de informes expositivos elementais e breves, organizados nunha estrutura básica que inclúa unha introdución, o corpo do informe, a conclusión e a bibliografía.<br><br>**- Unidades 4, 5, 6**</td><td rowspan="4">e expresións de textos modelo con funcións comunicativas similares ao texto que se quere producir.<br><br>▪ B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.<br><br>▪ B4.3. Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións básicas e opinións sinxelas, relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese.<br><br>▪ B4.4. Producir correspondencia formal para solicitar ou dar información relativa a bens e servizos, a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística (adecuada ao seu nivel escolar), de ser o caso, cunha presentación do texto limpa e ordenada.<br><br>▪ B4.5. Escribir, en papel ou en soporte dixital, textos de estrutura clara, breves ou de extensión media, sobre asuntos cotiáns ou temas de interese persoal ou educativo, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de estruturas e un léxico de uso frecuente de carácter xeral.</td><td>▪ SLEB4.2. Completa un cuestionario con información persoal, educativa ou ocupacional (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.) cunha finalidade específica, como inscribirse nun curso ou solicitar un campamento de verán.</td><td>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD</td></tr>
<tr><td>▪ SLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas, respectando as convencións e as normas de cortesía.</td><td>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD</td></tr>
<tr><td>▪ SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, na que pide ou dá información, ou solicita un servizo, respectando as convencións formais e normas de cortesía máis comúns neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto.</td><td>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD</td></tr>
<tr><td>▪ SLEB4.5. Escribe, nun formato convencional, informes expositivos moi breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo, facendo breves descricións e narrando acontecementos seguindo unha estrutura esquemática moi sinxela (título, corpo do texto e, de ser o caso, conclusión e bibliografía).</td><td>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC</td></tr>
</table>

| | Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos, con referencia ás UU.DD. preparadas polo Departamento | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave |
| | Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ f<br>▪ p | ▪ B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:<br>– Sons e fonemas vocálicos.<br>– Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.<br>– Procesos fonolóxicos máis básicos.<br>– Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.<br>**- Unidade 3** | ▪ B5.1. Expresarse coa suficiente fluidez para que poida seguirse sen moita dificultade o fío do discurso, aínda que poidan producirse pausas para planificar o que se vai dicir e, en ocasións, haxa que interromper e reiniciar a mensaxe para reformulala en termos máis sinxelos e máis claros para a persoa interlocutora. | SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | ▪ B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:<br>– Uso das normas básicas de ortografía da palabra.<br>– Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.<br>**- Unidade 4** | ▪ B5.2. Utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato de uso moi frecuente, en textos escritos en diferentes soportes, coa corrección suficiente para non dar lugar a serios malentendidos, aínda poidan cometerse erros que non interrompan a comunicación. | ▪ SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | ▪ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:<br>– Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.<br>– Achegamento aos hábitos e ás actividades de estudo, traballo e lecer, condicións de vida e relacións interpersoais (no ámbito educativo, ocupa-cional e institucional); o con-torno xeográfico básico (clima, rexións) e referentes artístico-culturais (feitos históricos e personaxes salientables).<br>– Recoñecemento de valores, crenzas, actitudes e tradicións fundamentais, e calquera outro aspecto cultural de interese, así como os aspectos culturais básicos que permitan comprender os países onde se fala a lingua estranxeira e actuar neles adecuadamente.<br>– Identificación dalgunhas simi-litudes e diferenzas elemen-tais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.<br>– Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. | ▪ B5.3. Utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no ámbito educativo, ocupacional e institucional), comportamento (posturas, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e proxémica), e convencións sociais (actitudes e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo, e amosando a propiedade e a cortesía debidas. | ▪ SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | ▪ B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. | ▪ SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | ▪ B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos | ▪ SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar suficientes para comunicar con eficacia. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

| | Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos, con referencia ás UU.DD. preparadas polo Departamento | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave |
| | **- Unidade 1**<br><br>B5.4. Plurilingüismo:<br>– Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.<br>– Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.<br>**- Unidade 2**<br><br>▪ B5.5. Funcións comunicativas:<br>– Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.<br>– Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.<br>– Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.<br>– Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.<br>– Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.<br>– Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.<br>– Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.<br>– Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.<br>**- Unidades 4, 5, 6**<br><br>▪ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a aspectos culturais variados:<br>– Vida cotiá: alimentación (pratos e produtos típicos, costumes alimentarios, tabús, convencións sociais, horarios etc.); familia e amizades; actividades de lecer; viaxes e transportes; festas e celebracións; saúde e educación; compras e actividades comerciais.<br>– Bens e servizos básicos.<br>– Contorno: clima, campo, cidade e | elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.<br><br>▪ B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión), e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente.<br><br>▪ B5.7. Recoñecer e utilizar un repertorio léxico de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, e un repertorio limitado de expresións de uso moi frecuente suficiente para comunicar no seu nivel escolar. | | |

| | Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos, con referencia ás UU.DD. preparadas polo Departamento | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave |
| | lugares máis representativos.<br>– Tecnoloxía: aparellos de uso cotián.<br>– Calquera outro que se considere de interese.<br>– Expresións fixas e enunciados fraseolóxicos básicos e moi habituais.<br>**- Unidade 6**<br>▪ B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.<br>**- Unidade 4** | | | |

**Ampliación de B5.7:**
**<u>Contidos sintáctico-discursivos, especificamente do portugués:</u>**

- Expresión de relacións lóxicas: adición (*não só...como também; não só... também);* disxunción *(ou, ou...ou);* oposición /concesión *(mas, mesmo assim;... embora*); causa (*por causa disso; daí que*); finalidade (*para + Inf.; para que); comparación (mais/menos/tão/tanto + Adj./Adv./Subst. + (do) que/como/quanto*; superlativo relativo (p. ex., *o rapaz mais distraído da turma*); resultado (*assim, portanto*).
- Expresión da condición (conectores: *se, sem, desde que…;* formas verbais: *futuro de indicativo e de conjuntivo, simples e composto, pretérito e pretérito-mais-que-perfeito composto do conjuntivo, condicional simples e composto*).
- Discurso indirecto (informacións, ofrecementos, suxestións e ordes) e indirecto livre.
- Relacións temporais (*enquanto, antes que, depois que, logo que, assim que, mal + presente do conjuntivo, até que, sempre que*).
- Afirmación (sentenzas declarativas afirmativas; frases impersoais).
- Exclamación (formas elípticas*: Que + Subst. + (tão) + Adj.*, p. ex. *Que dia tão lindo*!); sentenzas e sintagmas exclamativos, p. ex. *Ei, esta é a minha bicicleta!; Magnífica bolsa!).*
- Negación (sentenzas declarativas negativas con *não, nunca; (não) nada, nenhum (a), ninguém, nem*).
- Interrogación (sentenzas interrogativas directas totais; sentenzas interrogativas directas QU- (p. ex., *De quem é a culpa?);* interrogativas *tag* (p. ex., *Isto é fácil, não é?);* interrogativas eco e duplas*).*

- Expresión do tempo: pasado (*pretérito imperfeito, perfeito simples e perfeito composto e pretérito mais-que-perfeito composto);* presente *(presente, gerúndio);* futuro *(futuro simple e composto; (+Adv.); haver-de*).
- Expresión do aspecto: puntual (tempos simples); durativo (presente, futuro simples, pretérito imperfeito e pretérito perfeito composto do indicativo (+ Adv.); *andar a + Inf.; ir + Ger.*); habitual (tempos simples (+ Adv.); costumar+ Inf.); incoativo (*desatar a + Inf.*); iterativo (*pretérito imperfeito do indicativo; voltar a + Inf.);* terminativo (*pretérito perfeito simples composto e pretérito mais-que-perfeito composto; vir de + Inf.*).
- Expresión da modalidade: factualidade (frases declarativas); capacidade (*é capaz / incapaz de + Inf.; saber*); posibilidade/ probabilidade (*ser possível / impossível + Inf.; tal vez*); *necessidade* (ser preciso / *necessário* + Inf.); obrigación (*ser obrigatório + Inf.; imperativo); permiso (poder + Inf.; ser possível/permitido + Inf.*); prohibición: (não) ser possível /permitido + Inf.); intención (*pretérito imperfeito gostar de + Inf.; tratar de + Inf.; pensar + Inf.*).
- Expresión da existencia (p. ex., existir, dar-se); a entidade (substantivos contables /incontables/colectivos/compostos*;* pronomes (relativos, reflexivos átonos/ tónicos); determinantes; a calidade *(por exemplo, bastante bom; consideravelmente caro; ótimo*).
- Expresión da cantidade (Singular/Plural; Numerais cardinais e ordinais. Cantidade: p. ex. *bastante, a maior parte de, mais o menos.* Grao: p. ex. *consideravelmente; bastante bem*).
- Expresión do espazo (preposicións e adverbios de lugar, localización, distancia, movemento, orixe, dirección).
- Expresión do tempo (expresións, preposición e locucións de tempo (momento puntual (p. ex., *meio-dia),* divisións (p. ex., *período, fim de semana)* e indicacións de tempo (p. ex., *atrás, cedo*); duración (p. ex., *até; entre... e*); anterioridade *(anteontem, já);* posterioridade *(mais tarde, na semana que vem);* secuencia *(em primeiro lugar, depois, em último lugar);* simultaneidade *(naquele momento);* frecuencia *(*p. ex., *cada semana*).
- Expresión do modo (expresións, preposicións e locucións prepositivas de modo, p. ex., *á pressa*).

## UNIDADES DIDÁCTICAS PRODUCIDAS POLO DEPARTAMENTO

- 1. Datos principais sobre a lingua portuguesa e os países nos que se fala: Portugal, Brasil, países africanos de lingua oficial portuguesa... Datos de tipo xeográfico, demográfico, cultural, e histórico.

- 2. Relacións dos países de lingua portuguesa co resto dos países hispánicos. Relacións da lingua portuguesa co galego: analoxías e diferenzas.
- 3. A pronuncia: fonética e a fonoloxía da lingua portuguesa de Portugal e do Brasil.
- 4. A escrita: ortografia da lingua portuguesa.
- 5. A gramática: morfologia (prestando especial atención ao nome e adxectivo, pronome e verbo) e sintaxe (construción dos diferentes modelos de frase en portugués, construción de oracións simples e compostas).
- 6. O léxico: campos semánticos máis usuais nas situacións comunicativas básicas.

Estes contidos, aínda que enumerados aquí como sucesivos, iranse alternando e combinando durante o curso. Todos os apartados terán un lado teórico e outro práctico.

## CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

### Criterios de avaliación

Na avaliación trátase de medir o grao de consecución dos obxectivos xerais e específicos. A avaliación da materia de Lingua portuguesa seguirá os seguintes criterios:

- Durante o curso cada un dos apartados do programa irá sendo avaliado mediante probas de diferente tipo: probas orais, escritas e traballos individuais.

- No conxunto de probas de avaliación recolleranse de maneira proporcional e equilibrada todos os apartados da programación de acordo cos obxectivos específicos.

### Criterios de cualificación

Ao rematar o curso cada alumno/a debeu de ser sometido/a a un conxunto de probas que permitan valorar o grao de consecución dos obxectivos do curso e tamén comprobar o seu índice de logros nos estándares de aprendizaxe. Estas probas han de ser de tipo variado ao longo do curso (orais, escritas, teóricas, prácticas, lecturas, de actitude, etc.), han de atinxir o conxunto de estándares de aprendizaxe da materia e han de permitir ofrecer datos obxectivos para poder medir a capacidade do alumnado. A cualificación de cada unha das avaliacións do curso, incluíndo a avaliación final, será o resultado da suma das cualificacións parciais que recollan os diferentes aspectos. Esta nota final axustarase aos criterios e porcentaxes seguintes. (Indícase entre parénteses o tipo de proba que será utilizada).

- Destreza comunicativa oral. (Conversa co profesor,
  diálogo entre o alumnado) ....................................................... 10 % da cualificación.

- Comprensión da lingua escrita e capacidade de expresión
  por escrito. (Lectura e comentario dun texto escrito) ......... 10 % da cualificación.
- Destreza ortográfica básica. (Redacción e ditado) .................. 10 % da cualificación.
- Destreza de lectura. (Lectura en público) ............................ 10 % da cualificación.
- Coñecemento do léxico. (Proba de vocabulario) .................. 10 % da cualificación.
- Coñecemento gramatical. (Proba escrita de gramática) .......... 50 % da cualificación.

**Criterios de promoción en bacharelato**

A promoción na materia de 2LES Portugués nos diferentes cursos estará determinada pola valoración global positiva das aprendizaxes realizadas en cada avaliación. As probas que avaliarán estas aprendizaxes deberán axustarse no seu conxunto aos cinco apartados recollidos nos criterios para a avaliación desta materia.

Para cada unha das avaliación en cada un dos cursos de ESO e de Bacharelato faranse polo menos dúas probas, cada unha con carácter específico:

- a/ Unha proba para avaliar a aprendizaxe gramaticais (morfosintaxe).
- b/ Unha proba para avaliar a comprensión textual, a expresión escrita, a práctica escrita (ortografía) e o dominio e adquisición de vocabulario.

Para ser cualificado positivamente o alumno/a deberá superar estas dúas probas en cada avaliación.

A promoción na avaliación ordinaria de xuño (maio en 2º de bacharelato) será resultado da media aritmética dos resultados de cada avaliación. Á hora de determinar a cualificación final, o profesor terá tamén en conta a progresión do alumnado. Valorarase tamén de forma positiva a actitude, a participación nas clases e as actividades complementarias que o alumnado poida facer.

Describimos as probas específicas por avaliación correspondentes a cada curso.

**1º BACHARELATO**

Para a maioría do alumnado matriculado neste curso, trátase dunha materia nova, de modo que temos que comezar desde a base, aínda que por estar en Bacharelato podemos avanzar de maneira máis rápida.

- 1ª avaliación:

- Proba de aprendizaxes gramaticais: cuestións ortográficas e fonéticas básicas. Presente de Indicativo e Pretérito Perfecto Simple e Composto dos verbos regulares e irregulares.

- Proba textual: texto literario ou xornalistico de nivel básico-medio. Cuestionario de escolla múltiple e cuestionario de resposta aberta.

- 2ª avaliación:

- Proba de aprendiz. gramaticais: Contidos ortográficos e fonéticos. Tempos verbais de Futuro de Indicativo e de Condicional. Voz pasiva, estrutura apasivante con «se» e infinitivo persoal.
- Proba textual: Texto literario ou xornalístico de nivel medio. Cuestionario de escolla múltiple e cuestionario de resposta aberta.

- 3ª avaliación:

- Proba de aprendizaxes gramaticais: contidos ortográficos e fonéticos. Verbos regulares e irregulares no tempo de Presente de Subxuntivo Simple e Composto e no Imperfecto de Subxuntivo Simple e Composto.
- Proba textual: texto literario ou xornalístico de nivel medio. Cuestionario de escolla múltiple e cuestionario de resposta aberta.

## CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Os contidos lingüísticos teñen un carácter que ten sido denominado ´ciclico´ pola literatura pedagóxica especializada e, polo tanto, o enfoque metodolóxico para os cursos da ESO da Lingua Portuguesa como materia optativa debería iniciar unha metodoloxía que se empregará en cursos posteriores, se é que o alumnado opta por seguir cursando esta materia. A didáctica na ESO debe desenvolver en alumnos e alumnas as destrezas básicas de comprensión e expresión tanto oral como escrita, dentro duns contidos clasificados e distribuídos de acordo con este novo nivel (aínda elemental).

A didáctica en Bacharelato debe partir das destrezas básicas de comprensión e expresión, tanto oral como escrita, que o alumnado ten adquirido na mesma materia, tamén optativa, na ESO. Se non fose así, se houbese na aula alumnado que cursa por vez primeira esta materia, hai que adaptarse a esa situación nas primeiras semanas de clase, de maneira que, transcorridas seis semanas, todo o alumnado da aula estea en condicións que afrontar os avances en lingua portuguesa que se propoñen neste curso de Bacharelato.

É imprescindible que o/a alumno/a interactúe non só co profesor senón tamén con compañeiros e compañeiras, e para iso preténdese que o aprediz/a se involucre nas tarefas e coñeza a súa finalidade. Con este propósito, levaranse a cabo actividades e tarefas flexibles e dinámicas, que se parezan ao tipo de actividades que o/a alumno/a tería que levar a cabo na

vida real, tendo en conta os obxectivos lingüísticos perseguidos, do mesmo xeito que a súa integración global no proceso de aprendizaxe.

Así, cunha dificultade gradual, o/a alumno/a entrará en contacto con situacións que simulen o mundo real. As explicacións gramaticais e os exercicios formais serán, a este nivel, unicamente un complemento e unha axuda para dotar de eficacia a comunicación, e virán solicitados pola necesidade de expresar o que se quere comprender ou transmitir.

## MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Para a realización das tarefas utilizaranse materiais preferiblemente autóctonos, de expresión portuguesa, que permitirán ao alumno/a entrar en contacto directo cos usos e características da cultura portuguesa. Entre estes son indispensables:

- Manuais elementais de gramática portuguesa
- Manuais de aprendizaxe de portugués para estranxeiros e métodos para a aprendizaxe da lingua portuguesa que están á nosa disposición (*Português para todos*, *Português Século XXI, Vamos lá começar, Vamos lá continuar...*)
- Dicionarios de lingua portuguesa
- Dicionarios bilingües ou visuais plurilingües
- Textos xornalísticos (xornais, revistas, artigos na rede...), textos literarios ( relatos breves ou fragmentos de novelas) ou audiovisuais ( filmes ou documentais subtitulados en portugués) a partir dos cales poderemos propor actividades de comprensión, comentario, anál
- Textos cotiáns —non literarios— en portugués
- Textos literarios sinxelos
- Audición de cancións de músicos brasileiros ou portugueses, o visionado de filmes ou documentais dobrados en lingua portuguesa (continental ou brasileira), noticiarios da televisión ou da radio... a partir dos cales poder realizar exercicios de comprensión, comentario, análise gramatical, ampliación léxica, etc.

## O PROXECTO INTEGRADO DE LINGUAS

Conforme á lexislación vixente, hai anos que os distintos departamentos de Linguas (clásicas e modernas) do IES A. Xelmírez II consensúan unha serie de pautas de actuación na didáctica das diferentes materias que imparten. Todas elas conforman o que podemos denominar un Proxecto Integrado de Linguas, que busca sobre todo a complementariedade entre as diferentes materias lingüísticas e tamén, por pura economía de tempo e de recursos, evitar a repetición de contidos que se transmiten ao alumnado.

A pesar dalgúns cambios que houbo nos cadros de profesorado de linguas en varios departamentos nos últimos anos, debido funadamentalmente á xubilación de varios membros do profesorado, actualizamos no presente curso o proxecto da seguinte maneira.

### 1. Criterios metodolóxicos básicos

- Non considerar o coñecemento da gramática como un fin en si mesmo senón como unha ferramenta —e non necesariamente a máis importante— para acadar unha maior competencia nas linguas.

- Aproveitar o coñecemento que teña o alumnado do léxico e dos significados das palabras en calquera das linguas do currículo para favorecer a aprendizaxe da lingua que se estea impartindo en cada momento nas aulas.

- Comprometerse en todas as materias de linguas a promover o uso público e oral de cada unha delas entre o alumnado.

- Sumando os coñecementos que o alumnado vaia adquirindo nos sucesivos cursos nas clases das diferentes linguas (grega clásica, latina, galega, castelá, portuguesa, francesa e inglesa) intentar lograr que cando rematen os seus estudos, ademais das capacidades nas diferentes linguas, teñan tamén unha visión global do que foi a cultura europea desde hai 3.000 anos (Grecia) e como esta se foi transmitindo e conformando a Europa que hoxe coñecemos, coa súa variedade de linguas e de culturas.

### 2. Acordos sobre terminoloxía

Para a posta apunto deste aspecto é necesario ir coñecendo as terminoloxías que utilizarán libros de texto e materiais didácticos que aínda non están publicados baixo as prescricións normativas da LOMCE. En xeral, todo o profesorado atenderá á terminoloxía empregada en aspectos como:

- Nomenclatura das unidades morfolóxicas (morfemas, lexemas...).

- Nomenclatura da análise sintáctica (frase, sintagma, oración...).

- Denominacións de recursos estilísticos (antítese/contraste, símil/comparación, imaxe/metáfora impura, etc.).

* Hai que ter en conta que o Departamento de Grego se ve obrigado a manexar unha terminoloxía sintáctica tradicional por imperativo do grupo de traballo da CiUG (suxeito, verbo e predicado, complemento directo / indirecto / circunstancial, oración independente / principal / subordinada, etc.

## 3. Evitar a repetición de contidos

Os departamentos implicados irán recollendo nos seguimentos mensuais das respectivas programacións as modificacións introducidas nelas nos aspectos relativos á non repetición de contidos, tras o intercambio de pareceres cos membros do propio departamento e dos outros departamentos. Débense evitar innecesarias repeticións de contidos e tenderase a un acordo sobre que departamento se fai cargo de cada un dos posibles contidos recorrentes. Especial atención se prestará a estes contidos:

- Características morfolóxicas e sintácticas de cada clase de palabras (substantivos, adxectivos, etc.).

- Teoría e práctica da análise morfolóxica e da análise sintáctica de unidades simples e complexas.

- Características xerais dos xéneros literarios.

- A formación das linguas románicas a partir do latín.

- Vixencia dos cultismos. Os estranxeirismos.

- Linguas en contacto. A situación das linguas en contacto en España.

- Pola similitude entre as programacións e os libros de texto de Lingua galega e Lingua castelá, prestarase especial atención a non reiterar estoutros dous contidos: coñecemento dos medios de comunicación e tipoloxía de textos .

* Haberá que ter en conta que non todo o alumnado coincidirá cursando as mesmas materias (uns están matriculados de máis materias de linguas que outros). Atenderase esta circunstancia á hora de facer un reparto de contidos por cursos e grupos.

Este documento foi discutido, consensuado e elaborado polos Departamentos de Lingua castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura (inclúe Lingua Portuguesa), Latín, Grego, Lingua inglesa e Lingua Francesa.

## 4. Didáctica comparativa

O coñecemento por parte do alumnado de diferentes linguas debe aproveitarse para incluír explicacións comparativas sobre semellanzas e diferenzas en determinados aspectos entre unha lingua e outra. Por exemplo: fonemas existentes nunhas linguas e noutras non, e prácticas de pronuncia corecta en todas elas; regras de acentuación no galego e no castelán: semellanzas e diferenzas (cadro comparativo e exemplos); falsos amigos interlinguas (*library / libraría / librería; arms / armas*; etc.).

## 5. Un exemplo práctico

Un exemplo práctico do que é a didáctica integrada das linguas (entre outros varios que poderiamos constatar aquí) é este cadro comparativo e sinxelo das diferenzas básicas que hai entre as normas de acentuación gráfica do galego e do castelán.

**DIFERENZAS MÁIS IMPORTANTES ENTRE A ACENTUACIÓN EN GALEGO E EN CASTELÁN**

| | **Galego** | **Castelán** |
|---|---|---|
| - Adverbios en **-mente** que derivan de adxectivos acentuados. | **Non** se acentúan pois son palabras graves rematadas en vogal.<br>. Fácil → facilmente<br>. Difícil → dificilmente<br>. Hábil → habilmente | **Si** se acentúan.<br>. Fácil → fácilmente<br>. Difícil → difícilmente<br>. Hábil → hábilmente |
| - Palabras agudas rematadas en ditongo decrecente ou tritongo (+ s):<br>-eu, -ou, -ei, -ai, -ais, -iais, -ieis, etc. | **Non** se acentúan:<br>comeu, cantou, farei, bonsai, ademais, especiais, infieis, etc. | **Si** se acentúan:<br>coméis, bonsái, cantáis, limpiáis, guiéis, etc. (Pero: virrey, carey, Paraguay porque rematan en y grego). |
| - As partículas interrogativas e exclamativas. | **Non** se acentúan. Xa se ve polos signos que pechan interrogación ou admiración que a frase é interrogativa ou exclamativa.<br>- Que queres?<br>- Canto pides?<br>- Como te chamas?<br>- Por que o fas?<br>- Que barbaridade! | **Si** se acentúan.<br>- ¿Qué quieres?<br>- ¿Cuánto pides?<br>- ¿Cómo te llamas?<br>- ¿Por qué lo haces?<br>- ¡Qué barbaridad! |
| - Palabras que parecen iguais pero en realidade son distintas: pronúncianse de maneira distinta. | **Si** levan til porque son bisílabas agudas ou porque hai hiato:<br>. Luís<br>. ruín<br>. xuíz, xuíza | **Non** levan til porque son monosílabas ou porque hai ditongo:<br>. Luis<br>. ruin<br>. juez, jueza |

## OUTROS ASPECTOS RELATIVOS A TODAS AS MATERIAS IMPARTIDAS POR ESTE DEPARTAMENTO

### COPIA NAS PROBAS E EXAMES

Enténdese por copia calquera maneira de obter información ou datos para a realización de calquera tipo de proba avaliable, que non fose autorizada polo profesorado que a propón. É copia utilizar o traballo dun/ha colega para facer un exercicio na casa, mirar o traballo ou o exame doutra persoa mentres se realiza na aula, cambiar os folios dun exame, apuntar oralmente solucións, utilizar apuntamentos ou outros textos sen estar autorizado, obter información de dispositivos electrónicos sexan estes visuais ou auditivos, etc. E, en xeral, considérase copia calquera actitude do alumnado que encaixe na definición do inicio deste parágrafo e tamén calquera actitude do alumnado sobre a que o profesor teña expresamente advertido que supón copia; por exemplo, ter un móbil ou apuntamentos á vista (aínda que non se sorprenda mirando para eles), xirar a cabeza, non ter as dúas mans visibles e sempre enriba da mesa, falar durante o exame, etc. Todas as persoas (transmisoras ou receptoras, colaboradoras, activas ou pasivas) que participen dun feito considerado copia estarán involucradas nela a efectos das medidas que se tomen como reproche da copia.

A copia conleva sempre unha dobre transgresión:

- 1. Porque supón a falsificación dun documento que vai producir efectos académicos: a súa cualificación. A copia induce ao profesorado a emitir unha cualificación obxectivamente inxusta sobre o proceso de aprendizaxe e sobre os coñecementos reais do alumnado; un profesorado que, contrariamente a isto, está obrigado por ética profesional a ser xusto e ecuánime. Por iso o profesorado debe velar por que todo tipo de exames e exercicios avaliables respondan ao verdadeiro esforzo e capacidade do alumnado que vai ser avaliado.

- 2. Porque supón unha desigualdade tramposa na concorrencia e na competencia que, moi previsiblemente, se suscitarán entre o alumnado ao longo da súa carreira académica na educación secundaria para lograr metas que, en importante medida, están vinculadas ao rendemento académico. Pensemos nas bolsas de estudo do Ministerio ou Consellería de Educación e noutras de ámbito privado para estudar no estranxeiro como as da Fundación Barrié ou Amancio Ortega. Ademais, en bacharelato as cualificacións do alumnado poden resultar definitivas para acceder aos estudos universitarios que se desexen, con notas de corte, ata chegar a afinarse as milésimas de punto.

Por todo isto, o profesorado sempre debe estar atento para evitar a copia en calquera tipo de probas e por calquera tipo de método. Non prestar esta atención supón discriminar o alumnado que non copia e que honradamente dá conta do seus coñecementos para ser avaliado por eles.

E, como consecuencia de todo isto, alén desta atención requirida ao profesorado para que as copias non se produzan, son necesarias unha serie de medidas que disuadan o alumnado de copiar e que, de darse a copia, supoñan un reproche académico a tal actitude, dobremente transgresora como xa se apuntou máis arriba.

**Obxectivos das medidas correctoras**

1. Facer reflexionar a todo o alumnado sobre a dobre transgresión que supón a copia (inxustiza da cualificación e desigualdde na concorrencia de méritos) e as distorsións que conleva na avaliación de alumnos e alumnas.

2. Disuadir a todo o alumnado de intentar a copia de calquera tipo de traballo ou exercicio académico e por calquera método que se intentase levar a cabo.

3. Se a pesar de todo se producise a copia, a corrección ou o reproche académico ha de ser exemplar e non limitarse a anular a proba ou exame copiado. O reproche por copiar ha de ser proporcional ás transgresións e ás distorsións producidas polo acto de copiar, xa mencionadas máis arriba.

4. En definitiva, trátase de corrixir unha conduta, de reconducir no futuro unha actitude reprochable, e non só de invalidar unha proba nula *ab origine*.

**Consecuencias académicas da copia**

1. Anulación do tipo de exercicio que sexa (traballo, comentario, exame, etc.) e cualificación do mesmo con cero puntos.

2. En caso de ser un exame avaliable, o alumno/a sorprendido copiando perde todos os dereitos a recuperar esa parte nesa avaliación. Daquela, na avaliación na que copiou non poderá aparecer como aprobado.

3. Se a copia se produce nun exame da 3ª avaliación, o alumno/a deberá repetilo no exame final. Tamén fará nese exame final as outras probas avaliables para esa 3ª avaliación, incluso repetir aquelas que xa estiveren feitas e avaliadas con aprobado, pois esta cualificación queda anulada.

4. Se a copia se produce no exame final de maio / xuño, o alumno suspenderá nesa avaliación ordinaria coa cualificación mínima posible (un punto ou cero puntos) e deberá examinarse na convocatoria extraordinaria de xuño (para 2º de bacharelato) ou na de setembro. Se a copia é no exame extraordinario de xuño / setembro, entón suspenderá automaticamente a materia nese curso coa cualificación mínima.

5. Sobre calquera alumno/a que fose sorprendido copiando, o profesor poderá decidir para as futuras probas (durante o que resta de curso) que estas non sexan escritas, e sometelo a exames orais. De ser así, terán lugar o mesmo día que as probas escritas, no departamento de Lingua Galega e Literatura e coa presenza doutro profesor membro dese departamento.

6. No caso de que un alumno/a non fose sorprendido no acto da copia pero da lectura e corrección do exame ou proba escrita se levantasen sospeitas fundadas de ter copiado, o profesor pode requirir a repetición desa proba, por oral ou por escrito e canto antes; en caso de ser por oral, no lugar e forma expresadas no punto anterior.

**Consecuencias disciplinarias da copia**

1. Como acto contrario que é ás normas de convivencia no centro, a copia de exames e probas debe ser corrixida con algunha das medidas correctoras previstas nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia do instituto. Para o caso dun alumno/a ser sorprendido copiando por segunda vez (na mesma ou en distinta materia que a vez anterior), considérase que reitera condutas contrarias ás normas do centro e, daquela, ten a consideración de conduta grave e debe afrontar as medidas correctoras previstas para esa situación.

2. Comunicarase o coñecemento da copia (e as probas que dela se teñan) ás persoas responsables da educación do alumno/a que fose sorprendido copiando, sexa este maior ou menor de idade. E tamén se informará das consecuencias académicas e disciplinarias que tal acción ten.

**Procedemento ante una acto de copia**

En caso de darse o feito de copia en traballos, exames ou probas de avaliación, no momento en que sexa posible o profesor levantará unha acta na que conste: materia, curso e grupo no que sucede, día e hora, identificación do alumno/a(s) que copia(n), tipo de proba copiada, feitos observados, material manexado sen autorización (libros, apuntamentos, dispositivos electrónicos, etc.), actitude protagonizada polo alumno/a e, finalmente, partes do exame realizadas ata ese momento. Con esta acta o profesor adxuntará as probas que considere oportunas: materiais ou de simple observación de condutas. Desa acta entregaranse

copias ao profesor titor/a do grupo, á xefa de estudos e ao xefe do departamento. Os pais/nais/titores do/a alumno/a que copie serán informados dos feitos polo profesor titor/a do grupo.

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES. 2021-2022

Para a previsión e realización das actividades tómanse en consideración as normas xerais que prescribe a Vicedirección ao principio de curso.

As actividades propostas deben interferir o menos posible no horario lectivo e adaptarse ás dispoñibilidades económicas das familias.

A seguinte listaxe non está pechada pois sempre poden xurdir a medida que avanza o curso oportunidades para novas ACE.

Este curso as ACEs estarán sometidas ás normas sanitarias vixentes en cada momento: desprazamentos, composición dos grupos, etc.

### En Santiago de Compostela

- Visitas guiadas a algún dos Museos da cidade (do Pobo Galego, das Peregrinacións...), á catedral, á Fundación Granell (animación á lectura) ou ao Parlamento de Galicia. Alumnado de 1º de ESO co profesor Manuel Amor.
- Descubrindo Compostela. Roteiro pola cidade medieval guiado por un profesor da USC. 1º de bacharelato. Profesor Xaime Varela e outro profesor do departamento.
- Visita a exposicións ocasionais de interese educativo que puidesen programarse no CGAC, no Auditorio de Galicia ou no Pazo de Fonseca.
- Asistencia a funcións de teatro programadas na cidade e especialmente dirixidas ao alumnado da ESO e de BACH. Segundo programación e calendario que se ofreza.
- Asistencia a proxeccións de cine de interese educativo que se poidan programar na cidade de Santiago ao longo do curso. En función da oferta, con dous profesores do departamento.
- Intecambio de cartas en galego con outro centro de secundaria. 1º e 2º da ESO. Profesora Cristina López.
- Animación á lectura: asistencia no centro a charlas de vídeo autogravado de autores/as de lecturas. Prof. Xaime Varela.
- Conferencias a cargo de especialistas en Lingua, en Literatura ou xornalistas. Só para un grupo de alumnado.

### Fóra da cidade

- Viaxe de práctica de portugués polo norte de Portugal ou Lisboa. Unha noite ou dúas en Portugal. Alumnado de dous grupos completos. Profesores: Cristina López e Manuel Amor.
- Excursión ao Mosteiro de Oseira e visita á cidade de Ourense: Roteiro Blanco Amor. A pegada de Otero Pedrayo. 4º da ESO. Profesores Paulino Vázquez e Xosé Ramón Fernández.
- A illa de Ons (autobús + barco). Profesor Xosé Ramón Fernández e alumnado de 3º de ESO que ten como lectura obrigatoria o libro *Ons*, de Carlos Meixide.
- Roteiro Manuel Curros Enríquez en Celanova. Alumnado e profesorado de 1º de bacharelato. 3º trimestre. Profesores: Xosé Ramón Fernández e Xaime Varela.
- Saída de contacto coa natureza e convivencia, sen contacto con outros grupos de persoas. 1º e 2º da ESO. Prof. Manuel Amor e outro do departamento.

- *Áparte, toda a programación de actividades deseñada polo **Equipo de Dinamización Lingüística**, cuxo coordinador é o profesor do departamento, Xaime Varela Sieiro: Día do Libro, Letras Galegas, Correlingua, etc.*

## MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PRESENTES PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

Para avaliar o desenvolvemento da presente Programación Didáctica farase unha posta en común como mínimo unha vez ao trimestre, en reunión ordinaria do Departamento e tantas reunión extraordinarias como sexan necesarias. En cada unha desas xuntanzas levantarase Acta do grao de desenvolvemento da Programación, indicando difilcultades e incidencias. Dese xeito quedará constancia do labor persoal de cada profesor ou profesora, como expresión dun traballo en equipo e con obxectivos comúns.

Ao rematar o curso, farase tamén unha Memoria do labor realizado, con cómputo estatístico de resultados, impresións e propostas de mellora. De ser insatisfactorio algún aspecto da presente Programación, debaterase sobre as causas. Se estas son evitables, procederase en consecuencia na práctica docente do curso seguinte. Se as causas non son evitables, modificarase a Programación naqueles aspectos susceptibles de flexibilidade na docencia (desdobres, reforzos, adaptacións, etc.), sen que isto signifique vulnerar ningún dos preceptos que marcan as directrices pedagóxicas da LOMCE e da Consellería de Educación.

Durante o mes de xuño terán lugar tantas reunións do Departamento como sexan necesarias para ir afinando todos estes puntos. Dos acordos levantarase a acta correspondente.

-o-

Na presente programación didáctica inclúese a materia de Lingua portuguesa de 1º e 2º de ESO e de 1º e 2º de bacharelato (como materias optativas de 2ª lingua estranxeira).

# ADAPTACIÓNS desta programación para o caso de alteracións na docencia presencial por causa da Covid-19

-----------------------------------------------------------------------------------------------------------

**ÍNDICE desta adaptación**


1. Instalacións do centro
2. Obxectivos na ESO
3. Obxectivos en bacharelato
4. Temporalización na ESO
5. Temporalización en bacharelato
6. Criterios de avaliación, cualificación e promoción na ESO
7. Criterios de avaliación, cualificación e promoción en bacharelato
8. Procedementos e instrumentos de avaliación
9. Materiais e recursos didácticos
10. Alumnado pendente de cursos anteriores
11. Medidas de atención á diversidade
12. Lingua portuguesa (2ª lingua estranxeira)
13. Copia nas probas e exames telemáticos


## 1. INSTALACIÓNS DO CENTRO (pp. 10-11)

A distribución habitual de aulas e a existencia de aulas específicas vese alterada no presente curso para poder habilitar novos espazos que permitan os desdobres de aulas necesarios para manter as distancias de suguridade sanitaria que esixe a lei. Deste modo, están reconvertidas en aulas docentes normais as de Vídeo, Biblioteca e Espazo Maker.

## 2. OBXECTIVOS NA ESO (pp. 19-21)

En caso de alteración notable durante o presente curso da docencia presencial, ben sexa por illamentos de profesorado, grupos de alumnado ou confinamentos temporais, os obxectivos na ESO serán reorientados intentando centrarse nos que se consideren fundamentais para cada curso que se trate e deixando en suspenso aqueles que poden lograrse nos

seguintes cursos. Desde logo, considérase imprescindible insistir nestes, no citado contexto:

- a) Os relativos á observancia de normas de réxime interior (especialmente as sanitarias), ao respecto entre persoas de calquera idade, sexo ou condición e á solidariedade.
- b) Profundizar nas destrezas e na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico e na preparación sucesiva no campo das tecnoloxías da información e a comunicación.
- c) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades, mesmo desde a teledocencia.

## 3. OBXECTIVOS EN BACHARELATO (pp. 73-74)

Nas circunstancias anteriormente comentadas, os obxectivos onde hai que centrarse co alumnado de bacharelato son fundamentalmente os relativos a:

- a) Exercer a cidadanía democrática e unha conciencia cívica responsable, especialmente en todo o relativo ao respecto das normas de réxime interior e de índole sanitaria.

- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

- d) Afianzar autonomamente os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

- e) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación e ampliar o coñecemento e uso das súas potencialidades.

- f) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico, mesmo en circunstancias de teletraballo académico.

## 4. TEMPORALIZACIÓN NA ESO (pp. 65-67)

En caso de docencia presencial sen grandes alteracións a temporalización prevista non se verá moi afectada. Para o caso de alteración da docencia presencial, os membros do departamento, sempre en contacto

telemático se for preciso, irán adaptando os tempos aos contidos que se poidan ir impartindo.

## 5. TEMPORALIZACIÓN EN BACHARELATO (pp. 96-98)

Como no caso anterior, en caso de docencia presencial sen grandes alteracións a temporalización prevista non se verá moi afectada. En 2º de bacharelato, a temporalización contempla un repaso exhaustivo dos contidos básicos non impartidos no curso anterior, especialmente aqueles que son esixibles nas probas de ABAU.

Para o caso de alteración da docencia presencial, os membros do departamento, sempre en contacto telemático se for preciso, irán adaptando os tempos aos contidos que se poidan ir impartindo. Como xa se indicou, en 2º de bacharelato é primordial dedicar o tempo necesario para preparar os contidos esixibles nas probas de ABAU.

## 6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN NA ESO (pp. 70-71)

Para o caso de que se intrerrompa de maneira seguida a docencia presencial, o peso dalgúns dos criterios de cualificación terá necesariamente que modificarse na(s) avaliación(s) afectada(s), incluída a avaliación final ordinaria, se se dese o caso.

Poden darse dous supostos:

- A) Que tras un período sen docencia presencial poida realizarse, mesmo en quendas reducidas de alumnado, un **exame presencial de avaliación** trimestral e/ou final.

- B) Que non se poida facer ese exame presencial por existir unha **prohibición expresa das autoridades** en relación á presenza física do alumnado no instituto.

No caso A), aplicarase o 20% da avaliación do proceso de aprendizaxe (que non se puido verificar nas aulas pechadas) a valorar os traballos, tarefas e probas de contidos realizados de maneira telemática durante a non presencialidade, sempre que esta durase a metade ou máis do trimestre (vén sendo o equivalente ao proceso de aprendizaxe na aula). Mantense o 10% para valorar a comprensión-expresión da lectura obrigatoria. Daquela, o resultado da proba presencial pesará un 70% na cualificación da avaliación.

No caso B), quitando o 10% da comprensión-expresión da lectura obrigatoria, o 90% restante debe avaliar todo tipo de traballos, tarefas e exames encomendados por vía telemática. Estes traballos, realizados desde os domicilios do alumnado, han de ser avaliados tendo en conta as circunstancias nos que se realizan: con material didáctico ao seu dispor, axudas doutras persoas, etc. Por iso cobran moita importancia avaliadora estas dúas cuestións:

- 1. A entrega de todo tipo de teletraballos **no prazo asignado**. O traballo, tarefa ou exame enviado fóra de prazo será cualificado con cero puntos salvo que este retraso sexa xustificado de forma inmediata, clara e documentada.

- 2. Respecto ás lecturas trimestrais obrigatorias: a pesar da remodelación física do instituto, seguirá habendo préstamo de libros. Se un peche longo impedise ao alumnado acudir fisicamente á biblioteca do instituo ou a outras bibliotecas públicas a facerse con eses libros, tal e como sucedeu no 3º trimestre do curso pasado, o alumnado afectado deberá dicirllo ao profesor/a e este lle indicará **lecturas alternativas** que lle servirán para ser igualmenete avaliado na lectura (10% da cualificación).

## 7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN EN BACHARELATO (pp. 100-102)

De maneira semellante ao que se indicou para a ESO, e tendo en conta que as porcentaxes dos elementos avaliados son distintas, os criterios de avaliación e cualificación trimestrais e/ou final modificaranse, en caso de imposibilidade de docencia presencial, deste xeito:

- A) Con posibilidade de exame trimestral presencial. Os traballos, tarefas e probas de contidos realizados de maneira non presencial durante o peche das aulas, incluíndo a lectura obrigatoria, pesarán un 30%, sempre que a non presencialidade durase a metade ou máis do trimestre. O resultado do exame presencial pesará un 70% na cualificación trimestral. Neste exame o alumnado dará conta dos contidos impartidos na clase e/ou telematicamente e eses son os coñecementos que debe demostrar.

B) Sen posibilidade de exame presencial. Os traballos, realizados desde os domicilios do alumnado pesarán un 90% na cualificación; han de ser avaliados tendo en conta as circunstancias nos que se realizan: con material didáctico ao seu dispor, axudas doutras persoas, etc. Por tanto:

- A entrega de todo tipo de teletraballos debe respectar **o prazo asignado**. O traballo, tarefa ou exame enviado fóra de prazo será penalizado co 33% da cualificación que merece a persoa que o envíe así. Despois dun aviso e dun 2º prazo que se lle ofrecerá, se este é de novo rebasado, o traballo, tarefa ou exame será considerado non presentado e a súa cualificación sera de cero puntos.

- Respecto ás lecturas trimestrais obrigatorias: a pesar da remodelación física do instituto, seguirá habendo préstamo de libros. Se un peche longo impedise ao alumnado acudir fisicamente á biblioteca do instituo ou a outras bibliotecas públicas a facerse con eses libros, tal e como sucedeu no 3º trimestre do curso pasado, o alumnado afectado deberá dicirllo ao profesor/a e este lle indicará **lecturas alternativas** que lle servirán para ser igualmenete avaliado na lectura (10% da cualificación).

## 8. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (pp. 104-105)

Cobra especial importancia neste curso a **avaliación inicial**, que permitirá comprobar, caso por caso, o nivel competencial de cada alumno despois de experimentar a suspensión das clases presenciais e a docencia, o traballo e a avaliación a distancia durante todo o 3º trimestre do curso pasado. Esta avaliación inicial farase na segunda semana de curso e servirá para detectar, alumno por alumno:

a) O nivel competencial acadado individualmente.

b) Aquelas aprendizaxes consideradas imprescindibles do curso anterior non adquiridas polas especiais circunstancias do 3º trimestre.

c) Carencias e necesidades de incorporación á docencia durante o presente curso.

A partir dos resultados e conclusións que se obteñan da avaliación inicial faranse as adaptacións necesarias na docencia durante o curso, tamén de maneira individual.

Avanzado o curso a avaliación medial ou procesual cobra especial relevancia este curso para facer o seguimento da recuperación de contidos do curso anterior e da posta ao día do alumno. Ha de ser especialmente permanente (facendo un control tras cada actividade co alumnado) e sumativa (traballando a partir dos logros sucesivos).

A avaliación final, de acordo cos criterios expresados na presente programación, deberá integrar o que non se puido avaliar presencialmente o curso pasado mais a docencia do curso presente, nas circunstancias pedagóxico-sanitarias en que teña que impartirse.

**<u>Instrumentos de avaliación</u>**

De alterarse as circunstancias de docencia presencial, cobran especial relevancia os instrumentos de avaliación aplicables telematicamente e que estean ao alcance dun alumnado confinado nos domicilios e sen presenza directa do profesorado: exercicios, resumos, comentarios e todo tipo de tarefas solicitadas polo profesorado para logo seren avaliadas. Perden vixencia (ou parte dela) instrumentos como o intercambio oral de impresións, traballos realizados en grupo ou exposicións orais en público.

## 9. MATERIAIS E RECURSOS DIDACTICOS (p. 107)

De entre todos os repertoriados, é obvio que en caso de docencia non presencial son imprescindibles todos os que se acaden através da rede. Ademais dos que o alumnado sabe consultar habitualmente, o profesorado indicará portais de búsqueda e páxinas web onde o alumndo poida completar

o seu coñecemento, solucionar dúbidas e mesmo realizar exercicios prácticos de Lingua, con solucionario e autoavaliación.

A aula virtual convértese nun recurso imprescindible, sen descartar como coadxuvantes o correo electrónico e mesmo a comunicación telefónica, se fose precisa para consultas urxentes, como xa se fixo no 3º trimestre do curso pasado. A mediación dos titores pode ser útil para a comunicación nalgúns casos concretos.

## 10. ALUMNADO PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES (pp. 110-111)

Como xa se indicou, en caso de que non sexa posible efectuar os exames previstos para pendentes (dous mais o final) por parte do xefe de departamento (meses de xaneiro e abril) cada alumno/a pendente será orientado e avaliado polo profesor/a que lle imparta no presente curso. O xefe de departamento será informado da marcha académica deste alumnado..

## 11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (pp. 111)

Sobre as variables que conforman a habitual diversidade do alumnado no instituto, este curso entra unha nova variable que reclama a atención, máis ben personalizada, do profesorado: a atención ao alumnado en función dos coñecementos esperables no curso no que está matriculado pero que non puido adquirir completamente pola singularidade da docencia e avaliación do 3º trimestre do curso anterior. A atención docente irá encamiñada a detectar esas carencias, deseñar a maneira de superalas e lograr a posta ao día deste alumnado.

## 12. LINGUA PORTUGUESA (2ª LINGUA ESTRANXEIRA) (125-164)

- **Contidos**. Dentro dos contidos do presente curso incluiranse aqueles contidos do curso anterior que se consideran básicos para afrontalo. Non se insistirá excesivamente en recuperar aqueles contidos que a programación deste lingua estranxeira xa prevé que, dalgún xeito, están incluídos no presente curso porque constitúen simplemente un avance sobre o xa aprendido

**- Criterios de avaliación, cualificación e promoción.** Para o caso de non poder haber proba oral / escrita presencial, o 100% da cualificación derivará das tarefas a distancia encomendadas polo profesor.

**- Procedementos de avaliación.** Co anteriormente explicado, nesta materia de Lingua portuguesa (lingua estranxeira) cobra especial importancia

neste curso a **avaliación inicial**, que permitirá facer unha diagnose, caso por caso, o nivel competencial de cada. Esta avaliación inicial farase na segunda semana de curso e servirá para detectar, alumno por alumno:

a) O nivel competencial acadado individualmente.

b) Aquelas aprendizaxes consideradas imprescindibles do curso anterior.

c) Carencias e necesidades de incorporación á docencia durante o presente curso.

Ao mesmo tempo esta avaliación inicial permitirá detectar as necesidades de adpatación do grupo no seu conxunto E a partir dos resultades e conclusións que se obteñan da avaliación inicial faranse as adaptacións necesarias na docencia durante o curso, tamén de maneira individual.

A avaliación final, de acordo cos criterios expresados na presente programación, deberá integrar o que non se puido avaliar presencialmente o curso pasado mais a docencia do curso presente, nas circunstancias pedagóxico-sanitarias en que teña que impartirse.

**- Instrumentos de avaliación.** De alterarse as circunstancias de docencia presencial, cobran especial relevancia os instrumentos aplicables telematicamente e que estean ao alcance dun alumnado confinado nos domicilios e sen presenza directa do profesorado. Perden vixencia (ou parte dela) instrumentos como o intercambio oral de impresións, traballos realizados en grupo ou exposicións orais en público.

- **Profesorado**. Foi expreso desexo dos membros do departamento que a profesora Cristina López Graça, especialista en Lingua Portuguesa, se encargase da docencia en todos os cursos e grupos de Lingua Portuguesa.

## 13. COPIA NAS PROBAS E EXAMES TELEMÁTICOS (pp. 168 ss.)

Para o caso de que haxa que avaliar telematicamente algún tipo de probas (lecturas, traballos, contidos, etc.) aplicaranse o mesmo tipo de medidas expresadas anteriormente para a copia nas probas presenciais e traballos escritos realizados na casa. Isto inclúe, obviamente, aplicalas a calquera axuda parcial ou total realizada a distancia por outra persoa distinta do alumno ou alumna examinado/a.

--o--

*Asina esta PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA en Santiago de Compostela, a 1 de outubro de 2021, o xefe do Departamento de Lingua Galega e Literatura.*

Asdo.- Carlos Álvarez Lebredo